

OS DISCURSOS PARLAMENTARIOS DE
MANUEL FRAGA IRIBARNE

TERCEIRA LEGISLATURA
1990-1993



COLECCIÓN PARLAMENTO DE GALICIA



Manuel Fraga Iribarne (Vilalba, 1922–Madrid, 2012). Catedrático e doutor en Dereito e Ciencias Políticas e Económicas. Letrado das Cortes e diplomático de carreira. Figura clave na historia de España pola súa longa e intensa traxectoria política. Ministro de Información e Turismo (1962-69) e embaixador en Londres (1973-75). Á morte de Franco formou parte do primeiro goberno da Monarquía como vicepresidente segundo e ministro da Gobernación. Foi un dos pais e redactores da Constitución Española de 1978. Fundador de Alianza Popular en 1977, logo refundada en 1989 como Partido Popular. Deputado en Cortes entre 1977 e 1987, xefe da oposición aos primeiros gobernos socialistas de Felipe González. Tamén estivo no Parlamento Europeo (1987-1989) antes de volver a Galicia. Presidente da Xunta en catro lexislaturas consecutivas con maiorías absolutas (1990-2005). E terminou a súa carreira política como senador autonómico desde 2006.

OS DISCURSOS PARLAMENTARIOS DE
MANUEL FRAGA IRIBARNE
TERCEIRA LEGISLATURA
1990-1993



COLECCIÓN PARLAMENTO DE GALICIA

*Todos os textos de Manuel Fraga Iribarne foron recollidos
do Diario de Sesións do Parlamento de Galicia, tal e como
foron transcritos orixinariamente*

EDITA:

Parlamento de Galicia. Colección «Discursos parlamentarios» © 2015

FOTOGRAFÍAS:

Arquivo do Parlamento de Galicia

ISBN: 978-84-7836-106-9

Índice

7 A MODO DE PRESENTACIÓN

11 PRESENTACIÓN DO PERSONAXE

13 Un tempo de ilusión para Galicia.

Bieito Rubido

19 TERCEIRA LEXISLATURA 1990-1993

21 Proposta de candidato a Presidente da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de Autonomía.

29 de xaneiro de 1990

63 Discurso de toma de posesión como presidente da Xunta de Galicia no pazo do Hórreo.

5 de febreiro de 1990

69 Acto de conmemoración no Parlamento do 10º Aniversario do Referendo do Estatuto de Galicia.

21 de decembro de 1990

79 Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñe-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa articulación e desenvolvemento futuro.

19 de febreiro de 1991

113 Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñe-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa articulación e desenvolvemento futuro.

10 de marzo de 1992

145 Debate de política xeral coa comparecencia do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñe-lo proceso evolutivo da Autonomía, a actual situación da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa articulación e desenvolvemento futuro.

24 de febreiro de 1993

A MODO DE PRESENTACIÓN

«Discursos Parlamentarios» é unha colección que nace coa intención de compilar, dunha forma ordenada, rigorosa e ben estruturada, as principais intervencións dos presidentes da Xunta ante o Parlamento de Galicia ao longo da nosa historia máis recente.

Os programas de goberno e as tomas de posesión, as análises do estado da autonomía e as comparecencias informativas cruciais dos distintos presidentes ante os xenuínos representantes do pobo galego son textos moi relevantes, de fonda significación, cuxa edición sinxela resulta plenamente xustificada polo seu grande interese político, documental e sociolóxico.

Todas e cada unha destas intervencións en momentos especiais da vida galega constitúen pezas mestras da súa pegada de goberno, que o pouso do tempo convida a ler con máis pausa e detemento para a súa mellor comprensión e valoración, na súa xusta medida. Os textos aquí incluídos preséntanse perfectamente enmarcados, tanto nos seus datos coma nos seus enunciados, e tamén se corresponden cos léxicos orixinais.

Estes «Discursos Parlamentarios» non están destinados a historiadores e eruditos, aínda que tamén, senón que son uns libros de fácil lectura para todos aqueles que sintan curiosidade ou teñan interese polo noso pasado máis recente. Unha época política que observarán a través dos que tiveron en cada momento a enorme responsabilidade de estar á fronte do Goberno galego.

Manuel Fraga Iribarne marcou, sen dúbida, un antes e un despois na política galega coas súas catro maiorías absolutas ao longo de dezeseis anos, desde 1990 ata 2005. A intensidade do seu traballo, que reflectiu nos seus balances parlamentarios de forma sistemática, aconsellounos dedicarlle un libro da colección por cada lexislatura.

A terceira lexislatura marcou a irrupción da muller na Cámara galega, que xa non tivo marcha atrás. A produción normativa foi moi importante, con 44 leis aprobadas. Puxéronse en marcha institucións tan importantes como o Valedor do Pobo, e tamén comezou a súa andaina o Consello de Contas.

Fraga situou Galicia no grupo de cabeza das comunidades autónomas co seu empuxe imparable e a súa dedicación total, que exixiron un gran esforzo colectivo e que tiveron o seu recoñecemento nas eleccións seguintes.

Dentro da abundante e meritoria bibliografía que impulsou o Parlamento de Galicia ao longo da súa historia, faltaba unha colección coma esta, que agora incorporamos aos nosos fondos para poñer en valor uns textos cruciais.

Tamén en homenaxe e recoñecemento aos presidentes galegos, Xerardo Fernández Albor, Fernando González Laxe, Manuel Fraga Iribarne, Emilio Pérez Touriño e Alberto Núñez Feijóo, naceu esta colección de «Discursos Parlamentarios», cuxa presentación me satisfai e me enche de orgullo moi especialmente.

Pilar Rojo Noguera

Presidenta do Parlamento de Galicia

PRESENTACIÓN DO PERSONAXE

UN TEMPO DE ILUSIÓN PARA GALICIA

Bieito Rubido

Manuel Fraga Iribarne, construtor do centro-dereita español, foi o protagonista da xestión da Xunta de Galicia durante dezaseis anos. A súa primeira lexislatura estendeuse entre o 90 e o 93 e comezou, como sempre ocorría con Fraga cun «todos contra Fraga». Desde un principio a campaña, que discorreu nun chuvioso decembro do 89, centrábase no afán de Manuel Fraga de conseguir unha maioría suficiente que lle permitise gobernar Galicia. E alcanzouna. Non só a suficiente, senón a maioría absoluta. A partir de aquí iníciase un tempo no que Galicia, a través da irresistible personalidade do líder conservador, representa un protagonismo no escenario político español descoñecido até entón. Galicia representa o 7 % da poboación española pero con Fraga o protagonismo galaico é considerablemente maior. O gran patrón da dereita opina desde Compostela sobre todas as grandes cuestións de España, a pesar daquel «**ni tutelas ni tu tías**» coa que entregou a dirección do partido a José María Aznar. Un presidente da Xunta chamado Manuel Fraga non podía quedar recoleto



Fraga mostrou-se exultante e sacou músculo diante dunha nube de reporteiros gráficos á chegada ao pazo do Hórreo para a súa toma de posesión.



no límite xeográfico das catro provincias galegas. Da súa creatividade política naceu a idea da administración única, o embrión dun gran pacto autonómico, e mesmo, xa polo 90, alertou do perigo que supuña non abordar de cando en vez unha reforma da Constitución.

Seguramente ese foi un dos seus principais legados daqueles anos, e que continuaría en lexislaturas seguintes. Ao que fora un dos creadores da España democrática, como pai da Constitución durante a Transición, débémolle recoñecer tamén os seus esforzos por consolidar a España autonómica, pedindo e exercendo un autogoberno en Galicia ata aquel momento descoñecido.

Foi tamén a lexislatura na que se iniciou a reivindicación das autovías galegas, os plans estrela contra os incendios, a polémica compra da sede da Xunta de Galicia en Madrid e, sobre todo, o tempo dunha irrefreable axenda viaxeira, que comezou cun maratoniano programa de visitas a todos os ministros do Goberno central e que tivo como momento estelar a viaxe a Cuba para entrevistarse con Fidel Castro en setembro de 1991. O presidente da Xunta lograba así darlle un protagonismo a Galicia infrecuente en calquera outra autonomía.

Moito se ten escrito sobre a viaxe cubana de Manuel Fraga. Chegouse a dicir que Fidel Castro podería ter un asilo político en Galicia. Nos Estados Unidos seguiu-se con expectación a visita do presidente galego á Habana. E chegou a outorgárgaselle o carácter de «misterioso» a aquel periplo habaneiro. O certo é que Manuel Fraga cumpriu, como sempre adoitaba facer el, co mandato que o Goberno central, a través de Fernández-Ordóñez, lle fixo ao presidente galego para tentar tender pontes cun país co que os vínculos emocionais son especialmente fortes e singulares desde a beira atlántica de Galicia.

A viaxe tería devolución en xullo do 92. Contra vento e marea, o presidente da Xunta convidou a Castro –ao ditador Castro– a visitar Galicia. A iniciativa levantou ondas de polémicas e o propio José María Aznar, entón á fronte do PP nacional, gardou un discreto silencio ante o que algúns tachaban de incoherencia de Fraga. Estreouse así un tempo de relacións estreitas entre Galicia e Cuba, coa esperanza sempre de que esa ponte servise para redimir dalgunha maneira os cubanos que sufrían a ditadura comunista do Castro. Non foi así. Pero visto desde a perspectiva do tempo pasado, a valentía de Manuel Fraga non merecía nin o rexeitamento dos seus correligionarios nin a ingratitud dos Castro.

Como ocorre tantas veces, a primeira lexislatura de Fraga tivo as súas luces e as súas sombras, pero supuxo desde un principio un impulso á actividade da Xunta de Galicia descoñecido até entón. Tentou mesmo presidir a Asemblea

de Rexións de Europa (ARE), pero un Jordi Pujol máis novo e supostamente máis comprometido coa idea de España, logrou 104 dos 145 votos emitidos na reunión que o ARE celebrou en xullo do 92 en Santiago de Compostela.

Foi tamén o tempo da aposta polas infraestruturas propias, o impulso do Xacobeo, a presenza destacada na Expo'92 e, en definitiva, un tempo de ilusión para unha Galicia que comezaba a darse conta de que baixo a Presidencia de Fraga a autonomía galega ía vivir a maior transformación social e económica do século XX. A proba evidente foi o respaldo maioritario que recibiu nas seguintes eleccións autonómicas.

En decembro do 92 erixiuse a xestión dunha marea negra provocada polo naufraxio fronte á Torre de Hércules do petroleiro grego Mar Exeo. Fraga presentouse a primeirísima hora do día acompañado por Romy Beccaría, conselleiro de Sanidade, e López Veiga, conselleiro de Pesca, fronte á zona do sinistro. Era a mañá do 3 de decembro de 1992. Con todas as dificultades que o suceso supuxo, a Xunta soubo estar á altura das circunstancias, o que evidencia que outras negligencias posteriores deberon deberse máis á falta de información que ao compromiso e determinación co que Manuel Fraga adoitaba actuar fronte aos contratempos e aos momentos hostís.

Foi unha lexislatura que comezou coa gran gaiteirada de case tres mil gaiteiros polas rúas compostelás e concluíu coa expectación que un ano xacobeo lle dera á industria do turismo e da cultura de Galicia. Entre o principio e o final daqueles catro anos, múltiples episodios que amosan a xenuína personalidade dun vilalbés entusiasmado con facer de Galicia unha nacionalidade histórica con peso no conxunto de España, sen que iso supuxera deixar de ser nunca un home de Estado.

1990-1993
**TERCEIRA
LEXISLATURA**

PROPOSTA DE CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA, PRESENTACIÓN DO SEU PROGRAMA DE GOBERNO E ELECCIÓN, DE CONFORMIDADE CO DISPOSTO NO ARTIGO 15.3 DO ESTATUTO DE AUTONOMÍA

29 de xaneiro de 1990

Señor Presidente, señoras e señores Deputados.

De conformidade co disposto no artigo 15, párrafo 2, do Estatuto de Galicia, en concordancia cos artigos 135 e seguintes do noso regulamento, comparezo perante as súas señorías para expoñer-lo programa político do Goberno que pretendo formar e para solicitar, polo tanto, a confianza desta Cámara. Non teño por que explicar, xa que é obvio, o obrigado que me sinto neste instante ante o gran pobo de Galicia, ó que nos honramos en representar.

Para desenvolver mellor a proposta que me honro en presentar, coido que debo comenzar por facer referencia á situación de Galicia ó comezo desta década dos anos 90, cos que vai concluír non só o século XX, senón tamén o segundo milenio da nosa era.

Poucas dúbidas pode haber sobre a afirmación de que vivimos anos decisivos, pois treme baixo os nosos pés o chan da historia contemporánea, acumúlanse innumerables cambios á nosa vista e ocorren acontecementos de gran transcendencia, de xeito que non lles deixan cabida os uns ós outros.

A suma de todo resulta espectacular: asistimos á transformación decisiva das visións científicas do mundo, e as novas tecnoloxías permiten falar dunha era postindustrial, dunha «terceira vaga» que substituirá o mundo da era industrial, como aquel sucedeu ó mundo agrario.

A comunidade internacional pasou a ter un número moito maior de persoaxes do que tiña noutroa, o que non impide o mantemento de fortísimas concentracións de poder económico e militar.

O crecemento vertixinoso da poboación e o acurtamento das distancias levaron á creación de novos espazos políticos e económicos a escala continental. E tamén cambiaron as relacións entre os grupos de sexo e de idade.

Todo isto configura un mundo de cambios, cheo de posibilidades e tamén de riscos para quen tome un rumbo equivocado, porque os modelos de organización económica, social e cultural son importantes.

Pódense facer bromas sobre se a cor dos gatos é irrelevante á hora de saber se cazan ratos, pero os desventurados habitantes de Romanía e doutros países puideron comprobar que hai gatos que comen o queixo e ás propias persoas. Por iso, a opción que os populares lles presentamos ó electorado galego, e que este preferiu por ampla marxe de votos, responde claramente ó modelo de sociedade avalado polos países importantes do mundo en desenvolvemento.

É un modelo baseado na liberdade, na concertación, na igualdade de oportunidades, no mérito, na iniciativa, na competencia, na solidariedade. É o modelo dunha sociedade que compaxina a continuidade co desenvolvemento, a economía libre coa responsabilidade social, nunha organización política baseada no pluralismo, no equilibrio de poderes, na moderación dos posicionamentos, na transacción máis ca na confrontación.

Agora ben, estas ideas xerais terán que inserirse en realidades xeográficas, históricas, culturais e económicas concretas. Para nós, a Galicia de 1990, a nosa terra, é á súa vez antiga e sempre anovada, patria de San Pedro de Mezonzo e de Xelmírez, de Fernando de Andrade e do conde de Gondomar, do padre Feixoo e de Murguía, de Rosalía de Castro e de Pondal, de Brañas e de Castelao, de Cunqueiro e de Cela. Esta Fisterra, verdadeira punta de Europa, é unha rexión marxinal e marxinalada pola xeografía e pola historia, unha das periferias de Europa que hoxe se unifica.

¿Como chega, repito, a nosa Galicia a este punto no que nos atopamos? ¿Cales son os seus principais problemas, en función dos cales propoñer solucións e prioridades? ¿Cal é a herdanza que recibimos neste momento?

Penso que pode haber poucas dúbidas sobre a importancia dos problemas suscitados en tódolos terreos; son moitos e serios.

A nosa poboación, que foi unha das de maior peso demográfico de España, encóntrase en claro retroceso e con tendencia ó envellecemento, por mor da emigración e dos profundos cambios na conciencia social.

O noso sistema económico, que iniciaba un moderado pero significativo rexurdimiento cara á industrialización e o desenvolvemento dos servizos, sufriu de xeito especial e discriminatorio os efectos da reconversión salvaxe dos anos 80.

O noso territorio, de inaccesible beleza, presenta hoxe serios problemas de desorde e contaminación, que requiren unha pronta acción de ordenamento do mesmo e defensa do medio ambiente.

Os nosos servizos sociais, en xeral, e en particular en temas claves como a educación e a saúde, están cheos de lagoas e deficiencias.

A negociación europea, bastante criticable e improvisada no seu conxunto, foi especialmente negativa para Galicia en temas tan críticos como son a produción láctea, a pesca ou a siderurxia. Problemas como o dunha política forestal axeitada están peor ca nunca na nosa historia, e non esqueceremos endexamais o espectáculo dantesco dos incendios monstruosos do ano que acaba de rematar.

Entrementres, os grandes plans de investimentos do Estado foron proxectados cada vez máis noutras direccións da xeografía nacional, marxinando a Galicia e aumentando o seu atraso relativo respecto doutras partes de España e de Europa.

A todo isto, tras estes dous anos que xa foron xulgados polo corpo electoral, Galicia enfróntase cunha Administración autonómica pouco ordenada e excesivamente centralizada, cunha política de persoal politizada e descontrolada, cunhas finanzas desbordadas e comprometidas; sobre todo o que temos é que demanda-los estudos independentes e con garantía para presentar perante este Parlamento e perante o conxunto da opinión galega os datos completos e exactos sobre o gasto público, o déficit presupostario, o endebedamento da Comunidade e o funcionamento dos organismos autónomos.

O noso propósito será poñer en orde todo isto e tentar que cos limitados recursos públicos se resolvan as verdadeiras necesidades do pobo galego, e non promove-la imaxe e os intereses inmediatos dos propios gobernantes. Porque, ademais, con todo isto, non son as forzas materiais de Galicia as únicas afectadas, senón tamén os seus recursos morais. A transición política, social e cultural do noso país certamente explica en parte algunhas das dúbidas e vacilacións da nosa sociedade, cada día máis cansa da inseguridade, da arrogancia do diñeiro

improvisado, da falta de respecto ós valores familiares, pero é xustamente por iso que require cada vez máis a exemplaridade dos gobernantes.

Galicia pregunta por todas estas cuestións e sobre o seu futuro, cara ó segundo milenio, e volve preguntar: «¿que din os rumorosos?», como di o libro da esperanza nestes instantes. E non podemos demora-las respostas.

Como dicía hai pouco o Presidente da Comisión Europea, Jacques Delors, «se a historia se acelera, nós debemos tamén acelerar». Se xa certos aspectos da integración europea botaban dúbidas e sombras sobre o porvir da cornixa atlántica, da fronte marítima da Europa occidental, eses problemas complícanse aínda máis co probable desprazamento dos centros de gravidade económica e política cara á Europa central. Os problemas que xa coñeciamos da pesca e da construción naval, da industrialización freada e do illamento xeral cobran nova transcendencia e preséntannos novos riscos ante o ano 1992 e seguintes, de non tomármolos medidas axeitadas. Todo isto vai levar a Galicia e ó seu Goberno a profundar e afina-los seus contactos europeos, así como a afirmar e mellora-la súa cooperación cos demais afectados e, sobre todo, co veciño irmán, Portugal, especialmente coa súa rexión norte. Pero, en definitiva, son serios e profundos os problemas que nos agardan.

Por iso quero facer, unha vez máis, un chamamento á unidade no fundamental. O noso país e o noso pobo, Galicia, unidos polo amor á cultura común, pola vontade de supera-la marxinação e o subdesenvolvemento, de crear condicións que lles permitan ós galegos viviren e traballaren na casa común, non desexa que o lexítimo dereito de todos a propoñe-lo que consideren mellor rompa a convivencia civilizada, obstrúa a solución posible dos problemas e nos impida amosar ante os demais a forza da unión dos galegos.

A Constitución e o Estatuto ofrecen unhas regras de xogo que, perfectibles como son, deben se-la base común para conseguir novos logros, pero con lealdade ó esforzo de consenso que representaron e seguen sendo.

O labor que temos por diante é inmenso. A división fratricida non a aceptarán os nosos representados, esas xentes que no campo, nas cidades, no ancho mar e na emigración agardan solucións.

A nosa actitude básica non debe ignorala ninguén. Non sómo-los persoeiros, nin os defensores de tal ou cal clase, grupo ou corporación. A política que nós imos seguir non busca este ou aqueloutro interese particular, senón que busca o interese xeral. Non lle falamos a unha ou a outra fracción do pobo, senón ó pobo de Galicia no seu conxunto.

Todos temos interese manifesto en que a máquina económica arrinque de novo, en que o necesario crecemento das nosas riquezas se produza. Sobre estes obxectivos, e sobre os medios de atendelos, estou convencido de que existe hoxe en día unha posibilidade de acordo básico, de mobilización das enerxías e de xunquimento de vontades. ¡Fagamos desaparece-las liortas! ¡Deámo-lo exemplo dun pobo que retoma e aperta os azos milenarios que o unen!

A nova política non será un simple enunciado de medidas técnicas para inscribir nos textos lexislativos ou regulamentarios, pois a esperanza de renovación vai moito máis alá.

Vivimos unha época privilexiada na que a escala de valores renace mergullando as súas raíces na mellor tradición cultural europea. Así comencian sempre os rexurdimentos.

É o momento no que o mundo lles vira as costas a ideoloxías pechadas, ós sistemas construídos para subsistiren á autonomía debilitada do individuo, da que se faría cargo a colectividade. Cómpre ir cara ós valores que abren o porvir, sen perde-lo fío conductor do humanismo occidental. Estes valores son: liberdade, creación, responsabilidade, dignidade do individuo. ¡E que non se diga que sobre estas bases se vai construír un mundo máis duro e máis desigual!

Nós temos unha visión optimista do home; xa que é na sociedade creadora de emprego na que a dignidade do individuo está mellor asegurada; é na sociedade onde cadaquén pode ter vantaxes de seu na que a xusticia entre todos pode progresar mellor, é na sociedade respectuosa dos valores e do sentido que cadaquén lle quere dar á súa vida na que a obra común brillará máis intensamente.

Esta é, señoras e señores Deputados, a idea que lles dá coherencia e vigor ás nosas diferentes iniciativas, a ambición que anima a nosa loita, o significado que lle queremos dar á renovación. Coa lexitimidade que lle deron os sufraxios, o Goberno que vós ides votar vaise poñer inmediatamente a traballar con espírito.

Sempre estiveron persoalmente unido á concertación cos corpos intermedios que representan as actividades económicas, sociais, intelectuais e culturais do país. Xa o constataron quizais as súas señorías, pois estes mesmos días abrín xa diálogo con toda clase de colectivos e representacións sociais. Este diálogo manterase en tódalas etapas de elaboración de decisións gobernamentais.

A Autonomía galega

Galicia é, e non fai falla explicalo neste Parlamento, unha comunidade humana con características ben definidas pola xeografía, pola historia, pola economía, por un xeito de ser e de vivir, pola conciencia que ten de seu. Cando o galego

fala do seu viño e lle chama «viño do país», ou fala de «madeira do país», está a defini-lo que os filósofos e xuristas ás veces non chegaron a atopar. Galicia, antigo reino, país ben definido, ten unha personalidade en tódalas ordes que a levaron naturalmente a unha autonomía que non podía ser meramente administrativa, senón que abrangue tódolos elementos dunha verdadeira organización política, económica e cultural. As autonomías son, en tódolos casos, un progreso na organización administrativa racional dos Estados modernos, pero, ademais –e así o recoñece o artigo 2 da nosa Constitución–, son o recoñecemento de personalidades históricas e sociais infunxibles, como sen dúbida ocorre nos casos do País Vasco, de Cataluña e da nosa Galicia.

Pero, á súa vez, isto non pode servir de pretexto para presentacións inso-lidarias e totalmente fóra da realidade histórica de hoxe. A Constitución foi quen de articular fórmulas flexibles para que as nacionalidades históricas confirmen a súa integración secular nun Estado nacional común, que, á súa vez, se está a integrar progresivamente nunha Comunidade Europea cada vez máis dotada de competencias. Galicia é así, na clásica terminoloxía de Jellinek, un «fragmento de Estado», con plena autonomía para os asuntos de seu e, á súa vez –é importante recordárllelo a «separatistas» e a «separadores»–, cun dereito terminante e irrenunciable á solidariedade do resto dos españois e agora, ademais, dos europeos.

Nós non presentamos, pois, unha utópica autodeterminación, senón unha irreversible e definitiva autoidentificación. Non tiramos pola borda séculos da nosa historia común, senón que queremos continuala en novos niveis de integración europea. O que si queremos é que a autonomía sexa de verdade, con tódalas consecuencias e competencias, e que vaia completada cunha política de axuda, de nivelación, de igualdade de oportunidades e de compensación cos territorios e coas entidades autónomas máis favorecidas.

Desde esta convicción profunda imos desenvolver e exercita-la nosa autonomía. Non perdamos máis tempo en poñerlle os arreos ó cabalo e cabalguemos valentemente, ó servizo do pobo galego, que desexa, con razón, menos liortas de escola e mellores solucións ós seus problemas.

Levarémo-lo desenvolvemento dos principios constitucionais e das normas estatutarias ata as súas definitivas consecuencias e, por suposto, pedirémo-la interpretación máis favorable e extensiva dos seus preceptos e a aceleración das transferencias pendentes, sen prexuício de contemplar, cando se demostre a súa necesidade para o desenvolvemento máis completo de Galicia e da súa autonomía, a ampliación do teito estatutario e aínda a aplicación das posibilidades

do artigo 150.2 da Constitución, o que pode ter interesantes consecuencias no plano da integración europea.

O noso concepto de autonomía, por outra parte, non é o da creación de miniestados e moito menos de novos centralismos. Para nós a autonomía é un principio de integración social natural e que, polo mesmo, procede de abaixo a arriba. Cremos, por isto, imprescindible administrar con seriedade e solidariedade as decisións administrativo-organizativas das comunidades autónomas para evitar un crecemento desmedido das administracións propias. Mante-lo volume dos servizos no nivel que require o correcto exercicio das competencias que se exercen é un obxectivo organizativo de primeira orde.

Aplicada esta idea primaria, o segundo é que as instancias de autogoberno se ordenen sobre fórmulas de desconcentración e descentralización interna. É inconveniente a centralización a nivel rexional, porque se perde con iso unha das directrices máis fructíferas do proceso autonómico, como é a da aproximación da Administración ó administrado. Débense utilizar para isto instancias provinciais e locais, na medida da súa capacidade probada e das esixencias que se deduzan das particularidades de cada servizo.

Por outra parte, cómpre decatarse de que non é suficiente un desenvolvemento mecánico da lexislación estatal vixente para organizar convenientemente os servizos da Administración pública de Galicia.

O modelo previsto naquela lexislación responde, evidentemente, a uns concretos principios de actuación administrativa caracterizados por unha estrutura de tipo ministerial, tradicional e centralizada, cunha Administración asentada en burocracias contrapostas e non comunicantes, xerarquizada, excesivamente densa e cunha organización dos servizos extraordinariamente complexa. Este modelo que no seu día amosou virtudes pouco discutibles, hoxe está esgotado en gran medida, e resulta insuficiente para lles dar cumprida resposta ás demandas sociais das novas tarefas públicas.

Por iso unha das tarefas fundamentais que debe asumir a Comunidade Autónoma galega ten que se-la súa posta ó día para instaurar unha Administración de novo cuño, organizada segundo criterios máis modernos de desconcentración, descentralización, delegación e participación cidadá, de publicidade e axilización dos procedementos; unha maquinaria administrativa, en definitiva, que potencie o desenvolvemento de novas funcións de alta administración, de normativización, programación e coordinación.

Un dos elementos esenciais na configuración das administracións autonómicas debe ser verdadeiramente o exercicio desconcentrado das competencias

administrativas, apoiado nunha vasta operación de concentración de competencias nos servizos provinciais da propia Xunta, de delegación de funcións nas entidades locais, concellos, comarcas e provincias, de distribución de competencias entre elas.

Hai unha regra de ouro que coñecen ben e aplican a cotío os estados organizados sobre a base de autonomías territoriais, para que o aparato público poida funcionar con eficacia. A regra é tan simple na súa formulación coma importante, e tal vez, desafortunadamente, non tan obvia nas experiencias autonómicas españolas como podería parecer. Trátase, sinxelamente, de actuar con respecto escrupuloso e estricto ós principios que serven para vertebral-lo Estado das autonomías. Rigorosa fidelidade ó mesmo sistema por parte da Administración central e as comunidades autónomas, porque só comprendendo exactamente os seus presupostos e manténdonos nos seus límites lograremos darlle á actuación pública o suficiente pulo que merece e esixe.

Os estatutos de autonomía declaran no seu preámbulo que o poder político das comunidades autónomas deriva da Constitución, e débese á vontade expresada polo pobo, concretada logo no propio texto do Estatuto.

Estes son os criterios cos que se debe medir sempre o alcance das atribucións autonómicas. É, desde logo, obrigado facelo así, xa que a norma fundamental española o impón, pero de me permitir imaxinar por un instante este capital requirimento, direi que tamén debe ser así, porque, noutro caso, as autonomías converteríanse en pezas illadas, desligadas dos mecanismos que permiten o funcionamento dunha maquinaria que, como a do Estado, é máis complexa, e desasistidas tamén do necesario impulso e, polo tanto, insuficientes para atenderen os importantes problemas que esixen a atención dos seus responsables políticos, desde o primeiro momento do seu funcionamento.

Quérese dicir con iso que os esforzos das comunidades requirirán complementos estatais, pero tamén se debe pretender facer da autonomía, ademais dunha canle para a atención dos intereses peculiares, un mecanismo de participación efectivo na formación do interese xeral.

A Constitución, e por reflexo da mesma os propios estatutos, formulan unha distribución de poderes entre o Estado e as comunidades autónomas, de xeito que ámbalas partes requiren o necesario complemento e admiten a mutua influencia, para a harmonía do sistema total e para o correcto funcionamento das comunidades autónomas; en particular, estase inevitablemente chamado á cooperación.

Este é un rasgo fundamental na configuración actual das autonomías e un principio básico no seu funcionamento. E é a esta regra esencial de orde á que,

desde un primeiro momento, se lle debe prestar fidelidade estricta. E iso porque é absolutamente obrigado para non esteriliza-lo feito e a idea autonómica da mesma. E non poderá selo, de ningún modo, se as instancias autonómicas non saben corrixir todos e cada un dos defectos que padecían as instancias administrativas e políticas que se están a substituír progresivamente.

Condición indispensable para este proceso é que a Autonomía dispoña dos medios económicos indispensables para cumprí-los seus fins; e isto pola dobre e necesaria vía das transferencias ben calculadas e tamén polo funcionamento correcto do Fondo de Compensación Interterritorial, instrumento básico de aplicación do principio de solidariedade.

Non se pode falar dunha auténtica autonomía política, no marco da Constitución, se esta non vai acompañada dunha real e efectiva autonomía financeira. Esta autonomía financeira ten que concibirse non só dentro do marco da Constitución, senón tamén dentro da Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas (LOFCA).

Os principios básicos contidos na LOFCA podemos sintetizalos en autonomía financeira, suficiencia de recursos e solidariedade rexional.

Autonomía financeira, entendida xa non como a capacidade de modificalo statu quo tributario, senón como axuste dinámico á evolución dos ingresos estatais.

Suficiencia de recursos, para o que será preciso revisa-la valoración dos servizos traspasados, avaliando especialmente a necesidade obxectiva de servizos, o que esixirá a aplicación do artigo 15 da LOFCA, tantas veces demorada.

Solidariedade rexional, como medio de reduci-las diferenzas entre as distintas comunidades autónomas, para facer posible un desenvolvemento harmónico de todas, o que implicará unha potenciación do Fondo de Desenvolvemento Rexional e do FEDER.

Temos que pensar na situación de Galicia como Comunidade Autónoma que ten que realizar un esforzo xigantesco para sumarse ás rexións europeas máis prósperas, eliminando as barreiras físicas que impiden o noso desenvolvemento e potenciando os investimentos productivos.

No deseño actual do sistema de financiamento, a alícuota adicional que financie este proceso terá que recaer necesariamente no endebedamento, xa que a evolución da participación nos ingresos do Estado é unha alícuota constante da media de ingresos estatal, e os ingresos de tributos cedidos non teñen a penas significación.

En definitiva, non se corresponde a maior xeración de riqueza, resultado dun esforzo de investimentos da Comunidade, co que se recibe vía participación nos ingresos estatais, xa que se produciría o fenómeno de que un maior endebedamento contribuiría a elevar, vía participación e ingresos, os fondos que perciben outras comunidades autónomas que non fosen tan dinámicas no desenvolvemento dos seus investimentos.

A asignación ás comunidades autónomas de tributos ligados directamente á produción é, pois, o único camiño que pode eliminar este fenómeno.

Se afondamos na suficiencia de recursos, esta Cámara é testemuña das múltiples declaracións dos nosos políticos, sinalando que o INSALUD só se pode recibir se vai acompañado dos recursos que permitan unha prestación de servicios equivalente á media nacional e se se satisfai ó mesmo tempo a débeda histórica coa nosa Comunidade Autónoma. Esta reivindicación non é máis cá tradución a un suposto concreto do principio contido no artigo 15 da LOFCA.

Tódolos grupos parlamentarios presentes nesta Cámara aprobaron por unanimidade o Plan de financiamento universitario de Galicia, que fai recaer exclusivamente sobre a nosa Comunidade Autónoma a responsabilidade de equilibra-lo nivel de ensino superior de Galicia á media española.

Estes dous exemplos, ós que lles cabería engadir outros, non son máis cá expresión da necesidade ineludible de completa-lo sistema de financiamento das comunidades autónomas, vixente de forma efectiva nestes momentos, con mecanismos previstos no artigo 15 da LOFCA, e que se financie con cargo ó sistema xeral un nivel homoxéneo de prestación dos servicios públicos fundamentais, entre os que, en todo caso, debe comprenderse a educación e a sanidade.

O afondamento no principio de solidariedade esixe unha maior dotación do Fondo de Compensación Interterritorial.

Neste sentido, e con respecto ás liñas básicas da reforma proposta nestes días pola Administración central, hai que sinala-la necesidade de que esta realice un auténtico esforzo de xenerosidade para dota-lo fondo cos activos necesarios para que se converta nun auténtico fondo que ataque os desequilibrios territoriais e faga efectivo o principio de solidariedade, tal como reclaman os artigos 2 e 158 da Constitución.

Neste sentido, o fondo ten que dotarse –como esixe a LOFCA– co 30 % do investimento público, sen que sexa procedente minora-la súa contía con factores tales como a poboación relativa das rexións beneficiarias ou outros que, en ningún caso, aparecen contemplados na LOFCA.

Creemos no Estado das autonomías e na virtualidade da Constitución e no seu instrumento financeiro rexional para lograr unha maior solidariedade e un progreso efectivo das comunidades autónomas.

Con todo, coidamos que é preciso un esforzo especial por parte da Administración central para asumir realmente os compromisos que demanda o noso ordenamento xurídico, que necesariamente deben producir unha maior asignación de recursos ás comunidades autónomas; en particular, ás menos desenvolvidas económica e socialmente, que son precisamente aquelas nas que o nivel de prestación dos servizos básicos é fundamental e menor.

Nesta mesma liña, considero necesaria a conversión definitiva do Senado nunha Cámara rexional, o que permitirá enriquece-la solidariedade e potenciar a través desta o Estado das autonomías, para facer efectivos os principios básicos contidos na nosa Constitución.

O programa concreto do Goberno que propoño realizar no cuatrienio que vén, e que detallarei a seguir, vai esixir importantes recursos adicionais, os cales terán que obterse tanto pola vía da modificación do sistema de financiamento coma pola vía de endebedamento.

Se algunha característica singular, por outra parte, lle quero imprimir ó meu goberno é a da austeridade. Austeridade no gasto corrente, para eliminar todos aqueles gastos que non estean xustificadas racionalmente; pero, ó mesmo tempo, non dubidarei en aplica-los mecanismos de endebedamento previstos na Constitución e na LOFCA para financiar todos aqueloutros investimentos que sexan necesarios para a transformación de Galicia, co fin de colocala no lugar que lle corresponde no concerto das rexións europeas.

Coa mesma enerxía reclamarei da Administración central o financiamento que lle corresponde a Galicia, e que está contemplado potencialmente na LOFCA, da que o seu desenvolvemento é a única vía para garanti-la equidade da solidariedade entre tódalas comunidades autónomas.

Transformación pendente

Atopámonos nun momento histórico, ó comenzo da última década do século XX, no que a nosa terra, Galicia, situada no extremo occidental de Europa, ten que afrontar-lo gran reto da súa modernización cultural, social e económica para situarse en pé de igualdade co resto das rexións europeas.

Desde aquí e agora reclamo unha nova fronteira para Galicia. E a mensaxe que o Presidente Kennedy lles dirixiu ós americanos, retómoa agora e propóño-lles á nosa terra e a tódolos galegos un novo horizonte, unha nova ilusión.

Podemos ser unha rexión moderna, culta e próspera, cun equilibrio económico e social e cunha auténtica solidariedade. Se queremos, lograrémolo entre todos. Co noso esforzo, a nosa tenacidade, a nosa iniciativa, a nosa austeridade, a nosa eficacia, o noso equilibrio, o noso sentido común, lograrémolo.

A nova Galicia do século XXI requirirá un esforzo colectivo e solidario. Non poderá se-lo labor duns poucos. Endexamais se gañará co impulso dunha minoría. Só será posible se os galegos adquirimos conciencia da nosa forza, se todos botamos cara a adiante e, sobre todo, se lle devolvemos ó noso pobo a ilusión. Temos que soterra-la apatía, o escepticismo, a crítica destructiva. Temos que potencia-lo noso orgullo nacional, o orgullo de ser galegos, o honor de nacer nesta terra.

Galicia pode colocarse entre as primeiras rexións europeas a través dun novo milagre que non será máis cá expresión do esforzo e a tenacidade dos galegos que asuman e gobernen o seu futuro, un futuro que non se regala e que só se obtén con vontade, tenacidade, intelixencia, decisión e espírito de sacrificio. Será un futuro no que non goberne a mediocridade, no que non impere o nepotismo, o conformismo e a automágoa; un futuro que se consiga, no que caibamos todos e no que sexamos quen de convivir, de practicala tolerancia e o respecto mutuo.

Este é o espírito da nova Galicia que queremos. O Goberno galego fará todo o que estea na súa man, todo o que sexa a súa responsabilidade directa para facer posible este obxectivo, e desde agora mesmo solicítolles a tódolos sectores sociais e económicos a súa colaboración, as súas iniciativas, as súas suxerencias. Porque o futuro de Galicia non é labor duns poucos. Só será posible se existe unha integración de tódolos sectores sociais, se todos poden expresa-la súa opinión e se na medida en que sexa posible se recolle esta opinión colectiva.

Teño que reafirmar perante esta Cámara e toda a sociedade galega a nosa vontade decidida de que todo o noso proxecto de transformación de Galicia, sintetizado no programa electoral da coalición do Partido Popular e dos Centristas de Galicia, sexa unha realidade, e que tódolos aspectos básicos deste programa se transformen en feitos efectivos nesta lexislatura, sen prexuício de que as medidas propostas poidan admitir perfeccionamentos, ben pola vía do diálogo cos sectores sociais, ben, sobre todo, desde esta Cámara.

Estudiaremos con todo respecto as iniciativas da oposición parlamentaria. A maioría que nos outorgou o pobo galego servirá para que poidamos converter

en realidade o noso programa, pero perfeccionaremos todas aquelas iniciativas e suxerencias que os demais grupos parlamentarios poidan formular.

Perante esta Cámara declaro que non practicaremos en ningún caso unha política arrogante nin intransixente, sen que iso implique debilidade. Non dubidaremos en aplica-lo noso programa con toda decisión pero, ó mesmo tempo, debemos de recoñecer que ninguén ten o monopolio da verdade. O importante é Galicia e Galicia esixe que pensemos sobre todo nela.

Quixera agora sintetiza-las principais liñas sobre as que se asentará a nosa acción de goberno nos próximos catro anos. Para este efecto, e seguindo o mesmo esquema có que se elaborou no noso programa de goberno, síntese de 15 volumes nos que, durante máis de un ano, expertos das máis diversas áreas desenvolveron as liñas básicas dos nosos obxectivos de goberno. Comenzarei pola política educativa e cultural.

Entrando na análise concreta das principais liñas de actuación do noso programa de goberno, temos que sinalar que a nosa política educativa ten como eixe a concepción da educación como elemento diferenciador entre as persoas, mediante unha formación persoal que fomenta os valores éticos e sociais e respecto ás conviccións relixiosas de cada ser humano, que sexa á súa vez estimuladora do rendemento do esforzo persoal e formadora eficaz da nosa mocidade, o capital máis valioso da nosa sociedade. Unha educación aberta a Europa, na que se garanta a igualdade de oportunidades desde o comezo do desenvolvemento do neno.

Unha educación especialmente enfocada cara á mocidade rural. Neste sentido desenvolveremos unha serie de accións dirixidas a apoia-la familia, que nestas zonas rurais pode desempeñar un importante papel desde o punto de vista educativo; reforzaremos os programas de educación compensatoria, reestruturándoos desde unha óptica de Galicia; e converterémo-la escola nun centro de formación integral da comunidade circundante.

Cómpre avanzar decididamente no camiño da gratuidade, entendéndoa progresivamente a niveis distintos do ensino obrigatorio, especialmente a comedores e transporte escolar, material didáctico de uso individual, comenzando polas áreas máis desfavorecidas; ensino preescolar, xeneralizando os concertos coas unidades de preescolar dos centros con concertos educativos; e ampliando a oferta de ensino medio, mediante a integración de centros suficientes e estendendo aqueles concertos a ese nivel de ensino.

Quixera determe especialmente no aspecto do bilingüismo. O noso obxectivo é potencia-lo ensino, o emprego da nosa lingua nos distintos niveis educativos,

xeneralizando o uso do galego, idioma de Galicia cooficial co castelán. Ó mesmo tempo, garantirémo-lo dereito de tódolos nenos a recibiren o primeiro ensino na súa lingua materna.

Na ordenación das ensinanzas, e como requisito indispensable para garantir unha eficiente aplicación de recursos, realizaremos o Mapa escolar dinámico de Galicia para determina-las prioridades de escolarización e a implantación racional dos centros.

Para unha maior adaptación das ensinanzas medias ás necesidades de Galicia e ás aptitudes da nosa mocidade, estableceremos servicios de orientación comarcalizados e potenciaremos-lo ensino de linguas estranxeiras, o intercambio de alumnos e profesores con outros países, etc. Ó mesmo tempo, para aqueles que non poidan acceder a centros ordinarios, potenciarase o INGABAD.

Un dos grandes retos de Galicia en materia educativa é a formación técnica e profesional. Como primeira medida creárase unha dirección xeral específica. Poñeremos en marcha o Patronato de Formación Técnico-Profesional, ó que convidamos a participar ás organizacións empresariais, e o Instituto de Novas Profesións.

Ó mesmo tempo, establecerémo-os mecanismos de coordinación que sexan necesarios coa Administración central para fomenta-la formación ocupacional, converténdoa nun instrumento eficaz para dota-las empresas de expertos nas distintas áreas. En definitiva, pretendemos unha formación técnico-profesional eficaz, que contribúa ó desenvolvemento de Galicia.

Toda esta reforma educativa non será posible sen a participación activa do profesorado. Xa que logo, defenderémo-la figura do profesor como profesional da educación, clave da calidade do ensino. Neste sentido, entre outras medidas, poñeremos en marcha o Plan galego de formación permanente, que incluírá a tódolos profesores non universitarios.

A Universidade constitúe un dos eixes básicos para a transformación da nosa Comunidade Autónoma, polo que será unha preocupación especial do meu Goberno establece-las bases para un desenvolvemento racional do sistema universitario de Galicia, de xeito que lles poida dar resposta ás necesidades da nosa sociedade. Os obxectivos de calidade e eficacia serán os principios da nosa actuación.

Poñeremos todo o noso empeño na articulación das novas universidades, da Coruña e de Vigo, de xeito que estas e a de Santiago –e maillos campus autónomos– poidan prestarlle á sociedade galega os servicios que a nosa terra lles demanda.

Expresamos aquí e agora o noso apoio ó Plan de financiamento do sistema universitario de Galicia, aprobado por este Parlamento, co apoio de tódolos grupos, constituíndo a expresión do que pode conseguí-lo esforzo solidario de tódalas forzas políticas representadas nesta Cámara, cando se trata de afrontar un reto fundamental para o noso futuro.

Anuncio perante esta Cámara a creación, con carácter inmediato, dunha Comisión técnica que realice os estudos previos correspondentes para poder definir con rigor as novas titulacións que Galicia necesita. É este un tema de máxima transcendencia, e débese abordar coas maiores garantías de acerto, dispoñendo de toda a información necesaria.

Se Galicia quere traspasar con pé firme o limiar do desenvolvemento, debe contar cunha investigación potente, que dinamice os nosos sectores productivos e garanta a súa competitividade.

Desde esta Cámara fágolles un ofrecemento solemne a tódolos sectores productivos para articula-los institutos de investigación aplicada que Galicia necesita. Estes institutos, nos que haberá unha representación paritaria dos sectores productivos e da Administración, deben constituírse como motores do noso desenvolvemento.

Prevemos unha organización funcional, vigorosa, exenta de burocratismo, que permita, co mínimo custo de administración, realiza-las investigacións que conxuntamente e de común acordo definan os sectores productivos e a Administración autonómica, debendo ámbalas partes cofinancia-los programas correspondentes.

A este fin, e unha vez logrados os acordos precisos que garantan a viabilidade deste proxecto, dictaranse as disposicións precisas para a concreción e posta en funcionamento destes institutos e para a adopción do Plan xeral de investigación para 1990.

Propoñemo-la potenciación dunha cultura galega sólida, vertebrada, baseada no noso pasado e aberta ás grandes correntes intelectuais. Unha cultura galega que é patrimonio de todos e que a todos nos debe agrupar nun sentimento de identidade colectiva.

Queremos unha cultura aberta ó futuro, potenciando a participación de todos nas actividades culturais e integrando tódalas administracións públicas neste esforzo solidario.

Concibímo-la cultura como un legado que chegou a nós, que temos que conservar, restaurar e mellorar, para transmitírla ás xeracións futuras. Desde logo, apoiaremos co noso máximo interese e ilusión as novas manifestacións

das artes e as letras do noso tempo, de xeito que Galicia non quede á marxe das grandes realidades creativas do espírito humano neste novo milenio que comenza.

Como medidas concretas adaptadas ás distintas áreas propoñemos:

Na área do patrimonio arqueolóxico e etnográfico, elabora-la Carta Arqueolóxica de Galicia, prestarlles especial atención ós museos arqueolóxicos, establecer rotas arqueolóxicas de especial interese turístico-cultural, potencia-los traballos de arqueoloxía submarina e de arqueoloxía en covas, crea-lo Instituto de Investigación Arqueolóxico-Etnográfico de Galicia e tamén conservar e protexe-los oficios artesanais e as diversas manifestacións do noso folclore.

Na área do patrimonio histórico-artístico, crea-lo Instituto de Restauración, impulsa-la nova creatividade arquitectónica e, en definitiva, potenciar e protexe-lo noso patrimonio, non só como unha obriga histórica, senón como medio básico para consolida-la nosa conciencia cultural e favorece-la nosa promoción cultural e artística.

Potenciarémo-lo noso patrimonio documental a través da creación do Centro de Documentación Histórico-Nacional de Galicia, no que un dos seus obxectivos básicos será a formación do inventario dos documentos históricos que integran o noso patrimonio documental.

Prestaráselles unha atención especial ós nosos museos, co fin de que cumpran coa necesaria eficacia a súa función de conservar, estudar e mostra-lo noso patrimonio cultural.

Consideramos da máxima eficacia promover convenios de colaboración con entidades privadas para organizar manifestacións culturais e exposicións nos nosos recintos museísticos, potenciando as visitas da xente nova, os clubs de museos e, en xeral, todas aquelas accións que garantan que os museos sexan unha institución viva ó servizo de todo o pobo galego.

Como clave de bóveda desta área, crearámo-lo Museo Nacional de Galicia, no que se centralizará a catalogación e o inventario de todo o patrimonio artístico.

O Camiño de Santiago constitúe un símbolo da nosa identidade, e tamén unha das principais manifestacións dun patrimonio non só galego, senón de toda a humanidade, pois é o símbolo da identidade cultural europea.

Durante o noso mandato, as principais accións que se van realizar serán: delimitar, conservar e mellora-lo Camiño; recupera-lo patrimonio histórico-artístico ó longo do Camiño; dota-lo Camiño de elementos básicos de apoio ó peregrino; dinamiza-lo Camiño, articulando todo tipo de actividades culturais, promocións do turismo, etc.

Para a coordinación de todas estas actividades crearemos-la figura do Comisionado galego do Camiño de Santiago, e desde aquí dirixímoslle ó Arcebispado o noso ofrecemento para poñer en pé no contorno da catedral, en réxime de patronato conxunto, un Museo Internacional Xacobeo, que poida recoller, no Ano Santo do 93, unha gran exposición xacobeá.

Na área do libro e das bibliotecas, potenciaremos especialmente o libro galego, coas axudas necesarias, de xeito que non só as grandes tiradas, senón tamén as pequenas, poidan ser rendibles.

Prestaráselles unha atención especial ós autores para estimular-la creación cultural, e potenciaranse as bibliotecas como centro de difusión cultural, con campañas de todo tipo.

Crearase a Biblioteca Nacional de Galicia como centro que permita o acceso, mediante medios informáticos, ós catálogos e fondos bibliográficos tanto da Comunidade Autónoma coma dos situados noutras comunidades.

Quixera destacar especialmente a creación de pequenas bibliotecas nas nosas parroquias rurais, como un instrumento básico para estende-lo libro a aqueles sectores de poboación que estiveron totalmente abandonados. Concíbiuse ata agora a dinamización cultural como unha preocupación urbana, marxinando ás áreas rurais, nas que vive a maioría da nosa poboación. É o noso propósito decidido inverter esta tendencia, colocar nun primeiro plano e articular unha oferta cultural seria e importante para as nosas áreas rurais.

A cultura moderna tamén será potenciada no noso goberno. Crearemos un Fondo Galego de Arte Contemporánea para adquirir obras de artistas do noso tempo e un centro de arte para potencia-las exposicións dos grandes artistas do pasado e dos novos creadores. Queremos consolida-lo Centro Dramático Galego e estende-la súa actividade, e impulsaremos-lo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, como motor para desenvolver unha política de formación, investigación e divulgación artística.

Crearemos unha Hemeroteca Nacional galega, e subvencionaremos-la difusión de prensa en galego e de suplementos culturais e educativos. As comunidades galegas asentadas fóra do territorio da Comunidade Autónoma serán destinatarias especiais dos beneficios destes programas.

Na área da imaxe, o meu Goberno considerará a Televisión de Galicia como un dos instrumentos culturais máis importantes, non só pola súa capacidade de penetración na sociedade galega, senón, e dun xeito especial, por constituí-lo medio máis idóneo para a difusión e a expansión do noso idioma e da nosa cultura.

Queremos potencia-lo papel da Televisión de Galicia, garantindo a súa imparcialidade e o seu servizo á comunidade. Isto non exclúe a necesidade dun profundo saneamento financeiro, que elimine de raíz o desgoberno e a dilapidación de recursos públicos e o desequilibrio financeiro.

Dentro da potenciación das artes da imaxe, crearemos-lo Arquivo das Artes Audiovisuais, e prestaráselle unha especial atención a esta área, con organización de exposicións, cursos monográficos, apoio á creación de filmotecas e videotecas, etc.

Por último, teño que facer unha referencia nesta área ó V Centenario do descubrimento de América, ó que Galicia debe prestarlle unha atención especial, tanto a través dos traballos de investigación que dean resposta á cooperación e integración cos pobos iberoamericanos como a salienta-lo papel de Galicia no desenvolvemento do novo continente. Para fixar esta aportación traerémo-lo Museo da Emigración Galicia-América e desenvolveremos un conxunto de traballos de investigación, que afonden no papel que desempeñou Galicia no desenvolvemento económico, social e cultural dos pobos de Iberoamérica.

Sanidade e servizos sociais

Un dos retos máis importantes que se nos presenta e que afrontaremos con toda decisión é o de adecua-las estruturas sanitarias de Galicia ós requirimentos dun país desenvolvido. A isto dedicáremoslle un esforzo especial, porque entendemos que a saúde é un dos alicerces básicos do benestar, ata o punto de que, como é sabido, na definición de saúde, promulgada pola OMS, se equipara ó benestar, integrando no mesmo concepto non só o benestar físico, senón tamén o mental e o social.

Non podemos esquecer que a mellora da saúde colectiva non depende tan só das accións dun departamento específico de sanidade, senón que está moi vinculada a outros factores. Desenvolvemento e saúde son dúas variables interdependentes; o desenvolvemento non é posible sen fomentar un maior grao de saúde, e esta redundará, á súa vez, nun maior desenvolvemento. Por iso, a mellor forma de promociona-la saúde é promove-lo desenvolvemento xeral.

Neste campo, o primeiro obxectivo do noso Goberno será a superación, nun prazo razoable, da secular marxinación da nosa sanidade, ata logra-la súa equiparación co resto das comunidades autónomas. Para isto é imprescindible conseguirla transferencia en condicións adecuadas dos dous organismos

que teñen a maioría dos recursos asistenciais de Galicia: o INSALUD e o Instituto Social da Mariña (na parte sanitaria), o que nos fixamos como obxectivo inmediato.

Teño que precisar, con todo, que o norte da situación sanitaria do noso Goberno será a saúde e non a enfermidade, e neste sentido potenciaranse ó máximo as accións de promoción da saúde, a medicina preventiva e a educación sanitaria, que se estenderá a toda a poboación. A asistencia sanitaria, que contará con tódolos medios necesarios, será o máis precoz posible, e a súa finalidade última será a integración do cidadán na sociedade.

Fronte á crise actual, o noso modelo sanitario vai encamiñado a restablece-la confianza dos cidadáns no sistema sanitario, devolverlles ós profesionais da sanidade a ilusión polo traballo e optimiza-lo funcionamento do sistema para que se poida obter a máxima rendibilidade dos recursos dispoñibles. Neste sentido é preciso completar de inmediato as transferencias asistenciais na área das corporacións locais, pechando así o sistema e permitindo que a Comunidade Autónoma sexa o motor e coordinador de todo isto.

Para a ordenación do sector sanitario, remitiráselle a esta Cámara un proxecto de lei que substitúa a actual Lei do Servicio Galego de Saúde. Esta nova lei garantirá o dereito de tódolos cidadáns á atención de saúde en igualdade de condicións, a liberdade para a elección de médico, centro sanitario e modalidade asistencial, a eliminación das interminables listas de espera nos hospitais e demais centros asistenciais de Galicia, mediante a axeitada utilización de tódolos recursos sanitarios da nosa Comunidade Autónoma.

Ademais, esta lei logrará unha asistencia sanitaria de calidade crecente, baseada na libre competencia e no establecemento de incentivos profesionais en tódolos niveis asistenciais, facilitará o mellor emprego dos recursos dispoñibles e aumentará a eficacia da acción sanitaria, mediante a descentralización da xestión.

Na estrutura asistencial galega imos manter tódalas modalidades asistenciais públicas e privadas que existen na actualidade, para podermos ofrecerlle ó cidadán múltiples opcións entre as que elixir con completa liberdade.

O Mapa sanitario de Galicia, que tantos problemas orixinou, será derrogado de inmediato, e afrontarase a revisión do antigo con base nos seguintes principios:

Restablecemento da figura do médico de cabeceira ou de familia, que poderá ser elixido libremente polos usuarios.

Mantemento dos médicos e dos servizos asistenciais propios en tódolos concellos, sen prexuício da integración dos servizos sanitarios municipais en niveis de maior complexidade.

Creación en tódalas cabeceiras de comarca de centros sanitarios de apoio, que contarán con servizos de especialidade e que lles prestarán a axuda necesaria ós médicos de cabeceira ou de familia na solución daqueles problemas que requiren medios de máis avanzada tecnoloxía.

A reforma da Lei do Servizo Galego de Saúde e a revisión do Mapa sanitario de Galicia permitirán flexibiliza-la extrema rixidez que ámbalas dúas normas lle impoñen á sanidade galega e propiciarán unha mellor distribución territorial dos nosos recursos sanitarios, que atendan ás especiais circunstancias de cada tema. Isto permitirá a creación de novas áreas de saúde, como son a de Valdeorras, a Costa da Morte, O Barbanza e Verín, das que a súa necesidade resulta evidente.

Os problemas derivados da enfermidade mental supoñen unha das preocupacións máis importantes da nosa sociedade. A situación actual da saúde mental require, sen dúbida, unha regulación particular que unifique os distintos aspectos da mesma, reunindo tódolos recursos que están actualmente dispersos, organizándoos e racionalizándoos, como paso previo e indispensable para a súa total integración, en pé de igualdade no sistema sanitario xeral de Galicia. Con esta finalidade procederase, de xeito urxente, á implantación do Plan galego de saúde mental.

Por último, imos facer mención expresa de dous problemas sanitarios que teñen unha gran transcendencia individual, familiar e social para Galicia, que constituirán unha preocupación constante do noso Goberno: o alcoholismo e as drogodependencias non alcohólicas. Crearase dentro do Plan autonómico das drogodependencias unha estrutura permanente que dea resposta inmediata ós múltiples problemas que na orde sanitaria e social se lles presentan a estes enfermos e ás súas familias, e que tanta dor e preocupación crean.

A atención sanitaria á nosa poboación relaciónase coa área dos servizos sociais, a que cumpre a dobre función de completa-los niveis de asistencia especializada ós sectores singulares, para contribuír ó seu benestar e cumprir unha esixencia básica dunha sociedade xusta e moderna: prestarlles unha atención singularizada ós marxinados, ós indefensos e a aqueles que, por diversas circunstancias, precisan a solidariedade colectiva. Non é posible un crecemento económico sostido e estable sen cohesión social, nin é realizable o desenvolvemento social sen mutuo entendemento, é dicir, sen elevación do nivel educativo e cultural.



O ex-presidente Laxe felicitou a Fraga tras a súa designación polo Parlamento como presidente da Xunta de Galicia.

Eu diría que a sensibilidade social dun Goberno se mide directamente pola atención que lles presta a estes servizos sociais. O primeiro obxectivo que hai que acadar é conseguir que a entidade pública máis próxima ó usuario sexa a encargada directa da súa prestación, cando dispoña da organización suficiente. Isto vai esixir unha redistribución de competencias entre a Comunidade Autónoma, as deputacións e os concellos, co fin de racionalizar esta área, buscando o obxectivo básico antes sinalado.

Non se trata de impoñer convenios de colaboración, senón de auténticos procesos de transferencias, acompañados da correspondente dotación económica, que fagan responsable a cada institución da calidade e eficacia dos servizos que presta, sen prexuício da supervisión superior que en todo caso lle corresponda á Comunidade Autónoma.

Quixera determe nos aspectos básicos dos servizos sociais que, desde o noso Goberno, serán obxecto dunha atención especial:

En primeiro lugar, teranse que potencia-los servizos de información e orientación; un lugar ben identificado ó que calquera cidadán poida acudir para consulta-lo seu problema, para recibir orientación sobre como resolvelo e, en definitiva, para que dun xeito efectivo os servizos sociais cheguen a todos. Especialmente, débese prever un apoio no seguimento ós expedientes, velando pola súa rápida tramitación.

Potenciaranse especialmente aqueles servizos que resolvan as necesidades para as que están previstos, pero que, ó mesmo tempo, non desvinculen os cidadáns do seu contorno. Refírome, entre outras, á axuda a domicilio que se lles debe prestar a aqueles que non desexan acudir a residencias ou centros de internamento, e precisan recibir unha atención, carecendo de medios económicos para pagala persoalmente. Os servizos de atención a enfermos, compañía, limpeza, atención ós nenos e apoios sanitarios especializados entran neste concepto. A axuda a domicilio completárase cos centros de día nos que se poida prestar unha asistencia puntual, sen necesidade de internamentos.

Unha vez conseguida a transferencia do INSALUD, haberá unha coordinación específica entre os equipos sanitarios da área de servizos sociais e os correspondentes ó propio INSALUD.

As axudas de emerxencias sociais serán destinadas a resolver situacións e necesidades de carácter atípico, que poden constituír auténticas traxedias para os que as sofren. Prestarémolles unha atención especial a este tema, así como ós programas complementarios de integración social.

Outro chanzo dos servizos sociais constitúeno aqueles que están especialmente previstos para recibir ós que non teñen lugar onde vivir, ben sexa de forma temporal ou definitiva. Centros de acollida, albergues e residencias recibirán a nosa atención especial, fuxindo en todo caso da masificación e procurando unha atención especializada e, sobre todo, humana, co fin de conseguila máxima integración co contorno social. Este principio será básico na área especializada de servizos á mocidade e á terceira idade. No primeiro caso, será preferible darlle a unha familia unha subvención para atender a un menor que internalo nun centro específico. No segundo, as minirresidencias e os centros de día, combinados co seus domicilios, poden lograr unha maior calidade e humanidade na prestación destes servizos sociais, cunha indubidable maior integración social.

Potenciaranse igualmente, e co mesmo espírito, os centros para eivados maiores de idade como centros básicos, que serán comarcalizados. Preocupámonos igualmente das garderías infantís, dos comedores asistenciais, etc.

Atención á xuventude

O meu Goberno prestaralle unha especial atención á política da xuventude, polo simple feito de que a xente nova vai configura-lo noso futuro. Na medida en que poidamos responder ás súas demandas e xerar neles unha ilusión para lograr entre todos unha Galicia mellor, máis moderna e máis xusta, teremos asentado sobre bases firmes o noso futuro. As liñas básicas de actuación serán as seguintes:

Fomento do asociacionismo xuvenil, potenciando as asociacións existentes, revitalizando o seu funcionamento a través de convenios específicos para a realización de actividades, e apoio ó Consello da Xuventude de Galicia, dotándoo de medios e de estruturas máis amplas, nas que teñan cabida tódolos monitores, animadores e directores.

Política de infraestruturas para a atención á xuventude, concretada na creación e promoción dunha ampla rede de casas e centros de xuventude, especialmente no medio rural, ou sexa: instalacións deportivas, albergues xuvenís, colonias, bases de acampada e centros polivalentes de vacacións.

Potenciación dos servizos de información e asesoramento xuvenil, a través de centros comarcais e mesmo locais, coa organización de programas específicos, culturais e educativos, dirixidos especialmente á mocidade.

Inserción dos mozos no mundo do traballo, desenvolvendo un plan específico de emprego xuvenil. As accións que se teñen que desenvolver nesta área

serán: subvencións á iniciativa privada, para contrata-la xente nova demandante de emprego; atención especial ós novos en áreas rurais, con campañas específicas para o fomento do cooperativismo agrario; cursos de mecánica agrícola, xerencia de empresas agrarias, explotacións de futuro e cultivos alternativos; e a potenciación das escolas de capacitación agraria, fomento, en xeral, do cooperativismo e da inserción da xente nova nas áreas de produción e comercialización.

Servicios específicos para a xuventude, tales como turismo xuvenil, viaxes subvencionadas para os novos, intercambios cidade-campo, campos de traballo, etc.; fomento de plans especiais de vivenda xuvenil en réxime de alugueiro, etc.

Atención especial ás drogodependencias, articulando unha política formativa e de sensibilización para os mozos, programando servicios de atención sanitaria e promovendo centros subvencionados de rehabilitación e reinserción dos ex-drogadictos.

Coordenación das políticas de apoio á xuventude mediante unha comisión interdepartamental, dependente do presidente da Xunta, para garantir un funcionamento coordinado de tódalas consellerías, tanto nas competencias que afecten á xuventude coma nos plans e proxectos específicos con concellos, deputacións e organizacións xuvenís.

Intimamente ligada coa política de xuventude está a política deportiva. Os principios básicos de actuación concrétnanse nas infraestruturas deportivas, no ensino e no fomento da actividade deportiva.

En materia de infraestruturas, a primeira medida será acadar un acordo marco entre tódalas institucións públicas galegas, para defini-lo papel que van realiza-las mesmas en relación coa política de instalacións deportivas e elaborar, coa máxima urxencia, o censo de instalacións deportivas dependentes das administracións públicas ou dos entes privados.

Os obxectivos globais que se deben acadar no eido das infraestruturas deportivas serán:

Tódolos concellos deberán contar con instalacións deportivas cubertas, coordinando as súas actuacións para estes efectos coa Consellería de Educación.

As localidades nas que se practique ou poidan implantarse deportes náuticos dotaranse dunha instalación cuberta que posibilite a ubicación das embarcacións, con vestiarios e ximnasios.

As cabeceiras de comarcas estarán dotadas de instalacións máis completas, con piscina, pista de atletismo, etc.

Nas grandes cidades, e fundamentalmente a través dos correspondentes convenios, fomentaranse deportes ata agora minoritarios. Nestas mesmas áreas urbanas realizaranse convenios específicos coas corporacións locais, para a dotación de grandes espazos de contacto ó aire libre, para o exercicio de actividades físico-deportivas e recreativas.

No campo do ensino deportivo potenciarase o INEF, para incrementa-lo número de especialistas indispensables, co fin de desenvolver unha auténtica política deportiva, e daráselle un pulo especial á Escola Galega do Deporte. Tamén se atenderá a formación de especialistas en dirección e mantemento de instalacións deportivas, e afrontarase decididamente un plan para o desenvolvemento do deporte de alto nivel, creando para isto centros de iniciación polivalentes e centros específicos de tecnificación, nos que se combinarán as esixencias propias no nivel educativo de que se trate coas que se deriven da natureza destes centros e coa súa función de formación de deportistas de elite.

O fomento da actividade deportiva terá que partir necesariamente dun apoio directo ós clubs e asociacións deportivas, auténticos protagonistas do feito deportivo. Xa que logo, intensificaranse as axudas, tanto para consolidación coma expansión destes axentes deportivos. Estas outorgaranse a base de baremos obxectivos que primen o traballo realizado, estimulando especialmente a práctica do deporte nas áreas rurais.

Prestaráselle unha atención especial ó deporte escolar, chanzo básico da actividade deportiva, tanto no que se refire á formación humana, á que contribúe, coma no que afecta á formación de deportistas.

Galicia non só é un territorio xeográfico, senón máis ben unha comunidade humana universal, con ramificacións en tódolos puntos do globo. A Galicia do exterior vai recibir unha atención moi especial pola nosa parte, tanto para lles devolver ós nosos emigrantes unha parte do moito que nos deron, coma para integralos de xeito efectivo no papel político, económico e social que Galicia ten que desenvolver no mundo. Esta é unha obriga especial para un fillo de emigrantes a Cuba coma min.

Ante todo temos que conseguir que en Galicia haxa un traballo digno para todos, que non sexa preciso emigrar.

No campo da protección dos intereses galegos no exterior, voume referir ós aspectos básicos nos que se concretará a política do Goberno galego:

En primeiro lugar, mencionarei o incremento de bolsas para estudar en Galicia, destinadas a fillos de emigrantes; os programas de formación profesional que se van impartir nos seus lugares de residencia, para facilitarlle-lo seu regreso e

a súa incorporación á vida laboral en Galicia; e a integración no noso sistema de Seguridade Social daqueles emigrantes maiores de 65 anos que regresen a Galicia, ós que se lles recoñecerán os mesmos dereitos ca ós residentes, aínda que non cotizasen. Para isto, iniciaranse de inmediato as conversas coa Administración central, para lograr un convenio específico.

Facilitaremos con tódalas medidas ó noso alcance o regreso a Galicia de tódolos galegos que o desexen, que terán os mesmos dereitos cós residentes para accederen ás prazas en residencias da Xunta de Galicia e, en xeral, a tódolos servizos sociais.

Nos principais países da emigración crearanse unhas unidades de servizo para os galegos, dotadas de persoal cualificado nas áreas xurídica e laboral, que se conectarán cos centros galegos correspondentes e que, ademais de coordinarse co Instituto Español de Emigración, desenvolverán programas propios de difusión cultural, xestión de subvencións, etc.

Darémolles un apoio directo e especial ós centros galegos no estranxeiro, principalmente en materia de apoio ós servizos sociais asistenciais que prestan, con subvencións para logra-lo seu equilibrio financeiro, cando dependan deles centros asistenciais ou hospitalarios.

Promoveranse convenios coa Administración central para potenciar actividades de cooperación española, en Iberoamérica e Europa, especialmente en materia de formación, investigación e axuda sanitaria; e instarase igualmente a esta Administración central para que estableza iniciativas fiscais ás axudas que empresas e entes privados poidan destinar para estes fins.

No ámbito da cooperación económica impulsarase a creación de empresas mixtas e a articulación de proxectos bilaterais con empresarios galegos no exterior.

Por último, instarase á Administración central para a eliminación de atrancos burocráticos e a simplificación de trámites en todo o que afecta ás actuacións que teñen que realiza-los nosos emigrantes, tanto no que se refire ó exercicio do dereito ó voto coma en canto á integración das unidades administrativas que lles prestan servizos ós emigrantes e que dependen de entes distintos (Asuntos Exteriores, Traballo, Educación, Asuntos Sociais, Instituto Español de Emigración), coma no que afecta ó funcionamento dos consulados.

Nova política económica

«Esperta do teu sono...». Estas palabras tamén constitúen un pórtico necesario desde o que temos que partir para afronta-lo noso futuro.

Unha Comunidade Económica Europea sen fronteiras internas, que integra doce países e trescentos vinte millóns de habitantes, na que as mercadorías circulan libremente, esixe dunha economía rexional coma a nosa un xigante co esforzo de transformación para logra-la nosa competitividade.

Ó mesmo tempo, será preciso penetrar nos mercados do leste europeo, que como é sabido se atopan nun proceso de transformación acelerada e se van integrando no sistema de economía de mercado. Non se trata de facer unha actividade defensiva de proteccionismo, senón dunha política activa, agresiva, aberta cara ó exterior, da que o seu obxectivo é coloca-los produtos galegos nos mercados internacionais, penetrando neles pola súa acomodación e adaptación ás necesidades do consumidor, pola súa calidade e polo seu precio.

Partimos certamente duns impedimentos iniciais de ampla importancia: a nosa posición periférica con respecto ós mercados europeos, o enorme atraso das nosas infraestructuras –que constitúen hoxe unha auténtica barreira–, a falta de tradición exportadora, a dimensión insuficiente das nosas empresas e, como último apartado significativo, o atraso e a falta de equilibrio do noso sistema económico.

Se ben isto é certo, tamén o é que non caeremos no desánimo, e que Galicia esixe e demanda de nós un esforzo colectivo e integrador, co que poderemos situa-la nosa terra no lugar que lle corresponde no concerto coas rexións europeas.

Os obxectivos básicos na área de política agraria teñen que partir do verdadeiro protagonista: o campesiño galego, o paisano, ó que lle hai que presta-lo apoio directo para potencia-las explotacións familiares e procura-la súa integración productiva a través do asociacionismo agrario e, especialmente, do cooperativismo. É preciso un esforzo singular para mellora-la capacitación profesional dos nosos agricultores, para eleva-lo seu nivel cultural e, especialmente, para espertar na xente nova a ilusión polo traballo no campo, no contexto dunha agricultura moderna.

Dentro desta alínea quérome referir a algunha das accións que será especialmente coidada polo meu Goberno: a creación de centros de desenvolvemento rural a nivel parroquial, cunha misión específica para a extensión agraria, pero tamén con funcións de centros de carácter cultural, dotados de servizos sociais. En definitiva, centros de conexión dos nosos habitantes do medio rural cos servizos que presta a Administración autonómica.

Dentro do noso programa de desconcentración, e de xeito progresivo, iranse comarcalizando os servizos das distintas áreas da Administración,

comenzando polos correspondentes a agricultura, e desde eses centros comarcais prestaráselles atención directa ós centros locais de desenvolvemento rural. É obxectivo do noso Goberno, durante o cuadrienio 1990-93, poñer en funcionamento un centro por cada cinco parroquias, o que implica aproximadamente contar a final do período con 700 centros.

A acción en materia de formación e capacitación dos nosos agricultores debe completarse con todas aquelas accións dirixidas a aumenta-la produtividade das explotacións agrarias, orienta-la produción ó que demande o mercado, a potenciación da investigación aplicada, implantar aqueles cultivos que poidan sustentarse no noso solo e dos que existe demanda nos mercados nacionais e internacionais.

Unha atención especial á gandería constituirá a columna vertebral da nosa economía agraria, conxuntamente cunha nova política forestal para Galicia.

A adaptación das infraestructuras agrarias ás esixencias e a posta en marcha de unidades productivas viables esixen incrementa-los esforzos en materia de concentración parcelaria, en infraestructuras directas, especialmente en electrificación rural, camiños, teléfonos rurais, etc.

Cómpre establecer un marco estable áxil en canto ás relacións entre produtores e industrias transformadoras, de xeito que exista un horizonte establecido que permita afronta-lo futuro cun coñecemento exacto dos parámetros de actuación e os límites de fluctuación.

Dada a importancia da gandería na nosa economía agraria, quixera determe, aínda que sexa brevemente, nalgunhas das accións significativas:

En primeiro lugar, debe completarse e perfeccionarse coa máxima urxencia o programa de saneamento, o que constitúe un presuposto básico, sen o cal non cabe falar de política gandeira. Este programa debe ser complementado cunha forte acción na mellora xenética dos animais, protección de razas autóctonas, etc.

No sector lácteo, é preciso mellora-la eficacia e mellora-la produtividade nas explotacións de leite a niveis competitivos cos países atlánticos da CEE, co obxectivo de conseguir equilibra-los niveis de renda dos nosos campesiños cos equivalentes da CEE e garanti-la viabilidade das nosas explotacións.

Isto vai esixir un maior protagonismo de Galicia nas decisións do Mercado Común que afecten á política agrícola, especialmente á política gandeira.

Galicia debe deixar de ser exportadora en materias primas para se converter en exportadora de produtos agroindustriais competitivos. Isto vai esixir unha profunda transformación do noso sector agroindustrial para conseguir a través

da renovación tecnolóxica e do reequipamento producións de calidade, competitivas e con deseños idóneos e cunha distribución racional e patente.

O obxectivo específico que hai que conseguir é o de lograr uns produtos galegos de calidade, con denominación de orixe, que se identifiquen nos mercados internacionais como produtos sans, naturais e de calidade recoñecida, como nós xa os recoñecemos.

A necesidade de defende-lo nivel de vida dos nosos campesiños esixe unha acción vigorosa para o desenvolvemento integral das nosas zonas desfavorecidas e de montaña. Para a consecución deste obxectivo dedicaremos un plan especial que lles permita a estas zonas saír do subdesenvolvemento actual, no que se integrarán tódalas técnicas que con carácter xeral expuxen.

Teño que facer mención especial do sector vitivinícola, con apoios para a potenciación das variedades autóctonas e para a integración de produtores para efectos do embotellado, denominacións de orixe e comercialización, e do sector da augardente, que precisa dun apoio decidido para defender ese produto de merecida fama mundial, favorecendo a agrupación de produtores, concentración de alambiques con control sanitario, axudas á comercialización, etc., e apoiando o réxime transitorio que permita presentar con ritmo axeitado a reestruturación do sector.

No sector forestal –e facendo abstracción do tema dos incendios, que por razóns meteorolóxicas tratarei noutra alínea– é evidente que unha política forestal só é posible se o monte é economicamente rendible, e iso á súa vez esixe unha industria transformadora próxima e puxante.

Cómpre neste proceso rexional unha ordenación do monte, comenzando polo forte investimento nas subestructuras forestais, favorecendo ó mesmo tempo os obxectivos que posibiliten a explotación do monte e fagan atractivo o investimento. Isto esixe igualmente conseguir lugares de explotación de tamaño viable. Para este fin potenciarase o asociacionismo, a concentración dos montes e a adopción de medidas subvencionadoras que favorezan a reforestación e a ampliación das parcelas.

Insisto na importancia da reforestación, da que o seu obxectivo será, unha vez que consigamos paraliza-los incendios forestais, duplica-lo crecemento actual dos nosos montes, mellora-la calidade dos produtos que xeran, amplia-lo número de especies forestais, mellora-los ecosistemas fráxiles e incrementa-la oferta cinexética.

A potenciación do sector transformador esixe un apoio específico ó sector dos serradoiros para a súa reestruturación; estimula-los procesos de

industrialización, se ben con estudos rigorosos sobre as súas repercusións nos equilibrios do ecosistema; estimula-lo consumo de produtos forestais. Todo isto precedido dun importante esforzo en investigación forestal, que permita camiñar con pasos firmes neste eido, no que unha política debe ser necesariamente estable dado o período de maduración das especies.

A importancia pesqueira

A importancia do sector pesqueiro en Galicia non é necesario salientala, cun 35 % do sector primario e un 4,3 % do sistema productivo.

A política pesqueira do noso Goberno estará orientada especialmente ós seguintes fins: defensa dos nosos caladoiros, mellora da produtividade do sector, modernización das súas estruturas, mellora e simplificación dos circuitos de comercialización e defensa dos nosos mercados.

A Comunidade Autónoma ten que intensifica-las súas relacións co Goberno central e coas institucións comunitarias, colaborando coas mesmas ou ben reivindicando enerxicamente ante elas aquelas accións que sexan necesarias para efectos de garanti-los nosos caladoiros.

Para isto, a consulta cos sectores afectados será práctica habitual no noso goberno, e estableceranse con carácter inmediato os contactos necesarios coas asociacións ou as confrarías do sector. Neste mesmo sentido, a grave crise que afronta a flota conxeladora merecerá a nosa atención, tanto no que se refire á defensa dos nosos intereses en Namibia, As Malvinas, Canadá ou Estados Unidos coma á necesidade de reestruturación do sector.

É imprescindible a potenciación da investigación e da formación profesional dos nosos homes, a racionalización de procesos e técnicas e, en definitiva, unha maior calidade de tecnificación dos procesos.

Consideramos prioritario o apoio ás confrarías de pescadores e ás organizacións de produtores, no marco da política global que comprenda o saneamento das rías, unha axeitada regulación das artes de pesca, a dotación dos nosos portos das estruturas básicas para fomenta-la comercialización, así como para a apertura de novos mercados o reforzo das cadeas de distribución, etc. Todo isto terá que encadrarse dentro dun Plan de ordenación da plataforma pesqueira galega, que permita a explotación harmónica e equilibrada dos nosos recursos mariños, e dun Plan de ordenación marisqueira das nosas rías.

A acuicultura é un verdadeiro sector de futuro en Galicia. Debemos desenvolvela ó máximo dentro dun plan integral que articule e integre distintas accións.

A industria dos produtos pesqueiros integrárase neste esquema global, con especial atención á nosa industria conserveira.

Dentro desta política intégrase o Plan de renovación da flota pesqueira galega, que se aprobará antes da finalización de 1990 e que, ademais de introducir-la necesaria racionalidade, permitirá un incremento da produtividade e unha redución dos custos, mellorando ademais a condición de vida a bordo e a seguridade das tripulacións.

É propósito por parte do noso Goberno a inmediata apertura de negociacións coa Administración central para concreta-las distintas accións anunciadas, incrementa-lo nivel de seguridade e prestárlle-la axuda ós nosos homes do mar.

Por último, sinalaremos que unha política de futuro esixe unha investigación potente para valora-los recursos, racionaliza-la súa explotación, moderniza-los procesos da súa industrialización e garanti-la súa comercialización. Se por algo se vai caracteriza-lo noso Goberno, será pola potenciación da investigación aplicada, o que constituirá a verdadeira panca para impulsa-lo noso desenvolvemento sobre bases firmes e estables.

O obxectivo do noso Goberno nesta área será o deseño dunha política industrial avanzada, tanto tecnolóxica coma socialmente, para facer de Galicia un país competitivo, en Europa e no mundo, superando a situación de crise e dependencia actuais.

Tódolos indicadores económicos manifestan un continuo proceso de desindustrialización da nosa economía, especialmente agudizada nos últimos anos, nos que Galicia empeorou a súa posición relativa con respecto ás demais comunidades autónomas.

Con todo, debemos mira-lo futuro con ilusión, xa que Galicia ten unha dotación aceptable de recursos para continua-lo seu proceso industrial. As nosas materias primas e o potencial dos nosos homes, sobre todo, son as bases para mirar con optimismo o noso futuro.

Os principios básicos da política industrial que desenvolverá o noso Goberno pódense concretar nos seguintes puntos:

A promoción dos recursos propios e a súa inserción nos circuítos de produción integrados e competitivos dos mercados exteriores.

Unha política de relacións industriais a nivel nacional e internacional que incremente o escaso investimento exterior e apoie o interior, orientando o aforro galego cara ós investimentos productivos.

Todo isto nun modelo de economía social onde a economía privada siga a se-lo motor da industrialización, porque o Partido Popular cre no poder da

liberdade, da libre iniciativa, na liberdade de mercado e na creatividade. Estes principios desenvólvense a través das seguintes accións:

Mellora da capacitación do noso potencial humano, a través da intensificación dos plans de Formación Profesional, tanto regulada coma ocupacional.

Partindo de bases realistas, centrarémonos na promoción de actividades industriais de cualificación tecnolóxica media, de empresas de tamaño pequeno e mediano, que son as que mellor se adaptan ó noso contexto socio-económico actual.

Na mesma liña impulsaremos-lo emprego, favorecendo as actividades transformadoras intensivas en man de obra.

A agroindustria constituirá a espiña dorsal da nosa estratexia. Só un proceso industrial integrado permitirá con optimismo o futuro.

É preciso que centremo-lo noso esforzo na innovación tecnolóxica. Neste sentido, a articulación dun gran parque tecnolóxico descentralizado, cun centro de transferencias de tecnoloxía, tres centros de localización tecnolóxica, en Ourense –que será o primeiro en desenvolverse–, A Coruña e Vigo, especializados por áreas, e centros de innovación tecnolóxica en Ferrol, Santiago, ría de Arousa e costa de Lugo, permitirán un eficaz desenvolvemento industrial de Galicia, asentado sobre bases firmes.

O noso desenvolvemento industrial esixe un esforzo investidor importante, que terá que acometerse por iniciativa privada. Neste sentido, non basta só con atrae-lo aforro galego, que nestes momentos se canaliza cara ó exterior, senón que é preciso incentiva-lo investimento en Galicia de recursos procedentes do exterior. Isto esixe unha enérxica política de infraestruturas, especialmente en materia de vías de comunicación terrestres, redes de comunicación, redes de gas natural, etc., das que os seus investimentos dependen especialmente da Administración central.

Ademais, e dentro da directa responsabilidade da Comunidade Autónoma, terán que contemplarse as seguintes accións:

Solo industrial suficiente, localizado nas áreas xeográficas de maior potencial industrial e completado con servizos, laboratorios e redes de comunicación axeitadas e necesariamente próximas a centros urbanos dotados dos servizos necesarios para atraeren, pola súa calidade de vida, a persoal de alta cualificación.

Unha axeitada cualificación da man de obra e unha baixa conflictividade, que só podería ser consecuencia dunha política de cooperación sindical.

Unha dotación enerxética axeitada e unha aceptable calidade ambiental.

Unha política flexible de incentivos ó investimento, ensanchando ó máximo os límites da Lei de incentivos rexionais, que promova os investimentos nos sectores estratéxicos para Galicia e que podemos concretar nestes momentos en agroindustria, tecnoloxía mariña, novos materiais, microelectrónica, enxeñería, moda, industria artesanal con deseño incorporado.

Por último, potenciaremos e desenvolverémo-los circuitos que permitan, por unha parte, atraer-lo investimento exterior a Galicia e, por outra, introducilo nos mercados internacionais. Para isto, o Goberno galego presentaralles á Confederación de Empresarios de Galicia e ás cámaras de comercio galegas as medidas necesarias para crear órganos flexibles non burocratizados como axentes específicos para a promoción exterior de Galicia e para a atracción dos investimentos.

Dentro do sector industrial, dedicáremoslle unha atención especial á construción naval, brutalmente afectada polo Plan de reconversión, especialmente na área de Ferrol. A estratexia que seguirá o noso Goberno nesta materia podemos concretala nas seguintes accións: promove-los investimentos produtivos necesarios nos estaleiros para mellora-lo seu nivel tecnolóxico; promove-la creación de industrias auxiliares, especialmente as de maior compoñente tecnolóxico; establecer un sistema de primas á construción naval que sexa competitivo e áxil; promove-la renovación da flota pesqueira galega para conseguir unhas unidades modernas e versátiles; promove-lo desenvolvemento das oficinas de proxectos e de estudos cara á realización dos buques do futuro; defende-la posibilidade de recupera-lo nivel competitivo da Mariña Mercante, en especial o tráfico de cabotaxe nun sistema integrado de transporte.

Galicia é a primeira Comunidade Autónoma productora de lignito pardo, pizarra, granito, magnetita, turba e cuarzo, ocupando un papel importantísimo no caolín, andalucita, feldspatos, chumbo, zinc, etc. Esta riqueza está sendo insuficientemente explotada, sendo na práctica inexistentes ata estes momentos os investimentos tanto da Administración central coma da autonómica.

O noso Goberno realizará unha inspección enérxica nese sector en orde a: fomenta-la actividade mineira, explotando axeitadamente o Mapa mineiro de Galicia, recentemente elaborado; elaborar manuais de explotación para os sectores máis significativos –pizarra, granito, etc.–, para a diminución de custos enerxéticos, simplificacións de procesos, mellora de calidades e selección de maquinaria –neste senso, potenciarase o Instituto de Materias Primas Minerais de Galicia, creado no 79, que nunca chegou a funcionar–;

actualiza-lo Catastro mineiro e fomenta-la Cámara mineira: potencia-la transformación en Galicia dos produtos mineiros e as correspondentes canles de comercialización.

Prestáraselle unha atención especial á seguridade mineira, para evitar accidentes, mellora-las condicións de vida dos traballadores do sector e as medidas de control ambiental e de loita contra a contaminación.

A política que o noso Goberno seguirá no sector comercial ten como obxectivo prioritario prestárllle-lo máximo apoio ás accións do devandito sector en Galicia, para a súa estruturación, co fin de logra-la súa competitividade, de xeito que poida afrontar-lo reto das grandes superficies comerciais e, ó mesmo tempo, prestarlles ós cidadáns un mellor servizo.

As liñas básicas de actuación concrétnanse nun apoio á modernización e mellora do equipamento das instalacións comerciais para que poidan afrontar-lo reto dos novos hábitos de compra; mellora da xestión comercial a través da formación do persoal; promoción do urbanismo comercial e aumento da vixilancia; promoción de centros e áreas comerciais que agrupen pequenos establecementos para lograr unha oferta intensificada e competitiva; promoción do noso comercio exterior mediante a presenza nos certames internacionais; organización de misións empresariais en colaboración coas cámaras de comercio; desenvolvemento de actividades para a formación de empresarios técnicos en materia de comercio exterior; regulación do comercio ambulante, de tanta tradición nas feiras e mercados galegos, profesionalizalo e tratar de homoxeneiza-la normativa municipal, establecendo unha ordenanza tipo; limitación do incremento constante da fiscalidade municipal e logro de que os ingresos aportados contribúan a mellora-lo equipamento dos servizos municipais.

Un aspecto singularmente importante é o da mellora da capacidade financeira no sector comercial, tanto no que se refire ó financiamento do proceso de modernización, que necesariamente terá que afrontar-lo sector, coma en canto á mellora da xestión das empresas comerciais e á axeitada determinación de custos.

Neste sentido, potenciaranse os programas das PYMES, para conceder subvencións ós tipos de interese dos créditos a medio e longo prazo, que a pequena e mediana empresa lles solicite á banca privada, ás caixas de aforros e a outros intermediarios financeiros para a reforma, modernización e mellora dos establecementos comerciais. Tamén se negociará coas caixas de aforros e as entidades financeiras a apertura de liñas especiais de créditos

a medio e longo prazo, orientadas ás finalidades anteriormente citadas de modernización dos establecementos.

Outorgaranse subvencións específicas ás organizacións representativas do sector para a realización de estudos dirixidos ó establecemento de áreas comerciais, mellora de competitividade, etc.

Ó mesmo tempo, subvencionaranse todas aquelas entidades dirixidas á formación de xerentes e administradores de empresas comerciais, nas que se prestará especial atención ó manexo e á distribución das fontes de financiamento e do seu equilibrio para garanti-la estabilidade financeira da pequena e mediana empresa.

Turismo de calidade

Creo firmemente no futuro do sector turístico galego. Quizais sexa nese sector onde teña unha especial ilusión para exercer-las responsabilidades de goberno, xa que a miña experiencia pasada permite avaliar, cunha maior precisión, as posibilidades enormes que ten Galicia para atraer un turismo de calidade, selectivo, que responda á evolución actual dunha demanda diversificada en segmentos ben diferenciados e ós que poida responder Galicia: turismo artístico, monumental, relixioso, congresos e convencións, deportes náuticos, montaña, caza e pesca, golf, ademais do tradicional turismo de praia.

O noso obxectivo é desenvolver un produto de calidade a través dos seguintes plans monográficos: creación de hostelería de alta calidade; explotación turística e deportiva das rías; extensión da práctica da navegación deportiva; desenvolvemento turístico do interior; oferta turística do litoral, incorporando os valores paisaxísticos; turismo de montaña; promoción de congresos e exposicións; explotación turística da caza e a pesca; promoción do Camiño de Santiago; turismo rural en pazos e casas solaregas; promoción de campos de golf e doutras actividades deportivas; novos mecanismos de promoción conxunta Administración-sector privado; diversificación das ofertas e corrección da estacionalidade; perfeccionamento da formación profesional, de acordo coas necesidades do sector; reestructuración orgánica e funcional da Administración turística autonómica.

Os servizos destes plans deseñaranse as medidas necesarias de política turística que virán acompañadas doutras de tipo organizativo, entre as que salientaría a creación dun Instituto de Promoción Turística de Galicia e a reestructuración do Museo Galego de Turismo, ampliando a participación nel do sector privado.

Teño que referirme, en primeiro lugar, á necesidade de completa-la organización territorial de Galicia, articulando os entes previstos no noso Estatuto de autonomía, como con gran autoridade e elocuencia nos amosou o noso Presidente: a comarca e a parroquia.

En primeiro lugar, anuncio perante esta Cámara a inmediata constitución dunha Comisión de comarcalización, que será a encargada de fixa-las bases técnicas para a redacción dun proxecto de lei de organización territorial de Galicia, no que se fixarán as comarcas nas que se dividirá territorialmente a nosa Comunidade Autónoma e se fixará tamén o réxime xurídico comarcal, regulando os seus órganos propios, tanto no que se refire á súa composición coma ó seu funcionamento.

A priori, pode afirmarse a necesidade dun Consello comarcal e doutros órganos. O esquema comarcal aproximarase no posible ás deputacións provinciais, e a súa competencia virá determinada necesariamente polos intereses supramunicipais que non excedan do propio interese comarcal e polos intereses comúns dos concellos integrados na comarca respectiva.

A mesma Lei de organización territorial de Galicia, ó mesmo tempo, terá que conte-las normas precisas para o recoñecemento da personalidade xurídica das nosas parroquias rurais, que deberán estar dotadas dun órgano que, en principio, se concibe como deliberante e de proposta e informe en cantos extremos afecten ós seus intereses.

A ordenación do territorio e as infraestructuras constitúen elementos básicos, non só para a vertebración de Galicia, senón tamén para facer posible o seu desenvolvemento económico. De non eliminarse o illamento actual de Galicia, non será posible logra-la súa expansión industrial e a súa competitividade. A ordenación do territorio debe ser un esforzo de síntese, que afecta principalmente á distribución da poboación, das actividades económicas, da vivenda, dos equipamentos colectivos, das fontes de enerxía, dos transportes, das infraestructuras, dos abastecementos de auga e dos saneamentos, e tamén á eliminación de residuos sólidos e á protección dos recursos naturais históricos e culturais.

É o meu propósito que con carácter inmediato comence a funcionar unha comisión técnica, que se integrará con representantes da Administración autonómica, das deputacións e doutros entes, a fin de redacta-lo anteproxecto de lei de ordenación territorial de Galicia.

En materia de infraestructuras, será unha preocupación singular do meu Goberno mellora-las correspondentes ó mundo rural. Para isto formárase o

inventario das existentes e das que demanden os concellos, para dotalos dunhas infraestructuras básicas e indispensables no momento actual.

Na rede viaria de interese xeral, o noso obxectivo será racha-lo illamento de Galicia, articulando unha mellora substancial das nosas comunicacións co resto de España e con Europa. Dado que nesta rede a responsabilidade é da Administración central, resulta evidente que só unha política unitaria de Galicia poderá vencer a resistencia a desviar os investimentos dos eixes Cataluña-Madrid-Andalucía ó eixe norte. Neste sentido, ofrézolle a esta Cámara a constitución dunha Comisión integrada por tódolos partidos con representación parlamentaria, para decidir as grandes vías de comunicación que van conectar Galicia co exterior. A posición que o Grupo Popular mantén sobre ese tema concrétese, como se sabe, no remate da autoestrada do Atlántico, autoestrada central de Galicia, autovía transeuropea ou corredor do Cantábrico, autovía A Coruña-Lugo-Ponferrada-Benavente, autovía Vigo-Ourense-Benavente, autovía Ourense-Monforte-Lugo-Vegadeo.

Dentro da área de competencia propia da Comunidade Autónoma, a acción do noso Goberno dirixirase, primeiro, a redefinir a rede propia da Comunidade Autónoma, redistribuíndo as súas competencias coas que lles corresponden ás deputacións provinciais, logo dos acordos oportunos con estas, e impulsar o Plan de mellora das estradas autonómicas.

Presentarase perante esta Cámara o proxecto de lei de estradas de Galicia, no que se recollerá a articulación da nosa rede, e completarase esta acción con programas de conservación e mellora, acondicionamento de travesías e variantes, modernización de instalacións, parques de maquinaria, etc.

Na rede de ferrocarril, defendémo-lo ancho de vía europeo en todo o sistema ferroviario galego e a súa electrificación, a dobre vía na liña A Coruña-Tui e, en xeral, a mellora da velocidade en todo o trazado da rede, contemplándose como último obxectivo o establecemento do tren de alta velocidade en Galicia.

En materia de portos, os puntos básicos da actuación do noso Goberno concretarase en promulgar unha lei de portos da Comunidade Autónoma galega; crear unha empresa pública de portos de Galicia que xestione, administre e explote o noso sistema portuario; esixir do Goberno central a transferencia do porto de Vilagarcía de Arousa; esixir igualmente a participación da Administración autonómica nos portos de interese xeral do Estado encravados no litoral galego.

Outro obxectivo do noso Goberno será a elaboración do Plan hidrolóxico de Galicia-costa e o Plan de infraestructuras hidráulicas de Galicia-interior,

que se completará coa presentación ante esta Cámara do proxecto de lei de xestión e desenvolvemento hidráulico da Comunidade Autónoma, creándose como órgano de xestión a Sociedade de Augas de Galicia.

A política de vivenda recibirá un forte pulo. É preciso rachar coa situación actual, na que a carencia de ofertas disparou os precios, impedíndolle a unha familia con ingresos normais acceder a unha vivenda. As medidas máis significativas que afrontaremos concretaranse na aprobación do Plan do solo e da vivenda para o cuadrienio 1990-93, con carácter vinculante para a promoción pública; na utilización dos xestores para a construción de vivendas de promoción pública, baixo a dirección do Instituto Galego da Vivenda e do Solo; e na mellora e xestión da construción de vivendas para garanti-la súa calidade.

En materia de solo procederase, de acordo co Plan de ordenación territorial de Galicia, á habilitación do solo urbano industrial necesario para facerlles fronte ás necesidades específicas, articulando a acción propia da Xunta coa que lles corresponde ás administracións locais, ás que se lles prestará un especial apoio para desenvolver unha política do solo.

No sector de transportes, os obxectivos básicos que hai que conseguir son os seguintes: garanti-la libre mobilidade das persoas e das mercadorías por todo o noso territorio; integra-los territorios galegos co resto de España e Portugal; coordena-la actividade dos diversos modos de transportes que compiten entre eles na nosa comunidade; adapta-la nosa lexislación e ordenación ás novas esixencias que demanda a nosa integración no sistema económico europeo; desenvolver axeitadamente a inspección e a acción sancionadora; incrementa-la capacidade de xestión das empresas de transporte e das persoas á súa fronte, mediante un plan de formación de xestión para o sector; adapta-las medidas necesarias para colaborar na harmonización técnica e social lexislada pola Comunidade Europea; aproveita-las axudas previstas pola Comunidade Europea neste sector, fomentando a participación da empresa galega nos programas comunitarios.

En materia de infraestruturas, non quero deixar de menciona-las relacións co norte de Portugal, vitais para Galicia. A este fin, coordinaranse as respectivas actuacións en tódolos ámbitos, especialmente nos pasos fronteirizos, tanto nas pontes sobre o río Miño coma na fronteira terrestre e no enlace das vías de comunicación e medios de transporte de todo tipo entrámbalas dúas rexións. Esta acción completárase con outras de carácter sectorial, que se desenvolverán en proxectos conxuntos nas áreas turísticas, culturais e ambientais, etc.

É obriga clara dun Goberno do noso tempo protexe-la saúde, conserva-los recursos naturais básicos: a auga, o aire, a terra e a enerxía, que veñen se-los mesmos elementos fundamentais dos filósofos gregos; mellora-lo hábitat social rural e urbano. En definitiva, protexe-lo noso patrimonio natural e cultural e mailo noso medio ambiente natural e social.

Por outra parte, é indubidable que o equilibrio entre a natureza e a sociedade ten que realizarse potenciando á vez o equilibrio entre o medio ambiente e a economía. Requírese por iso unha visión global, unha política integral.

O noso Goberno buscará a integración da protección ambiental nas políticas económica, industrial, educativa e social; defenderá o equilibrio ecolóxico e a protección da biosfera; protexerá o medio mariño e os seus recursos; promoverá a utilización correcta da terra; loitará contra a contaminación e pola creación dunha conciencia social ó respecto; dotará a economía dos recursos non renovables, fomentando ó respecto unha motivación xeneralizada; establecerá claramente o principio de responsabilidade causal: o que contamina, paga. Iremos a unha distribución clara de competencias e á decidida cooperación nacional e internacional.

Reforma da Administración

Quixera determe no tema dos incendios forestais, ó que lle hai que dar unha prioridade especial. Nos últimos vinte anos arderon en Galicia preto de 1.000.000 de hectáreas, o que supón que o equivalente da terceira parte da superficie de Galicia quedou sen a cuberta vexetal, producíndose perdas gravísimas no solo.

Non dubidarei en aplicar tódolos medios á nosa disposición, coordinando as accións necesarias para previr e loitar contra os incendios, completando a rede de postos fixos e de vixilancia, organizando e reforzando os medios de extinción e articulando plans de vixilancia, dos que se poñerán ó seu servicio os medios necesarios, instando ás autoridades policiais e xudiciais para unha mellor efectividade que remate coa actual impunidade dos incendiarios.

A medio prazo, a loita contra os incendios terá que articularse coa política forestal e, en todo caso, temos que concienciarnos de que os incendios forestais case son un problema exclusivo da Administración autonómica, senón que afectan a tódolos galegos. Só unha acción solidaria decidida poderá rematar con esta situación viciada, que vai directamente contra os intereses básicos de Galicia.

Quixera rematar esta exposición da política que o noso Goberno vai seguir durante o quadrienio 1990-93 –de obte-la confianza desta Cámara– coa enumeración das medidas para articular unha auténtica reforma da Administración.

Neste empeño fracasaron moitos gobernos e constitúe un dos auténticos retos do meu Goberno articular unha Administración moderna, eficiente e profesionalizada, que sirva con imparcialidade e eficacia ós intereses xerais e que lle preste unha atención especial ó cidadán.

Como primeira medida para lograr este obxectivo, débense eliminar os grandes males que sofre a nosa Administración: a politización, a rutina, o burocratismo e o afastamento do administrado.

Os obxectivos básicos e a actuación que o noso Goberno se propón conseguir con respecto á Administración parten da fixación dunhas normas que garantan a súa profesionalización e os principios constitucionais de obxectividade, mérito e capacidade, e a revisión en profundidade de tódolos procedementos administrativos baixo o principio rector de racionalizar e simplificar o funcionamento da Administración, aplicando as técnicas máis avanzadas, de xeito que a nosa Administración autonómica se coloque, se pode, á cabeza das administracións públicas de España, tanto pola súa eficacia coma, sobre todo, pola súa preocupación polo administrado.

En materia de funcionarios públicos, as normas básicas que se editarán de inmediato, logo da consulta coas organizacións representativas dos funcionarios e cos órganos colexiados correspondentes, son as seguintes: Regulamento de selección de persoal, Regulamento de provisión de postos de traballo, Regulamento de réxime disciplinario da función pública.

Estas medidas, esixidas como desenvolvemento inmediato da Lei de función pública da Comunidade, completaranse cun proxecto de lei de reforma da función pública, co fin de garantirla estabilidade no emprego do persoal interino, laboral por tempo indefinido que desempeñe funcións administrativas e contratado administrativo, co fin de que os que non superen as probas de acceso á función pública poidan quedar, dalgún xeito, como persoal laboral fixo que se debe extinguir.

Así mesmo, e mentres non se remate o proceso de regularización da función pública, e agás para prazas puntuais, os concursos para provisión de vacantes terán carácter interno.

Os grandes obxectivos de profesionalizar a Administración e a articulación dunha efectiva carreira administrativa desenvolveranse utilizando para iso como elemento estratéxico a Escola da Función Pública. Da súa eficacia dependerá, na práctica, logra-la profesionalización e tecnificación da nosa Administración, e por iso prestáremoslle toda a nosa atención.

Outro eixe da reforma administrativa é a racionalización, simplificación e informatización dos procesos administrativos. Os obxectivos básicos que se

deben conseguir son: achegamento ó administrado, simplificación de trámites, control de eficacia dos procedementos, normalización de documentos, maior rapidez no funcionamento da Administración, desconcentración da xestión nas delegacións provinciais da Xunta e nas oficinas comarcais, accesibilidade e control da información, simplificación e refundición da normativa legal, edición de folletos ou guías de procedemento para uso do administrado.

Será obxecto de particular atención a racionalización de procedementos en materia de subvencións e a desconcentración da xestión do capítulo VI dos presupostos nas delegacións provinciais da Xunta.

Para a efectividade da reforma administrativa crearanse, como órganos específicos, os seguintes: a Comisión central da racionalización, a Comisión de Consellería e a Comisión de revisión da normativa legal.

Como elemento impulsor e dinamizador da reforma configúrase a Inspección central de servizos, que se instituirá ó mesmo tempo como órgano para a defensa do administrado.

Señor Presidente, señoras e señores Deputados, sería en verdade pedir demasiado intentar que puidese eu, e penso que ninguén, rematar un discurso como este sen unha verdadeira e profunda nota de emoción.

Non fixeron o mundo nin a vida os ordenadores, nin as máquinas frías. As grandes creacións humanas teñen máis que ver co fondo da poesía, coa labrada do entusiasmo, co severo son dunha sinfonía de Beethoven ou de Brahms. E, por suposto, coa alegría das nosas gaitas e o «rouco son dos piñeiros», ós que Pondal interrogaba sobre o destino de Galicia.

Dixen, e é verdade, que sinto que, dalgún xeito, toda a miña vida foi unha longa preparación para este momento. Ó velo chegar sintome cargado de responsabilidade, recoñecendo que, despois de todo, un home non é máis ca unha nimiedade, unha anécdota dentro da historia profunda dun pobo. Algunha tarefa especial vainos abrumar ós que temos que darlle liderato e esperanza neste momento á verdadeira encrucillada.

Imos ir cara a adiante. Non imos distraernos en utopías nin en verbalismos. Imos asumir por completo o destino de Galicia, cara á súa plena identificación, cara á modernidade, con plena superación de calquera tipo de complexos. Para iso volvo ofrece-la plena dispoñibilidade da maioría desta Cámara á colaboración de todos.

A altura dos problemas que hoxe imos encarar atrévome a dicir, unha vez máis, que todos somos poucos para tentalo. Galicia afróntase co peso da súa marxinación xeográfica, da súa poboación envellecida, da súa economía

descapitalizada, de que a distancia coas rexións máis ricas non diminúa, senón que aumenta. Por iso penso que este é o momento no cal, gardando cada un os seus posicionamentos lexítimos, non sería disparatado pedirles a todos que afrontasen os desafíos que aí están desde un espírito constructivo ó servizo de Galicia.

O lema dos irmandiños, a irmandade da xusticia, é aplicable ó noso tempo.

Nese espírito, desde logo, será desde o que a coalición do Grupo Popular e dos Centristas de Galicia van traballar, e desde o cal me atrevo a solicitar desta Cámara a súa confianza para desenvolver un eficaz labor de goberno durante a presente lexislatura.

Pido disculpas, señor Presidente, señoras e señores Deputados, pola inevitable extensión deste discurso, e sométome gustoso ós debates á decisión do Parlamento de Galicia.

Moitas grazas.

DISCURSO DE TOMA DE POSESIÓN COMO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA NO PAZO DO HÓRREO

5 de febreiro de 1990

Señor presidente do Parlamento de Galicia, señor representante da Administración Central, excelentísimos e ilustrísimos señoras e señores:

Os discursos inaugurais, como as primeiras pedras, recobran o seu verdadeiro sentido cando, anos máis tarde, se coroan os edificios e se pode dar conta do labor realizado. Non son por iso partidario de longas disertacións en momento como este.

Hai ben poucos días, neste Parlamento de Galicia tiven a honra de presentar o noso programa de goberno, que, sancionado polo electorado galego nunha clara maioría, recibiu a confianza igualmente maioritaria da Cámara. Agora só cómpre ratificar, ó recibir para a nova Xunta que me honrarei en presidir os poderes executivos da autonomía, o máis serio dos compromisos coa nosa Galicia e convosco, os seus lexítimos representantes.

Agradezo a presenza neste acto de tantas representacións ilustres e significativas; do Goberno de España, doutras rexións autónomas e de numerosos sectores sociais. Decididos como estamos a contribuír a unha Galicia mellor, sabemos que non o poderíamos conseguir pola vía do rexeitamento, do odio



O delegado do Goberno, Domingo García Sabell, e o ministro de Administracións Públicas, Joaquín Almunia, representaron o Goberno central na toma de posesión de Fraga no salón nobre da sede do Parlamento



ou da loita de clases. Nin tampouco pola vía do illamento, da desafección ou da insolidaridade coas demais comunidades autónomas de España, cos outros pobos de Europa, con tódolos membros desa humanidade que arelante contempla os grandes cambios cos que todos nos achegamos ó ano 2.000.

Dito isto, teño que deixar moi claro que a nosa primeira atención e esforzo será por e para Galicia. Por suposto hai un dereito e un deber natural a defenderse contra a opresión, a inxustiza, a insolidaridade, a falta de recoñecemento da propia personalidade. Ese dereito e deber natural, precisamente porque ninguén o pode negar, non necesita do recoñecemento de ninguén, e tampouco é para xogar con el en liortas inoportunas e insolidarias.

Imos facer canto poidamos por Galicia, seguros de que con iso traballamos tamén pola nosa grande España; por esa Europa que nestes momentos dá outro paso de xigante cara á súa plena reintegración; por un mundo necesitado máis que nunca de paz e de entendemento entre o norte e o sur, entre o leste e o oeste, entre tódolos homes de boa vontade.

No marco da lexislatura que acaba de comenzar imos procurar sentar as bases definitivas, políticas, lexislativas e administrativas, da autonomía galega, e así mesmo contribuír seriamente ó desenvolvemento económico, social e cultural da nosa xente; que ben o necesita, logo de tantos atrancos, derivados da súa condición periférica na Europa comunitaria e de tantas pretericións inxustas, contra as que imos loitar con afouteza.

Invito a todos os galegos e a cantos nos vexan con simpatía dende este acto institucional da transmisión de poderes, e a quen reciba estas imaxes, a axudarnos no que poidan.

Moita historia líquida pasou baixo as pontes do Miño e do Ulla. Pido a Deus que a etapa que hoxe iniciamos sexa para avanzar sen vacilacións nin enfrontamentos. Unha navegación que leve a bo porto tantas ilusións e confianza de infinitos galegos.

O noso concepto da sociedade é aberto, non dogmático; é de fe no popular, non nos intervencionismos excesivos; é de valora-la lei e a xustiza; é de fomenta-la iniciativa, o traballo, o mérito, o esforzo, a seriedade; é o de valora-los feitos máis cás verbas.

Nese espírito asumo as miñas serias responsabilidades e dispóñome a servir a Galicia e a España.



Fraga posou nas escaleiras do pazo do Hórreo cos centos de convidados, antes de facer a súa entrada triunfal no pazo de Raxoi.

ACTO DE CONMEMORACIÓN NO PARLAMENTO DO 10º ANIVERSARIO DO REFERENDO DO ESTATUTO DE GALICIA

21 de decembro de 1990

Señor presidente do Parlamento de Galicia, señoras e señores deputados, excelentísimos e ilustrísimos señores, señoras e señores:

Hai xa 10 anos dende a aprobación definitiva do Estatuto de Galicia. Tiven o honor de formar parte da Comisión Parlamentaria que o debateu e asemade tiven moito que ver coas negociacións posteriores que permitiron (caso único) que o primeiro texto volveuse ás Cortes e se modificase, antes de se someter a referendo, dun xeito aceptable para o pobo galego.

O 21 de decembro de 1980, nunha atmosfera fría cando non hostil por parte do Goberno da Nación e dalgúns sectores da poboación española, o pobo galego plebiscitou afirmativamente, por segunda vez na súa Historia, un Estatuto que recollía os seus devezos autonomistas. Nada menos que vintedous meses, fronte ós seis dos Estatutos vasco e catalán, foron necesarios para sacármolo adiante.

Pasaron dez anos dende entón e este Estatuto supera no seu período de vixencia a máis dunha das nosas constitucións históricas, por riba dos receos e das incomprensións que se deron na súa elaboración e posta en marcha.

Dez anos máis tarde penso que cómpre recoñecer, máis alá da nosa opinión persoal ou de grupo sobre esta ou aquela disposición do Estatuto, e da nosa

aspiración lexítima de que algún día xurda a ocasión e se cre o consenso necesario para melloralo, que, no seu conxunto, o Estatuto supuxo un paso de transcendencia histórica para Galicia e que, no marco da Constitución vixente, segue conservando a virtualidade necesaria para novos avances.

Na promoción e defensa da galegitude; no logro das máis altas cotas de autogoberno; na consecución dunha Administración cada día máis galega e eficaz; no establecemento dunha plataforma de reivindicación da xusta solidariedade por parte do Estado español e da Comunidade europea, e na lexítima procura da autoidentificación, a autorrealización, a promoción do prestixio e orgullo do galego e dos galegos.

Foron dez anos duros e frutíferos á vez. Quizais non se tratase do instrumento ideal, pero foi e é un instrumento útil para que Galicia se encontre a si mesma sen renunciar á súa identidade nun sistema planetario cambiante no que pretende ocupa-lo lugar que sempre lle correspondeu pola súa historia, pola súa cultura, o seu idioma, a súa personalidade, as súas xentes. En definitiva, o lugar que Galicia e os galegos merecen, xa que entre as tendencias claras das sociedades actuais, cara ó ano 2000, están as que nos levan paralelamente á formación de grandes espacios económicos e políticos, e tamén á renovada valoración do peculiar de cadaquén.

Dende había máis dun século, Galicia, primeiro en base ó movemento provincialista, logo ó rexionalismo do profesor Alfredo Brañas, máis tarde a xeración NÓS e os devezos do estatuto autónomo dos anos 30, e cun forte movemento cultural e reivindicativo, de Rosalía de Castro a Castelao, foi movendo as bases dun proxecto político, cultural e modernizador que culminaría neste Estatuto do que celebramos hoxe a súa aprobación popular.

Porque a identidade galega é a resultante dun proceso histórico peculiar; somos unha comunidade estable, historicamente formada e asentada nun territorio ben definido pola singularidade dos seus contornos xeográficos, cunha lingua de seu creada no curso dos séculos e que este pobo soubo conservar coma un dos principais sinais de identidade, cunha psicoloxía tamén de seu, produto de factores histórico-sociais específicos, diferenciada da do resto das demais comunidades que, con Galicia, forman a patria común, única e indivisible.

E foron estas circunstancias históricas e culturais as que levaron a Vicente Risco a propoñer como medio de solución para os problemas de Galicia un programa de contido democrático, integrador e autonomista, programa aprobado polas Irmandades da Fala e no que se definía —xa en 1918— a Galicia

como nacionalidade, pedíase a autonomía integral, a cooficialidade dos idiomas galego e castelán, a igualdade de dereitos para a muller, a representación proporcional no sistema electoral, a creación dun poder autónomo representado por unha Xunta e un Parlamento elixido por sufraxio universal, a potestade docente para o poder galego, así como a de orde pública, dentro da súa propia esfera e outras cousas máis, quizais utópicas, quizais non realizables, pero que, en calquera caso, este, o noso Estatuto, con tódalas limitacións que poida ter, achéganos e fainos ver con esperanza o futuro, xa que é un punto de partida, pois é preferible mellorar unha situación dende a posesión e dende a realidade que non intentar fachendosame mellorar dende unha hipotética utopía; dende a irrealidade.

Porque a Historia hai que contemplala dende o momento en que se produce nas súas concretas circunstancias se queremos xulgala con acerto. Así, Murguía, ó reclamar unha ampla autonomía para Galicia, afirmaba a idea de que o desenvolvemento das nacionalidades non debía significalo seu afastamento, senón unha meirande unión entre elas e que as que viven baixo unha mesma lei e bandeira sigan a súa lei, conserven os seus costumes, falen a súa lingua e non vexan rematar todo baixo o peso da centralización.

E para chegar a iso, un Estatuto de Autonomía debe ser, ante todo, unha norma para a convivencia e debe contar cun respaldo máximo e plural como o que ó longo destes dez últimos anos foi logrando o Estatuto de 1981, con independencia das diversas e lexítimas opcións políticas de cadaquén. Trátase de potencia-la engranaxe que poida remover tódalas enerxías do pobo galego, as do espírito e as de carácter social.

Porque se dá o caso de que a situación de Galicia responde ós mesmos postulados cá das outras Comunidades históricas, como Cataluña e o País Vasco, no que se refire ó sentimento da identidade colectiva e das súas manifestacións e consecuencias: cultura, lingua, institucións públicas e privadas, o modelo de organiza-la convivencia e ata un asentamento peculiar da poboación.

Pero é que, ademais, Galicia diferénciase claramente desoutras Comunidades por se tratar dunha Comunidade insuficientemente desenvolvida, que conta cun forte saldo migratorio, o que fai que a nosa situación sirva para clarrexar e comprende-lo fenómeno autonómico nas súas correctas dimensións, xa que o Estatuto para Galicia situouse nunha posición ideal para constituírse en paradigma doutros textos autonómicos, como foi o caso de Andalucía, xa que participa das características propias das Comunidades históricas e

dos problemas e aspiracións que suscitan os desequilibrios rexionais e unha centralización excesiva do poder e da Administración

Trátase dunha posición que permitiu a Galicia presenta-lo seu proxecto cunha indubidable orixinalidade ante o resto de España: autoconciencia da súa personalidade, non menos acusada cá das outras Comunidades integrantes do Estado Español e cunha cultura non menos diferenciada, sendo, en cambio, unha Comunidade de emigración e de insuficiente desenvolvemento con especial valoración da paz e do respecto á Lei e cunha aprobada capacidade para o diálogo e o acordo, como o amosou o proceso estatutario cos seus avances e retrocesos, as súas incompreensións e desánimos pasaxeiros, que culminaron nesa mostra de concordia e galeguidade de ben que foi o Pacto do Hostal, subscrito por tódalas forzas políticas galegas.

Por iso, Galicia asume claramente a súa personalidade, quere se-la que foi e a que será. Pero, ó mesmo tempo, séntese participativa nas grandes empresas españolas, europeas e universais. Reclama os medios para poder defende-lo que é propio nas súas catro provincias e en todas partes. Rexeita toda actitude de afastamento. Está no seu sitio, lonxe tanto das utopías separatistas coma da creación de novos centralismos, opoñéndose tamén ó centralismo interno, porque recoñece as autonomías a tódolos niveis nunha escala de subsidiaridade.

Así o noso Estatuto prevía a posibilidade de recoñecer á comarca como entidade local con personalidade xurídica, como personalidade xurídica se lle recoñece tamén ás parroquias rurais. E o Parlamento de Galicia aprobou en 1989 a Lei de Delimitación e Coordinación das competencias das Deputacións Provinciais, porque unha Comunidade Autónoma ha de constituir unha peza clave que ensamble coas do conxunto do Estado e estea, á súa vez, artellada nas súas propias compoñentes.

Se a autonomía supón, por definición, un dereito á autoidentificación e ó equilibrio entre a integración na superior unidade nacional e europea, e o recoñecemento da propia personalidade, todo iso maniféstase na necesidade dun autogoberno e autoadministración reais. E este autogoberno quere dicir representación auténtica e medios propios de administración no marco dun Estatuto competencial suficiente e, dentro da propia autonomía, desconcentración, descentralización e coordinación.

Hoxe o problema máis grave suscitase no terreo da financiación autonómica. Non se cumpre o principio elemental de suficiencia de recursos, o que nos obriga a un endebedamento crecente. E que conste que Galicia non é

das Comunidades máis endebedadas na actualidade, malia a evidente insuficiencia dos recursos.

Recentemente avanzouse na configuración do Fondo de Compensación Interterritorial como un mecanismo específico para a corrección de desequilibrios, superando a súa inadecuada utilización como mecanismo financeiro polo que se viña atribuíndo ás Comunidades Autónomas o «investimento novo» correspondente ós servicios asumidos.

Nestes momentos, os mecanismos financeiros básicos son eminentemente redistribuídos, sendo preciso facer un encaixe destes co Fondo de Compensación Interterritorial, tarefa que se abordou, en parte, coa reforma do Fondo elaborada no Senado e recentemente aprobada no Congreso dos Deputados, con significativas abstencións, non en canto a que non se estea de acordo coas melloras introducidas no terreo da solidariedade ó reduci-lo número das Comunidades acreedoras do Fondo, senón pola insuficiencia destas melloras nas que, por razóns non expresamente de Estado, non se quixeron introducir as modificacións que propuxo o grupo político ó que pertenzo.

É preciso deseñar un esquema coherente para a distribución dos recursos ordinarios a través da porcentaxe de participación e dos demais mecanismos complementarios da financiación básica da nosa Comunidade Autónoma.

A clave é acordar uns puntos de partida que ninguén pode discutir e que sirvan de fundamento claro para basea-la ponderación das variables distributivas contidas no artigo 13 da Lei Orgánica de Financiación das Comunidades Autónomas.

A Facenda Central ten que garantir, cos recursos xerais, iguais niveis de satisfacción nos servicios públicos a tódolos cidadáns, de xeito que aquelas Comunidades que teñan dotacións por riba da media non deberán recibir recursos adicionais —e digo «adicionais», non que non deban contar con recursos— que se destinarían a aquelas outras que, como Galicia, ocupan posicións menos favorables.

Neste senso, en datas recentes, como Presidente da Xunta de Galicia, asinei un convenio co Goberno da Nación, representado polo seu Ministerio de Obras Públicas, en relación coa aceleración da mellora dos accesos a Galicia, polo que o Goberno do Estado se compromete a destinar para esta fin un mínimo do 30 % das cantidades totais presupostadas anualmente para a construción de autoestradas en todo o Estado, aportación solidaria da que todos cremos que Galicia era xusta acreedora en nome do principio constitucional de solidariedade.



As primeiras autoridades galegas asistiron ao acto conmemorativo no Parlamento do X aniversario da aprobación do Estatuto de Autonomía de 1981.



En definitiva, dez anos despois de plebiscitado o Estatuto de Autonomía para Galicia ¿cal cremos que é o seu grao de cumprimento e desenvolvemento?.

Sei que esta pregunta non ten unha resposta unívoca para tódalas forzas políticas galegas, pero en canto representante do grupo que hoxe é maioritario e coa obriga que a miña presidencia impón de defende-los intereses de Galicia por riba de calquera outros, eu diría que estamos nun 60 %. As institucións están practicamente desenvolvéndose, e coido que cumprindo a súa finalidade integradora. A súa aceptación polo pobo é razoable.

En materia de transferencias negociouse con bos resultados a transferencia do Insalud; pero aínda queda moito por facer: están as Cámaras Agrarias, fundamentais en Galicia; están os temas de pesca, está a contaminación das nosas augas litorais e interiores, está a praga dos incendios forestais sobre os que a Xunta está volcando os medios dos que dispón e que son insuficientes.

Hoxe temos competencias, pero os medios para desenvolve-las son manifestamente insuficientes. E se temos, como é verdade, que axudar ás Deputacións e Concellos, que están aínda peor, resulta que os fondos da Comunidade son netamente insuficientes. Polo tanto, como xa expuxen perante o Senado da Nación, tendo en conta a ponderación económica, temo que quizais haxa que baixar ó 50 %.

É moito, por certo, o que nos queda por facer, e é moito, tamén, o camiño que podemos e debemos percorrer xuntos, sen mingua das nosas lexítimas diferencias e ilusións.

Don Niceto Alcalá Zamora dixo que foi un erro pretender que coa soa axuda da Constitución e dos Estatutos de Autonomía se puidese levanta-lo edificio enteiro do Estado integral.

Efectivamente, os textos non constitúen un elemento único para chegar a un fin de convivencia e desenvolvemento harmónicos no Estado das Autonomías, pero son imprescindibles para logralo. Por suposto, as obras humanas son perfectibles —e o noso Estatuto o é— pero poden ser perfectamente válidas se se actúa con entrega e con lealtade ó servizo duns ideais da realidade histórica que en cada momento nos toca vivir.

En fin, o Estatuto debe ser, estao a ser, a engranaxe para remover tódalas enerxías do pobo galego, que non son poucas, as do espírito e as de carácter social, e niso debemos estar todos, sen exclusións de ningún tipo. E ós que non o crean así recórdolle-las palabras de Castelao:

«Non lle poñamos faltas á obra. O que pense que está mal, que traballe nela, hai sitio para todos».

Como dicía o noso inmortal Curros:

«Todo para ser grande e forte / se une, xunta e reconchega. / Quen á discordia se entrega / vai dereito cara á morte. / Non agarde mellor sorte / quen fomenta divisións».

Por iso, Sr. presidente, queridos compañeiros parlamentarios, permitíndeme que manifeste que o día de hoxe debe ser un día de unión, para seguir adiante, traballando por Galicia, cada un dende as súas ideas, pero todos cara adiante.

DEBATE DE POLÍTICA XERAL COA COMPARECENCIA DO EXCMO. SR. PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA PARA EXPOÑE-LO PROCESO EVOLUTIVO DA AUTONOMÍA, A ACTUAL SITUACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E A SÚA ARTICULACIÓN E DESENVOLVEMENTO FUTURO

19 de febreiro de 1991

Señor presidente, señoras e señores deputados, sempre un debate sobre o estado da nosa Galicia e da súa autonomía é un debate importante. Éo máis nestes momentos, nos que todo nos lembra o momento histórico transcendente que vivimos. Cerramos un século, achegámonos a un novo milenio, atrona o son das armas e a preocupación polos desastres ecolóxicos. Son, por iso, consciente dunha especial responsabilidade ó dirixirme nestes momentos a esta Cámara como representante do pobo galego, cando se acaba de completar un ano da xestión da Xunta que me honro en presidir.

Comparezo perante as súas señorías por petición propia, en función do disposto na Lei reguladora da Xunta e do seu presidente e no Regulamento da Cámara, para traer ó Parlamento o debate sobre a cuestión que a todos nos importa: o desenvolvemento futuro da nosa Comunidade Autónoma considerado nas súas liñas básicas, que, á súa vez, descansa nunha análise da situación actual e presenta unha estratexia posible para a súa consecución.

Do anterior despréndese que a miña intención é analiza-la acción de Goberno no ano anterior, os obxectivos para 1991 e, sobre todo, as liñas mestras que queren configura-lo desenvolvemento económico, social e cultural de Galicia durante a década dos 90.

Para facilitar tales obxectivos dispuxen o método de traballo do cal este discurso non é máis ca unha parte, sendo a outra a documentación escrita que as súas señorías van recibir, na cal se expoñen numerosas accións concretas realizadas polo meu Goberno en 1990, e que sería excesivamente prolixo explicar aquí. A elas engádenselle-los obxectivos concretos para 1991, centrando, por iso, o discurso nos aspectos estratéxicos do noso desenvolvemento. Digamos que, para unha máis correcta interpretación destas accións e previsións, se estruturaron segundo os eixes de actuación básicos, porque o carácter coordinado das actuacións do Goberno fai que a exposición por departamentos e consellerías non sexa a máis axeitada, debido ás numerosas e importantes accións de conxunto ou interdepartamentais.

Dous factores permanentes, a construción da nova Europa e a internacionalización crecente do económico e a sociedade, e mais un feito conxuntural, a crise bélica do Golfo, compoñen un marco de inescusable referencia para inserir calquera proxecto de futuro. E se isto, dunha banda, incrementa a incerteza de calquera deseño social, doutra, estímálanos a un exercicio de constante creatividade para buscar fórmulas novas que poidan ser útiles para resolve-los problemas de sempre nunhas circunstancias continuamente cambiantes. Os plans de Goberno a longo prazo deben te-los mecanismos de axuste que permitan a súa adaptación ós cambios que aceleradamente se producen, evitando, por outra parte, quedar nos obxectivos inmediatos, porque correríámolo risco de perde-la perspectiva que o tempo histórico que vivimos nos impón.

Hai un ano aproximadamente, o discurso de investidura que tiveron o honor de expoñer nesta Cámara explicaba os obxectivos que ían guía-lo labor do Goberno que daquela comezaba. Transcorrido un tempo breve e pensando no termo de grandes obxectivos rexionais, non podo facer outra cousa –mesmo sería pouco serio o intentalo– máis que enumerar algunhas das realizacións que constituíron o punto de arranque do proxecto, pero nunca a súa culminación. O noso proxecto de Goberno, por ser un proxecto global, precisa para a súa execución dun prazo medio razoable, porque estamos intentando deseñar un futuro para Galicia, para a consecución do cal se esixirán actuacións continuadas ó longo dun período máis dilatado de tempo.

Asistimos, por outra parte, a un fenómeno sociopolítico de particular interese para nós; refírome á consolidación das rexións, comunidades básicas do novo mapa europeo, e niso vemos dúas razóns fundamentais. A primeira é a nova función xeopolítica que as rexións adquiren nas comunidades supranacionais, neste caso, a Europa comunitaria; e a outra, a necesidade de reforza-la identidade rexional como contrapeso á excesiva homoxeneización dos comportamentos e dos valores a que un internacionalismo mal entendido podería conducir. A forza do rexional baséase, máis ca en razóns estratéxicas, en factores persoais relativos á convicción de formar parte dunha realidade sociocultural diferenciada.

A estas dúas razóns quixéralle engadir unha que contribúe a reforza-lo papel das rexións. Esta é a adecuación existente entre o ámbito rexional, como espacio óptimo para a planificación do desenvolvemento e a súa contribución á converxencia económico-social da comunidade, o cal, sen dúbida, será o soporte para unha Europa máis cohesionada e, polo tanto, mellor desenvolvida e máis solidaria.

Este papel das rexións como interlocutores primarios ten como contrapartida o aumento da competencia interrexional, precisamente porque o desenvolvemento é un obxectivo xeneralizado, e non tódalas rexións teñen as mesmas posibilidades de dirixir un modelo unívoco. Sen embargo, isto non implica que debamos prescindir de programar un futuro que teña como obxectivo preferente un modelo de desenvolvemento baseado nunha mellor calidade de vida, ó cal se ordenan os factores exclusivamente económicos, que, non obstante, non é posible separar nin na teoría nin na práctica.

O noso modelo de futuro débese basear na identificación diferenciadora da nosa realidade rexional para detectar e potencia-las vantaxes comparativas, dinamizando a nosa capacidade de competencia interrexional dentro do marco europeo. Ese desenvolvemento cualitativo debe ter como horizonte de actuación a calidade ambiental, a innovación tecnolóxica e cultural, o desenvolvemento do noso potencial endógeno e, de xeito especial, a mellora do nivel de formación de tódolos galegos, porque todos somos necesarios para un proxecto de desenvolvemento solidario, que é o que Galicia precisa; cultura, tecnoloxía, economía e territorio son, xa que logo, variables básicas para nos ilusionar nun proxecto participativo, gradual e descentralizado. Non podemos esquecer que somos unha rexión periférica no sentido xeográfico e no sentido socioeconómico, e que a amplitude e profundidade dos nosos problemas esixe unha converxencia de esforzos

e un papel constructivo e unificador no que os problemas persoais ou de grupo deben ser subordinados ó proxecto global.

Destas consideracións xerais despréndense os nosos grandes obxectivos:

A contribución de Galicia á construción de Europa e do Estado autonómico español.

A autoidentificación como idea de articulación.

Unha política económica e social que teña un soporte no territorio e valore o home como peza fundamental.

E todo iso para lograr unha Galicia máis cohesionada, máis competitiva, na que a equidade territorial e social primen sobre un planeamento baseado soamente na eficacia e no pragmatismo porque, desde sempre, defendemos un modelo de sociedade que comporta unha concepción non materialista do home.

As autonomías na CEE

Galicia, como todo proxecto rexional europeo, ten que iniciar a reflexión sobre si mesma, considerando os aspectos derivados da súa inserción en Europa. Dunha banda, porque esa é a perspectiva correcta onde debe deseñalo seu futuro, tan condicionado polas decisións tomadas no seo da Comunidade; pero, á vez, desde Galicia podemos adoptar unha posición activa que lle dea á Comunidade unha visión renovadora sobre o papel das rexións, baseado no principio de subsidiariedade, aplicado ás súas relacións cos estados nacionais, coas organizacións internacionais e coa propia construción europea.

Isto concretouse, en primeiro lugar, na presenza de Galicia nos foros europeos, en particular, na Asemblea das Rexións de Europa, ARE, e na Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas, CRPM. Esta participación ten, entre outras, tres dimensións que quero destacar:

- a) A institucional, que supón a activa presenza de Galicia, reclamando para as rexións europeas un maior protagonismo na contribución de Europa.
- b) A técnica, a través da nosa participación en diversos grupos de traballo, nos que se elabora a documentación que serve de base para o estudo reflexivo dos problemas e solucións, e que despois son trasladadas ás instancias comunitarias, en particular a través do Consello Consultivo das Rexións e Colectividades Locais, adscrito á Comisión da CEE.
- c) E, finalmente, a colaboración interrexional, mediante convenios de colaboración, inter ou plurirrexionais. Entre eles cabe resalta-los de próximo asinamento co Pays de la Loire, sobre acuicultura, formación profesional

e outros temas, e a creación dunha comunidade de traballo Galicia-rexión norte de Portugal, da que xa se están tramitando os estatutos.

Neste contexto, tense que resaltar tamén o realzamento e a revisión do papel da Fundación Galicia-Europa, que ten unha oficina en Bruxelas. É un centro de información importante, tanto para a propia Administración autonómica coma para tódolos sectores económico-sociais de Galicia que queiran integrarse nela.

Estes datos non queren ser máis ca unha expresión da posición de Galicia no movemento rexionalista europeo. En comparación co protagonismo desempeñado polas outras comunidades históricas, Galicia retornou, mediante actuacións efectivas e concretas, ó lugar que neste ámbito lle correspondía.

Asumindo, polo tanto, a relevancia do movemento rexionalista europeo, tanto para a construción de Europa coma para estimular a cooperación interrexional ou plurirrexional, convén explicar os principios xerais en que ese movemento se debe basear e que se deben entender como unha contribución doutrinal á organización política europea:

- 1º Principio de subsidiariedade. Cada chanzo territorial débese especializar naquelas actuacións onde se revele máis eficiente, garantindo a existencia de espazos rexionais máis dinámicos e creativos. Esta aspiración deberase plasmar nos tratados comunitarios como principio constitucional xeral, segundo recollen as recentes resolucións da ARE tratadas en Estrasburgo os días 5 e 6 de decembro de 1991.
- 2º Principio de participación rexional. Na medida en que as competencias exclusivas ou intereses fundamentais do nivel rexional estean en xogo, cumprirá reforzar a representatividade rexional perante o Consello de Ministros da Comunidade Económica, sen prexuício da natural representación dos estados membros neste.
- 3º A participación rexional conxunta. Tódalas rexións, dentro da Comunidade Europea, deben ter a posibilidade de participar, desde a fase inicial, no proceso de toma de decisións comunitarias, para facer valer as súas preocupacións e intereses específicos. As institucións existentes e, principalmente, o devandito Consello Consultivo das Colectividades Rexionais e Locais non son suficientes xa para este fin. Por iso, e exclusivamente para estes efectos, poderíase crear, a medio prazo, un Consello das rexións e, a máis longo prazo, constituír un verdadeiro Senado europeo das rexións.

4º O dereito de apelacións. As rexións europeas deben aspirar a se beneficiar dun dereito de apelación propio contra as decisións do Consello e da Comisión.

5º Elección do Parlamento Europeo. Deberíase prever que o xeito de escrutinio considere a elección dos membros do Parlamento Europeo no marco de circunscricións electorais rexionais. Europa e, en concreto, as súas instancias parlamentarias e decisorias, presentan máis ca nunca unha especial sensibilidade cara ó feito rexional; proba diso é o Dictame da Comisión do 21 de outubro de 1990, relativo ó proxecto de revisión do tratado constitutivo da CEE sobre unión política.

Así mesmo, parece claro o consenso producido no Consello Europeo, do 15 de decembro de 1990, para lles dar cabida ás rexións e ás entidades locais nos procesos de toma de decisións comunitarias.

Chegou, pois, o momento en que o movemento rexionalista, liderado pola ARE, se enfronte ó gran reto de encontrar en Europa o lugar que ás rexións lles corresponde. E, neste proceso, Galicia está achegando a súa colaboración entusiasta, sabendo que o rexionalismo europeo é non só unha forma de identificación, senón tamén un modo de situar Galicia no lugar debido, pola súa iniciativa e potencialidades, dentro do contexto europeo.

Ó mesmo tempo que en Europa o movemento rexional vai tomando forma, dentro do Estado español foise consolidando o sistema autonómico. As comunidades autónomas, como expresión do autogoberno das nosas nacionalidades e rexións, teñen hoxe soamente trece anos de vida. Sen embargo, por responder a necesidades e aspiracións profundas dos diversos pobos e nacionalidades de España, están plenamente enraizadas e constitúen unha conquista irrenunciábel.

A previsión contida no capítulo III ou título VIII da Constitución converteuse, con carácter inmediato, nun sistema xeneralizado.

Esta xeneralización do modelo autonómico e a súa consolidación, nun período brevísimo de tempo, demostrou que os constituíntes non íamos por mal camiño. Pero no proceso evolutivo da nosa historia cómpre dar un novo paso, que vén esixido pola madurez atinxida polas autonomías, e que lles permita a estas asumir no sistema constitucional o peso que lles corresponde. Este novo paso está demandando unha reforma constitucional, aínda que limitada. A Constitución de 1978 non se debe sacralizar, senón que debemos te-la valentía suficiente para adaptala progresiva e decididamente ás necesidades reais de España.

A súa pervivencia soamente se asegurará na medida en que responda realmente ó seu obxectivo: se-la norma suprema que garanta a soberanía do pobo e que articule os sistemas básicos da nosa convivencia. Agora ben, a adaptación da Constitución á realidade social débese facer de xeito prudente e evolutivo, mediante retoques parciais e nunca de xeito global.

A xeneralización das autonomías e a súa importancia crecente dentro das administracións públicas territoriais fai necesario que pensem en abordar unha indispensable reforma da Constitución que lle asegure ó Senado un maior compoñente territorial, o cal deberá estar vinculado ás autonomías, co fin de conseguir que o Senado se constitúa no foro de discusión e no motor capaz de asegura-la articulación equilibrada das autonomías dentro do sistema constitucional.

Por iso propoñemos unha reforma limitada da Constitución nos seguintes aspectos:

Que os senadores elixidos polo conxunto das provincias se limiten a un total de 150 –artigo 69.2 da Constitución–, reducindo tamén a 2 os senadores elixidos dentro dos cabidos ou consellos insulares –artigo 69.3–. Que os senadores elixidos polos parlamentarios autonómicos se eleven a 150 –artigo 69.5–. Que nos temas que afecten directamente ás comunidades autónomas o Senado sexa unha auténtica Cámara colexisladora, na que se inicie a discusión parlamentaria, especialmente a relativa ós aspectos básicos do financiamento das comunidades autónomas.

Esta reforma constitucional deberase completar co desenvolvemento, mediante lei orgánica, do artigo 131.2 da Constitución, co fin de constituír un Consello económico e social e un Consello autonómico, como alí se prevé. Este último asumirá a función de coordina-la planificación do Estado central e das comunidades autónomas e a coordinación das súas políticas económicas.

Non quero rematar esta parte da miña intervención, dedicada a afondar no papel institucional que debe xogar Galicia como Comunidade Autónoma, sen facer unha referencia ós que considero conceptos clave: autoidentificación, autogoberno, solidariedade e participación.

Autoidentificación: é o dereito a ser galego con tódalas consecuencias, pero sen que iso teña nada que ver co concepto confuso, anacrónico e inconstitucional da autodeterminación. Polo contrario, trátase de lograr, á vez, o recoñecemento da propia personalidade para unha máis perfecta unión e integración do conxunto.

Autogoberno: o «self-Government» dos anglosaxóns pasa por dous supostos; autonomía real e representación auténtica do pobo. E supón, igualmente, medios axeitados para resolver os problemas de cada territorio, o que por desgracia hoxe non ocorre. Dentro desta concepción autonómica, por outra banda, non caben novos centralismos; tense que lograr de abaixo para arriba, con amplos procesos de desconcentración e descentralización, unha estreita cooperación coas administracións locais.

É de lamentar, ó respecto, que os mecanismos financeiros previstos na Constitución e na Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas, LOFCA, non foron desenvolvidos; así sucedeu coas asignacións para nivelación de servizos –esenciais para Galicia e outras rexións menos desenvolvidas–; a participación máis efectiva das autonomía na política de incentivos rexionais; a falta de capacidade para determinar os ingresos dispoñibles, e así sucesivamente.

Solidariedade: porque cada Autonomía ten que colaborar coas demais e co Estado nacional, dentro dunha plena lealdade constitucional e estatutaria, á vez que uns teñen que axudar os outros a través de servizos públicos e sociais mínimos e dun correcto e eficaz funcionamento do Fondo de Compensación Interterritorial.

Cuarto –e último–, participación: porque tódalas autonomía deben participar na formación das vontade do Estado, para os efectos interiores e exteriores e, en particular, nas cuestións comunitarias europeas.

Lingua e cultura

Paso agora a expoñer sucintamente os obxectivos e políticas concretas relativos a aspectos tan definitorios da nosa personalidade como pobo como son a lingua, a cultura e a Galicia do exterior.

Un idioma propio constitúe a base de identidade máis clara dun pobo e o vínculo esencial de unión entre as súas xentes. Por iso, o Estatuto de autonomía de Galicia estableceu como obriga para os poderes públicos galegos, ademais de garanti-lo uso normal e oficial do castelán e do galego, potencia-lo uso normal e oficial dos mesmos, potencia-lo emprego deste último e dispoñe-os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento.

A acción do Goberno neste campo desenvólvese a través da Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística, desde a que se pretende potencia-lo uso do galego. A potenciación da nosa lingua ten unha das súas bases no ensino.

A constitución dos equipos de fomento da lingua galega nos centros educativos é un primeiro paso, de carácter experimental, para unha formación con metodoloxías axeitadas para Galicia.

A normalización lingüística debe abarcar tódolos campos sociais, con estratexias selectivas para estruturar linguaxes específicas –administrativa, científica, xurídica, etcétera–, e co obxectivo global de xeneralización do idioma así como o seu recoñecemento a nivel internacional. Neste sentido propoñémonos expoñer perante o Parlamento Europeo o recoñecemento do galego como lingua comunitaria.

Este labor de difusión e de normalización do idioma ten que considerarse, doutra banda, como unha tarefa colectiva.

Os convenios coa Real Academia Galega, co Tribunal Superior de Xusticia de Galicia, coa Federación Galega de Caixas de Aforro, cos sindicatos, etc., intensificáranse como medio idóneo para a extensión da normalización lingüística a tódolos campos da vida social.

Igualmente cómpre impulsar accións de carácter científico que permitan abordar esta tarefa sobre bases sólidas: o Mapa sociolingüístico de Galicia, a elaboración das linguaxes informáticas no noso idioma, etc., son accións que deberán ser completadas como instrumentos básicos para a tarefa común da normalización.

A atención ó galego, alí onde se fale, é un principio claro que nos fai proxectar ó exterior para a conversión e extensión do idioma. Deste xeito, buscámo-la presenza da nosa lingua nas exposicións e certames internacionais, a atención ás nosas comunidades no exterior e o impulso dos estudos no campo internacional e nas comunidades limítrofes e, sempre, coa conciencia clara de que a convicción, o diálogo e a atracción son as mellores vías de promoción lingüística, na que os medios de comunicación teñen un importante papel, polo que lles pedimos que incrementen con decisión o emprego do galego para así ter, cada vez máis, medios e símbolos cos que autoidentificarnos.

A cultura galega, alicerce de toda acción colectiva, ten unha rica materialización no noso contorno rexional. Está na nosa realidade natural, desde os montes ás rías; está na nosa riqueza artística, románica e barroca, na súa ourivería, nunha lingua inmarcescible. Está tamén na forza do popular, na continuidade do folclore e nas vivencias máis profundas, porque entendémo-la cultura como un estado de sentimento comunitario que leva a unha sociedade a definirse a través das súas crenzas, usos e creacións culturais, como unha unidade peculiar e diferenciadora.

A identidade colectiva nace, xa que logo, dun sentimento unitario, da vontade das mulleres e dos homes de pertenceren a unha comunidade, a un pobo.

Este patrimonio identificable, de elevada significación espiritual, non é para nós un museo morto, unha cripta intanxible. Natureza, creación espontánea, obra de arte; en suma, como dicía o gran Ramón Piñeiro, «a enerxía activa que configura constantemente a identidade de cada pobo», de xeito que «a vitalidade cultural dun pobo é o seu patrimonio máximo», o poder máis importante «é o poder da cultura», cultura é xustamente «a resposta que o home dá á natureza», a actividade creadora do home para atender-las súas necesidades de autorrealización. «En suma» –remataba Piñeiro– «todo o que o home vai creando para os seus propios fins é o que chamamos cultura».

Por iso, porque se trata de crear respostas, a cultura non é só un patrimonio, senón un cultivo aberto e permanente; pluralista e histórico, un desafío e un compromiso. Por iso, un pobo creador só pode ser un pobo culto; e deixa de selo en canto deixa de ser creador.

A xeración «Nós» advertiu e desenvolveu estes principios, primeiro o de identificación dun legado importante e en gran parte descoñecido. E nós, cando falamos de autoidentificación, estámonos referindo a que Galicia asume claramente a súa personalidade, a súa conciencia de ser ela mesma, a súa lingua admirable, os seus costumes e valores; quere se-la que foi e a que será, pero séntese participativa nas grandes empresas europeas e universais.

Eu creo que iso esixe –e esta paréceme se-la mellor interpretación do último Risco e do mellor Cunqueiro– unha capacidade para transcender calquera tentación localista; recoñecer que é galego o que ocorre e o que se produce en Galicia e tamén o que fan os galegos en calquera parte ou en calquera materia. Consiste en respectar sempre a tradición popular, como fixeron o padre Sarmiento, Rosalía de Castro, Cuevillas ou Otero Pedrayo, e saber que hai que superala en obras de alta cultura. Como dicía Risco, «temos que poñer-la cultura europea en galego»; «europeísmo e enxebismo conxugados dan o atlantismo», dicía o grande mestre, e a cultura galega ten que se realizar en occidentalismo e europeísmo.

Para que a cultura sexa un proceso vivo e enriquecedor para tódolos galegos, hai que deixar á marxe, con decisión, tódalas formas de política cultural baseadas no mero paternalismo e no enfoque dirixista de determinadas accións e proxectos de contido cultural. Nós entendemos que a cultura é tarefa que lle incumbe á sociedade enteira, non como algo que lle é alleo, senón

como elemento radical do seu propio ser e sen a existencia do cal unha sociedade libre deixa de ser ela mesma.

Por iso, a acción administrativa sobre a cultura consiste, fundamentalmente, no establecemento dos alicerces básicos para que a creatividade individual e social poidan medrar e desenvolverse por si mesmas, e de tal maneira que, ó facelo, tódolos que forman parte dela se enriquezan como cidadáns.

Por outra banda, a acción cultural abarca tódalas institucións que se ocupan do feito cultural; con elas cómpre ter unha relación directa e fluída que sirva para contrastar puntos de vista e para reformar ou modificar posicións.

Nesta tarefa, por isto, ningún se debe sentir excluído, xa que todos estamos comprometidos na reflexión e na acción cultural, para facer da cultura galega unha realidade articulada e aberta que, partindo do seu pasado, estea –como sempre estivo– informada polas correntes ou movementos culturais de ámbito universal. Así, cando desenvolvámo-la identidade cultural de Galicia estamos tamén contribuíndo á cultura entendida como un ben universal.

Ó entende-la cultura como unha tarefa de todos, queremos chama-la atención, unha vez máis, sobre o grande papel que debe te-la sociedade galega na conservación e na difusión do noso importante patrimonio artístico e cultural. Dunha maneira especial, desexámo-la colaboración das empresas e da iniciativa privada neste campo, xa que os medios que se precisan son moi cuantiosos e as dispoñibilidades públicas insuficientes.

Unha política cultural ten que incluír tamén, aínda que sexa dun xeito indirecto, a defensa e ordenación do patrimonio natural recibido, xa que a conservación da natureza é, así mesmo, o reflexo dunha actividade cultural profunda, polo que se descoidámo-lo medio poñemos en perigo as nosas propias condicións de vida.

Non comparto as teses pesimistas dalgún libro recente como o de Hans Jonas, para quen «o Prometeo definitivamente desencadeado da técnica podería conduci-la humanidade ó bordo do abismo», pero si creo, como Hans Jonas, que é absurdo opoñe-la natureza ó reino do humano; ambos teñen un destino solidario, ata tal punto que a conservación daquela implica a permanencia do outro. A natureza, é certo, xa non é aquela reserva fabulosa e inesgotable, senón que, ó facela manipulable, convertémola nun ser fráxil e ameazado. E, por iso, comparto tódalas preocupacións para establecer urxentemente unha nova responsabilidade cara a todo o non humano, xa que se descoidamos isto último poñemos en perigo as nosas propias condicións de vida. Hai un imperativo absoluto: que a humanidade exista. É dicir, que como

non témo-lo dereito de escolle-lo non-ser para as xeracións vindeiras, cómpre que enunciemos de novo o imperativo categórico de Kant e «**actuemos de tal xeito que os efectos das nosas accións sexan compatibles coa permanencia dunha vida autenticamente humana sobre a terra**».

Desde un punto de vista operativo, distinguimos entre actividades culturais fomentadas ou subvencionadas polo Goberno –aquelas que teñen un valor expresivo, local, tradicional, folclórico, etc.– e que, certamente, son ou se entenden como un servizo público ó lado dunha cultura popular; e aquelas, ben distintas, que teñen un valor e unha eficacia que as fai –por dicilo en termos económicos– competitivas e que cabe entender non en termos de servizo senón de investimentos.

Intentámo-lo equilibrio entrámbalas dúas accións cos ollos postos na necesidade que o noso país ten da creación de infraestruturas culturais e xuvenís, a consolidación e utilización do noso rico patrimonio arquitectónico e a conservación e o coñecemento da riqueza artística e documental, ou a preparación duns espazos xuvenís capaces de dinamiza-la demanda.

Outro aspecto básico que hai que resaltar é o referente á defensa do riquísimo e pouco explorado patrimonio etnolóxico e arqueolóxico, mal recollido aínda en museos, fonotecas e videotecas.

O noso patrimonio histórico-documental precisa dun inventario e de ordenación. Por iso, este Goberno poñerá en marcha a Comisión Superior do Patrimonio Galego, o Instituto de Restauración e o Centro de Estudio e Difusión, apoiado en publicacións, bibliotecas e medios audiovisuais, que serán ademais instrumento de primeira orde para a promoción exterior de Galicia.

Pensando nisto, promovémo-la grande exposición «Galicia no tempo», no recinto de San Martiño Pinario, onde os galegos témo-la oportunidade de ver reunidas, por primeira vez, as grandes pezas da arte galega de tódolos tempos e, polo eco que está atinxindo nos medios de comunicación nacionais e estranxeiros, actúa como medio difusor de gran alcance dos valores da nosa cultura e da nosa realidade.

O noso patrimonio documental está merecendo, igualmente, a nosa atención: a toponimia, a epigrafía, as fontes literarias e a documentación propiamente dita van ser obxecto de inventario, recolleita, custodia e publicación.

Darémo-la vitalidade que se merece a tódolos nosos centros de estudio e investigación da cultura e da realidade galega, porque somos conscientes de que o seu coñecemento é elemento substancial de nós mesmos, para apoiar nas raíces do noso ser o novo e grandioso despertar cultural que se

aveciña aproveitando as posibilidades da sociedade, da información e da comunicación.

Partindo do principio incuestionable de que Galicia non é soamente un territorio xeográfico, senón tamén unha comunidade humana universal, debido ó asentamento de moitos galegos en países de distintos continentes, dedicámoslle unha especial atención á Galicia do exterior, procurando que o noso sentido de solidariedade e sentimento de pobo, que ós galegos nos impulsa, se reafirme con solidez e permanencia no tempo.

De acordo con este criterio establecemos, neste primeiro ano de goberno, programas de actuación dentro da asistencia social, da formación e da acción cultural, con especial atención á xente nova e á terceira idade, ó mantemento estrutural e funcional dos nosos centros e sociedades no exterior, das nosas asociacións empresariais fóra de Galicia e aínda de España e, de forma preferente, ó mantemento e coidado das nosas tradicións, cultura e lingua.

Por iso, as diferentes consellerías implicadas asinaron partidas presupostarias complementarias ós créditos propios da Secretaría que se ocupa especificamente destas comunidades galegas, para lles conceder ás nosas entidades –centros sociais, hospitalarios ou residenciais, secularmente exemplares, na situación actual ás veces difícil– axudas asistenciais extraordinarias. Ademais, a 1.600 galegos residentes en países de Iberoamérica proporcionóuselle-lo reencontro coa súa terra; facilitóuselles igualmente a varios centos de mozos a convivencia ou coñecemento, a través do programa de campamentos, coa terra do seu país; e fortalecéronse, igualmente, as canles de comunicación e información.

Economía e sociedade

O noso enfoque da política económica e social parte dun diagnóstico da realidade actual, xa anticipado nos libros brancos do noso programa electoral, e exposto con maior profundidade tralo inicial labor de goberno, para –baseándose nel– defini-los escenarios de futuro posibles, mediante unha selección estratéxica das nosas potencialidades e unha análise operativa superadora das debilidades e barreiras que dificultan o avance.

Non estamos ante un problema de fáciles solucións –sería ilusorio pensalo–, porque a conxuntura histórica en que nos atopamos sitúanos ante unha realidade de complexa. A sociedade e a economía galega están oprimidas por déficits de recursos humanos e de infraestruturas característicos dunha rexión nas fases

iniciais do seu desenvolvemento. Sen embargo, neste momento do desenvolvemento da historia europea, debemos tomar posicións ante obxectivos propios das rexións avanzadas. Unha confluencia coma esta esixe un esforzo superior, pero non podemos limitarnos a solucións parciais ou fragmentarias que non farían máis que trasladar ou incrementa-la problemática actual no tempo. O noso compromiso con Galicia lévanos, por arduo que isto sexa, a acurta-los tempos das realizacións e a facelas nunha fronte moi ampla. Isto só é posible mediante un proceso serio de planificación da economía do territorio, baseado na cooperación social.

Pero a nosa concepción da política económica e social descansa nunha determinada visión do mundo e do home, que pon a súa confianza na acción conxunta na sociedade e na súa capacidade de autoorganización e coordinación coa acción pública nun proxecto común, participativo e asociativo. Cremos no principio de subsidiariedade a escalas: comunitaria, nacional, rexional e local.

Pero é evidente tamén que, nunha situación de partida como a que Galicia presenta, a acción coordinada de tódolos poderes públicos resulta imprescindible para canalizar e tratar de resolver-los moitos e graves problemas.

Confianza na sociedade civil, dunha banda, que pode e debe reaccionar ante a magnitude dos retos que se nos aveciñan; e belixerancia doutra, para supera-los moitos condicionantes que nos envolven e, de xeito especial, os financeiros. Para que iso sexa posible, os poderes públicos, todos eles, deben traballar ordenadamente para lle poder ofrecer á sociedade civil opcións concretas e realistas de cooperación, no marco dunha autodisciplina crecente da acción pública, que fructifique nunha Administración máis eficaz, máis xusta e máis solidaria.

Temos que lograr, entre todos, que Galicia deixe de funcionar como unha economía subvencionada, que consiga xera-los seus propios mecanismos de resposta e axuste que fagan posible asegura-la nosa competitividade nas próximas décadas.

Achegámonos a unha sociedade onde a produción industrial se despraza –á vez que se complementa– pola produción de servizos. Se a fábrica foi o «epítome» da sociedade industrial, as universidades –non a mera oficina como quería Max Weber– deben ser centros forxadores dun futuro que se adentra nunha sociedade do coñecemento e da información. Unha universidade que estimule a continua innovación e desenvolvemento integral, é dicir, humano, económico e territorial cun alto contido tecnolóxico.

É evidente que a Galicia de hoxe está moi afastada aínda dun modelo deste tipo, pero non é menos certo que cara a el temos que orienta-las nosas accións. Non estou pensando –canto isto digo– nun modelo de desenvolvemento imitativo ou mimético; hoxe máis ca nunca é un feito de común aceptación no pensamento teórico e na práctica que cada rexión debe defini-lo seu propio modelo de desenvolvemento; un modelo axustado á nosa realidade, onde as pequenas e medianas empresas, as tecnoloxías axeitadas, a imaxe e calidade dos nosos produtos, os servizos avanzados e uns recursos humanos cada día mellor preparados para poñelo en marcha son o noso marco de referencia.

Señorías, no discurso de investidura, que tiveron o honor de expoñer nesta Cámara, dicía que «a nova Galicia do século XXI requirirá un esforzo colectivo e solidario. Non poderá ser labor duns poucos, só será posible se os galegos adquirimos conciencia da nosa forza, se todos botámola cara contra adiante, e sobre todo se lle devolvemos ó noso pobo unha verdadeira ilusión. Temos que enterra-la apatía, o escepticismo, a crítica destructora, a falta de solidariedade. Temos que potencia-lo noso orgullo nacional, orgullo de sermos galegos...» A nosa política rexional debe propiciar un clima favorable con mestura de cultura, educación e información compartida, onde naza, con naturalidade, unha forte e creadora iniciativa privada.

De aí –e esta é a segunda gran cuestión– a necesidade de afrontar dous retos a medio prazo:

Gastar mellor, máis eficaz e equitativamente.

Xerar ideas, fomentar sinerxias entre a acción pública e privada; é dicir, fomentar unha cultura da iniciativa e da coordinación.

Pero eses fins, tanto a longo coma a medio prazo, non poden ignorar unha idea para nós capital, que é que a economía está, ou debe estar, ó servizo do home, ó servizo das súas aspiracións. Entre esas aspiracións está o dereito ó traballo e unha calidade de vida socialmente digna.

Tras este obrigado enunciado de principios xerais para defini-la nosa filosofía social e o noso modelo económico, un modelo libre, creativo, xusto e solidario, vou defini-los puntos claves da situación actual, sinalando xa unhas realizacións e dando paso á exposición do noso proxecto de futuro.

A análise das principais magnitudes macroeconómicas dinos que o ritmo de crecemento económico de Galicia foi nos últimos dez anos bastante similar ó do conxunto de España, pero, a partir dunha posición de debilidade, provocou unha perpetuación da situación de Galicia por debaixo dos estándares



O presidente do Parlamento, Victorino Nuñez, e os vicepresidentes primeiro e segundo, respectivamente, José M^a García Leira e Antonio Carro, seguiron con interese o balance de xestión que Fraga presentou na Cámara no ano 1991.



nacionais, tanto no que respecta á produción por habitante e na renda per cápita coma na taxa de emprego non agrario.

A recuperación da economía española no período 85-89 tivo tamén o seu reflexo en Galicia, se ben os datos dispoñibles permítennos observar unha perda de posicións no conxunto nacional no que respecta á produción e ó emprego non agrario, pasando Galicia do 6,47 % de España en 1985 ó 6,18 % en 1989. En conxunto, o valor engadido galego pasou de 6,44 % do valor de España en 1985 ó 6,37 % en 1989, o cal é propio dunha economía estancada cunha lixeira tendencia á baixa.

Por iso é un reto importante a dinamización dos sectores productivos, a creación de emprego e o aumento do nivel da renda real das familias galegas, e a iso deben dirixirse os nosos esforzos. Para lograr un éxito considerable nesta empresa non abonda con propoñer situacións sectoriais illadas; polo contrario, cómpre unha acción paralela e coordinada da política de obras públicas, o financiamento autonómico, a potenciación da formación profesional, o impulso á investigación científica, o fomento do investimento en actividades productivas, etc.

Os estudos realizados respecto da comparación de Galicia cos países da Comunidade Económica Europea e coas demais comunidades autónomas españolas poñen de manifesto a necesidade de impulsa-la actividade industrial, especialmente nos sectores de bens de consumo, aproveitando vantaxes diferenciais e sectores con demanda de futuro.

Como é sabido, a potenciación da actividade industrial ten importantísimos efectos indirectos sobre o emprego e a renda dos sectores de servizos. En efecto, o modelo econométrico utilizado no noso Plan económico e social ofrece datos significativos no sentido de que a duplicación do investimento en industrias manufactureiras podería te-lo efecto adicional de crear non só 28.000 empregos máis no sector industrial de aquí ó ano 1994, senón ademais 40.000 empregos no sector servizos.

Isto tería, ademais, importantes repercusións sobre o incremento real das familias galegas e permitiría reduci-lo paro, polo menos, na metade da súa situación actual, de xeito que pasaríamos de 143.000 parados en 1989 a só 64.000 parados en 1994; pola contra, de continuar coas tendencias seguidas ata agora, continuaría sendo en 1994 similar ó de 1989, e no caso dunha redución da tendencia investidora ós niveis mínimos da década anterior, o paro aumentaría en 202.000 persoas.

Conscientes, pois, da importancia que o investimento industrial poida ter no desenvolvemento da nosa débil economía, aplicáremoslle a isto especial

dedicación, e como compoñente disto pronto se poñerá en marcha o Instituto de Promoción Económica de Galicia.

A nosa terra presenta hoxe unha base económica propia dunha rexión que inicia o seu desenvolvemento económico, caracterizado por un sistema productivo dependente dos recursos naturais e cunha utilización dos recursos humanos pouco cualificados e en grave involución demográfica.

O noso tecido empresarial, por outra banda, está pouco articulado e os incentivos endóxeos á innovación aínda son limitados.

A Galicia do futuro, á que tendemos de modo irrevocable e que entre todos estamos proxectando, debe ser unha rexión con maior nivel de vida, incorporada plenamente ó resto de Europa, cunha trama empresarial innovadora e competitiva, cunha utilización de factores productivos avanzados e especializados e cun mercado interno forte e consolidado.

A distancia que separa o escenario actual e a imaxe futura esixe, para a súa superación, o fomento dunha industrialización e terciarización baseada –como xa se dixo– en pequenas e medianas empresas, na mellora das infraestruturas de transporte e comunicación, na mellor formación dos recursos humanos, no rexuvenecemento da pirámide demográfica e na incorporación dunha tecnoloxía avanzada.

Políticas sectoriais

As principais políticas sectoriais que comezamos a realizar ou están a piques de comezar son as seguintes:

- a) En materia de recursos humanos o déficit está xeneralizado a tódolos factores, de aí a necesidade de complementa-las distintas políticas. Primeiramente, temos que considerar que o noso potencial demográfico está sufrindo unha clara regresión cuantitativa e cualitativa debido ó forte envellecemento da poboación e ó descenso da natalidade, facendo que hoxe Galicia estea perdendo poboación en termos absolutos e vexa reducidas as contribucións dos mozos para a necesaria substitución xeneracional. A súa corrección implica –como na maioría dos países europeos afectados por este problema– a posta en práctica dunha política demográfica e de protección á familia, en particular á muller traballadora.

Un segundo factor é a necesidade dunha maior cualificación profesional que lles permita ás empresas dispoñer dunha man de obra máis cualificada e a esta de maiores ingresos. Para logralo estamos

traballando na mellora dos sistemas de ensinanza profesional, adecuando os profesores e as infraestructuras ás especialidades e os programas ás necesidades de cada comarca de Galicia en xeral. Con este mesmo fin estanse propiciando convenios marco coas empresas galegas para que os alumnos entren en contacto inmediato co mundo laboral. Unha novidade do noso sistema educativo será a creación de estudos de educación medioambiental.

Dentro das medidas tendentes a mellora-la calidade do ensino e a súa xeneralización a capas máis extensas da poboación deben sinalarse as seguintes: a dignificación do persoal docente da nosa Comunidade Autónoma; os programas de apoio e estímulo á formación do profesorado, xa que a súa preparación incidirá directamente na axeitada formación da xente nova, sobre todo agora que se vai aplicar unha nova lei educativa; e a iniciativa de favorece-lo ensino gratuito na etapa preescolar, aspecto este de grande importancia no ámbito específico da muller traballadora.

O noso sistema universitario enriqueceuse co potencial das novas universidades, onde se están a desenvolver estudos tecnolóxicos e empresariais que permitan, nun futuro próximo, formar cadros aptos para a xestión e dirección de empresas e para a adopción e difusión das novas tecnoloxías.

- b) En materia de recursos económicos, Galicia está relativamente dotada de recursos financeiros propios que están actuando como un excelente soporte para a creación e modernización empresarial, aínda que unha parte non se invista na nosa Galicia.

A cooperación da Administración e as actividades privadas permitirán a posta en marcha dunha nova política de PYMES, na que o modelo actual de incentivo da empresa mediante subvencións será substituído por outro máis áxil e eficaz que promova investimentos nos sectores estratéxicos.

- c) A innovación tecnolóxica será propiciada mediante os parques tecnolóxicos para as actividades industriais, os parques ofimáticos para actividades productivas do sector terciario e os centros de empresa e innovación destinados a fomentar iniciativas empresariais e novos servizos. A nosa Comunidade quedará, así, dotada dunha infraestructura tecnolóxica competitiva e equiparable ás rexións máis avanzadas.

- d) A necesaria inserción dos nosos fluxos comerciais en circuitos nacionais e internacionais estase a abordar mediante a promoción do noso comercio exterior a través da presenza en feiras e certames e da campaña de calidade dos produtos galegos.

En canto ó comercio interior, estamos traballando nunha modernización e profesionalización das nosas estruturas comerciais. Como unha acción preferente dentro da política de promoción da nova imaxe de Galicia cara ó exterior está a nosa participación na Expo-92, onde Galicia terá un digno pavillón, e a nosa presenza na Comisión do V Centenario, que, pola nosa proxección histórica cara a América e os intereses permanentes dos galegos naqueles países, é para nós un obxectivo moi querido.

- e) Non poderemos rematar esta referencia á modernización dos nosos recursos económicos sen mencionala política de pesca, as políticas agrarias e de desenvolvemento rural e os plans para a mellora da produtividade nun sector tan importante para a nosa economía como é o forestal. Pola súa amplitude abonda cunha enumeración das medidas realizadas e das políticas previstas.

En materia de pesca os grandes obxectivos globais van na liña de aumenta-la produtividade, asegurar un nivel de vida axeitado para a xente do mar, estabiliza-los mercados e asegura-la subministración de materias primas. Estes obxectivos logranse traballando simultaneamente nos seguintes campos: o lexislativo, para te-los instrumentos necesarios para executa-la política prevista; o estrutural, co fin de determina-las carencias, organizativas e de medios, para moderniza-la estrutura productiva dos distintos sectores pesqueiros; e o político, co fin de acada-lo máximo teito competencial e obriga-las administracións española e comunitaria para que adopten as medidas oportunas que benefician a actividade pesqueira galega.

De forma concreta cabe destacar, entre outras, as seguintes accións:

Defensa dos nosos caladoiros tradicionais en augas de terceiros países a través de reivindicacións ante o Goberno central e as institucións comunitarias.

Apoio ás confrarías, organizacións de produtores, asociacións pesqueiras e cooperativas de produtores.

Recuperación e protección dos recursos do noso litoral a través de plans de ordenación da actividade pesqueira en augas do ámbito territorial de Galicia.

Mellora das estruturas productivas mediante a renovación da flota e industrias de transformación, potenciación da acuicultura e impulso ás novas tecnoloxías nestes campos.

A defensa dos mercados tradicionais e apertura doutros novos.

Remata-lo proceso de transferencias de medios no campo do salvamento marítimo, da ordenación e da industrialización pesqueira e dos portos pesqueiros.

f) En materia de agricultura e gandería:

Unha política incentivadora do cooperativismo e asociacionismo no medio rural.

A mellora da capacitación profesional mediante a creación dos centros de desenvolvemento rural das parroquias (700 centros ó final do período 90-93).

Reorientación da produción gandeira ás novas esixencias do mercado.

Plans de mellora da eficacia e produtividade das explotacións leiteiras para conseguir niveis competitivos cos países atlánticos da Comunidade Económica Europea.

Potenciación das variedades autóctonas no sector vitivinícola, favorecendo a agrupación de produtores para a comercialización.

Especial importancia tiveron as accións en política forestal, logrando unha notable diminución da masa forestal afectada polos incendios. Entre outras medidas pódense cita-las seguintes: racionalización e incentivación da produción forestal, ampliación do número de especies e mellora de ecosistemas fráxiles, potenciación do sector transformador da madeira, completando os circuitos productivos preexistentes e mellorando a investigación forestal.

g) Gran importancia para o noso desenvolvemento económico, mediante unha utilización adecuada e competitiva dos nosos recursos naturais, culturais e humanos, presentan as actividades turísticas. Por iso, este Goberno está a propicia-la consolidación dun modelo turístico innovador que optime as nosas posibilidades. Os puntos básicos desta política turística son os seguintes: Creación de hostelería de calidade; explotación turística e deportiva das rías con extensión da práctica da navegación deportiva; desenvolvemento do turismo rural, explotación turística da caza e a pesca e creación dunha rede de aloxamentos en pazos e casas nobres; promoción e ordenación do Camiño de Santiago; creación dun Instituto de Promoción Turística de Galicia.

Un gran obxectivo no que se integran a protección da nosa cultura e os aspectos substanciais da identidade de Galicia será o Plan Xacobeo 93, que fará da nosa terra un centro de atención mundial, co que isto supón para a promoción da nosa cultura e da nosa economía, pero sobre todo con Galicia como punto de referencia da unidade europea, expresa a través do camiño por excelencia, o Camiño de Santiago.

- h) O desenvolvemento cualitativo dos nosos recursos humanos e económicos, ós que acabo de facer referencia, non lograría desencadear tódalas súas potencialidades se non lograsemos romper-la barreira que desde sempre impuxo o noso illamento xeográfico. Non esquezamos que a accesibilidade ós centros de desenvolvemento, a mobilidade interior dos factores de produción e a existencia dunha infraestrutura de comunidades avanzadas son condicións imprescindibles para o desenvolvemento socioeconómico, particularmente nas rexións periféricas como Galicia.

Os logros acadados coa extensión a Galicia das autovías son tan coñecidos que nin é preciso insistir máis nese punto. A súa consecución é requisito imprescindible para o noso desenvolvemento. Igualmente, estamos avanzando na mellora das comunicacións ferroviarias, e non refugamos logra-la conexión coa rede de gran velocidade. Entre os traballos realizados pódense cita-los seguintes:

Elaboración do Plan de estradas de Galicia; Plan especial de autovías e vías rápidas de comunicación interior; e Plan do Camiño de Santiago. E como obxectivos, preséntanse os seguintes:

Mellora das comunicacións intercomarcais que permitan o acceso de tódalas comarcas ós grandes eixes de comunicación; e renovación da rede primaria e secundaria.

Unha mención especial merece o Plan de telecomunicacións, que dotará a Galicia dunha rede avanzada, equiparable ás rexións mellor dotadas de Europa. Podo cita-las seguintes actuacións en marcha, nas que colaboran diversas empresas e institucións:

A creación dun centro de servizos avanzados de telecomunicación, incluíndo un servizo de información pesqueira; liña estratéxica de fibra óptica para Galicia; rede de radiotelefonía móbil; e rede de voz e datos.

Estas infraestruturas de transporte e comunicacións compléméntanse co plan iniciado e asinado para a mellora da electrificación rural, o Plan de telefonía rural e, con referencia a outras cousas, o próximo establecemento da rede gasística.

Emendar os déficits

Todo o enumerado ata aquí constitúe un esforzo de gran calibre que quere emendar, no prazo de tempo máis breve posible, os déficits acumulados no noso sistema económico e social e na nosa dotación infraestructural. A multiplicidade de accións leva consigo unha prolongación dos obxectivos no tempo, pero mediante o proceso de coordinación e planificación que estamos realizando será posible que, finalmente, Galicia ofrezca unha imaxe próxima ó modelo tendencial que antes definimos.

Sería máis fácil para o Goberno que presido centrarnos nunhas poucas accións prioritarias e espectaculares a curto prazo, pero optamos por un camiño máis difícil, aínda que máis serio e eficaz no medio e no longo prazo, porque, como dixen ó primeiro, o noso é un proxecto a medio e longo prazo, de verdadeira e profunda renovación das nosas estruturas. Cando as diversas liñas de actuación cheguen á súa fin, a oferta de Galicia será xa competitiva no mercado europeo, o cal non se lograría con actuacións puntuais, por moi espectaculares que algunhas delas fosen.

As políticas sectoriais e de infraestructuras acadan o seu complemento adecuado cando se enlazan cos programas de contido social medioambientais e de desenvolvemento local, que serán tratadas a seguir.

Entre os bens sociais, un dos que ten maior demanda é o da promoción da vivenda polas carencias que a afectan. Para estes efectos o Instituto Galego de Vivenda e Solo está a desenvolver importantes actuacións para a promoción do solo e a construción de vivendas sociais que ten uns obxectivos concretos e explícitos no plan cuadrienal –xa aprobado– de vivenda e solo de 1990-93. Así mesmo, elaborouse un programa para a rehabilitación de vivendas rurais e erradicación do chabolismo. A construción de vivendas complétase coa preparación do solo para usos terciarios e industriais, o que constitúe unha acción importante de cara a introducir unha maior racionalización no uso do solo, dentro dos municipios e bisbarrias da Comunidade Autónoma. Esta tarefa complétase coas actuacións directamente urbanísticas. Realizouse a revisión das normas complementarias e subsidiarias das catro provincias, ademais de diversos instrumentos urbanísticos que teñen por obxecto regula-lo caótico crecemento dos nosos asentamentos de poboación. Esta tarefa continuará mediante programas en fase de elaboración sobre a disciplina urbanística e racionalización da xestión. Neste mesmo ano presentarase ó Parlamento a Lei de ordenación do territorio, tan necesaria para evitar que continúe o crecemento incontrolado das nosas aldeas, vilas e cidades.

Este tipo de accións complétase coa mellora ou creación de infraestructuras destinadas a rexenera-lo medio. Así, podemos cita-lo programa de medidas urxentes de residuos sólidos urbanos, o desenvolvemento do Plan de saneamento das rías, o Plan hidrolóxico, os plans para mellora-lo abastecemento e saneamento de grandes cidades e outras múltiples actuacións puntuais que están incidindo paulatinamente na mellora do noso deteriorado contorno ambiental.

Loxicamente, con isto non rematan as accións encamiñadas a recuperar e conserva-lo noso medio ambiente. Se por unha parte están en marcha novos plans, como os de delimitación e tratamento dos espazos naturais protexidos, a protección das nosas concas fluviais, etc., por outra, estamos levando a adiante unha acción decidida para facer compatible a implantación de actividades industriais coa política de protección do medio, esixindo as medidas necesarias para minimiza-los impactos negativos, porque en Galicia non se pode prescindir da industrialización das súas materias primas, das que o aproveitamento, ás veces, incorpora procesos de fabricación con certo risco ambiental.

Non rexeitámo-lo crecemento económico, porque o necesitamos, pero tampouco renunciamos a mellora-lo noso medio natural e cultural, porque a súa preservación é obxectivo preferente para lograr un aumento da calidade de vida.

Nesta mesma dirección, de mellora-lo nivel de vida da nosa poboación, estamos decididos a levar a adiante unha política de descentralización e desconcentración que acerque a tódolos cidadáns, e non só ós das cidades, os servizos administrativos, sanitarios, sociais, asistenciais e outros e que permita, dentro do que está nas nosas mans, reduci-las inxustas diferenzas acumuladas entre a poboación que vive nas zonas máis desenvolvidas e a poboación rural das zonas menos favorecidas.

A redución dos desequilibrios internos é hoxe, xunto coa política do medio ambiente, un obxectivo básico na planificación de tódalas rexións europeas, e nós non podemos renunciar a iso, aínda que no noso caso a gravidade do problema é notoria pola insuficiencia dos tratamentos realizados ata agora.

Un instrumento específico para este fin é a posta en marcha dun plan de desenvolvemento comarcal que inclúe un modelo integrado e participativo de desenvolvemento endógeno, cunha filosofía que descansa no principio de cooperación e estímulo que debe desempeña-la Administración en relación cos entes locais.

Este plan implica un notable esforzo de coordinación que se verá compensado pola introducción de criterios de racionalidade e eficiencia na utilización dos nosos recursos locais, no uso do solo e na súa vertente de instrumento de orientación e estímulo ás iniciativas dos axentes socioeconómicos locais. Dada a complexidade do programa, iniciámo-los traballos en catro comarcas-piloto, unha por provincia, das que se estenderá a experiencia ás restantes comarcas galegas, unha vez comprobada a validez do modelo.

Sen embargo, cando falamos de desequilibrios non podemos circunscribirnos ós de tipo económico e territorial porque a sociedade galega, tal e como sucede no resto de España, padece desequilibrios crecentes que inciden sobre as camadas sociais máis desfavorecidas.

Política social e calidade de vida

Da situación social que se xerou despois da crise económica dos anos 70 xurdiu o que socioloxicamente se vén denominando «a nova pobreza». Neste segmento social atópanse os parados de longa duración, os mozos sen emprego, ós que se xuntan os minusválidos, os anciáns e outros colectivos necesitados dunha protección especial.

Neste contexto o Goberno galego establece un obxectivo marco, no ámbito dos servizos sociais: garantir unhas medidas de protección social básica para tódolos cidadáns, así como o incremento das prestacións e servizos que posibiliten a mellora das condicións de vida. Á consecución de tal obxectivo lévannos as seguintes liñas básicas de actuación:

Ampliación da rede de servizos sociais comunitarios de xestión municipal a tódolos municipios.

No ámbito da terceira idade, a Xunta de Galicia asume a recuperación da ancianidade como un elemento necesario de dinamización social, consciente de que os anciáns están en posesión dun elevado patrimonio cultural e de experiencia que non se pode perder. A nosa filosofía está encamiñada a mellora-las condicións de vida dos anciáns, sen caer en posturas paternalistas, para que os maiores sigan sentíndose persoas responsables e necesarias para a construción da sociedade actual e futura.

A integración social dos minusválidos, a protección do menor, as medidas de inserción social –coa lei en trámite parlamentario– e outras constitúen, sen dúbida, o máis serio esforzo, e case diría o único esforzo ata agora, levado a cabo na nosa Comunidade Autónoma para reduci-los problemas derivados de calquera tipo de marxinação.

Nun ámbito máis específico, dentro dos servizos sociais, debe enmarcarse a política sanitaria da Xunta. A importancia que a iso lle dedicamos queda probada co logro da transferencia do INSALUD, aspecto que por si só xustifica unha etapa importante en calquera acción de goberno.

O desenvolvemento dos contidos de tal transferencia e a aplicación do Plan de ordenación territorial sanitario de Galicia son obxectivos inmediatos que van permitir implantar un modelo sanitario diferenciado para Galicia baseado na versatilidade e a liberdade, e que a nivel rural permitirá unha aproximación da asistencia ó usuario, tanto pola municipalización do médico de cabeceira coma pola potenciación das estruturas sanitarias no ámbito comarcal.

Neste horizonte ten que se integra-lo Plan de saúde mental que se derivará da Lei de saúde mental de Galicia, conforme o proxecto xa presentado polo Goberno e ó que espero que esta Cámara lle dea a súa aprobación.

Hai outros aspectos da política social que teñen unha clara incidencia na calidade de vida, como son a atención á xuventude, ó deporte e á protección cidadá. Vou enumerar algúns dos obxectivos que o meu Goberno ten formulados nestes tres puntos.

A política da xuventude entendémola como fomento da participación dos mozos a través dunha plena descentralización, que evite o illamento da problemática de xente nova dado o conxunto social en que se integra. Centrémonos nos seguintes aspectos: asociacionismo xuvenil, creación de infraestruturas –rede de casas e centros de xuventude, albergues, centros de vacacións, etc.– e política de información para a xuventude que queremos que se centre na potenciación do asesoramento dos centros tanto propios coma municipais.

A política deportiva apóiase en tres piares básicos: a infraestrutura, o ensino e o fomento da actividade deportiva, incluíndo o deporte de elite ou alto nivel. A actualización do censo de instalacións permitiu coñecer e priorizalas necesidades infraestruturais. Así mesmo, establecéronse colaboracións con outras entidades para coordinar os esforzos de inserción. Cómpre facer unha mención especial do INEF e da Escola Galega do Deporte. Ambas xogan un papel fundamental para elevar e difundir-lo ensino deportivo en Galicia.

Tampouco se esqueceu un aspecto tan fundamental como a potenciación da actividade deportiva extraescolar. Citemos como realización importante o Centro da Tecnificación Deportiva, foso ó redor do cal se aglutina o traballo de alto nivel cos deportistas galegos.

En canto á protección cidadá, a meta que sinalamos é a de lograr-la coordinación necesaria entre tódalas administracións para acadar unha capacidade

de funcionamento que lles dea resposta rápida e eficaz, en situacións de risco, a tódolos cidadáns.

Para iso foron marcados tres obxectivos prioritarios: a elaboración de plans de urxencia, o establecemento do sistema operativo de comunicacións e organización de datos e a cooperación cos concellos para a potenciación dos servizos municipais contra incendios e salvamento, que constituirán o nivel primario de resposta.

Con ser moi importantes as accións enumeradas para o desenvolvemento de Galicia, a súa prosperidade e a súa saída do nivel de desenvolvemento comparativo esixen a elaboración dunha estratexia capaz de supera-lo noso retraso tecnolóxico.

Dependencia tecnolóxica

A dependencia tecnolóxica cada vez maior que padecen as rexións e países menos desenvolvidos redúceos a meros subministradores de materias primas, coa grave consecuencia de ser cada vez máis grandes as dificultades para logralo. A situación actual esíxenos unha postura estratéxica a partir da cal poidamos chegar ó final do presente século en condicións dunha favorable equiparación.

A estratexia para a Galicia do futuro fundamentarase nunha política de innovación tecnolóxica, que conseguirá o imprescindible clima social que, baseado nun sistema de ciencia e tecnoloxía, asegure a aparición dunha actitude innovadora. Numerosos estudos e análises de realidades e tendencias confirman que a innovación é unha actitude sustentada polos segmentos significativos da poboación que protagonizan os cambios, cunha forte relación entre as comunidades científica e empresarial. É evidente o papel que en todo proceso de desenvolvemento tecnolóxico teñen que xoga-las universidades e outras institucións científicas, elevando o nivel de coñecementos e transmitíndoo á sociedade.

Igualmente, os empresarios teñen que saber aproveita-las oportunidades que ofrecen as novas tecnoloxías, pero sempre nunha fase de lanzamento correspóndelles ós poderes públicos asumi-lo papel de liderato; para crear en Galicia ese clima innovador, a Xunta establecerá as seguintes medidas de fomento:

1. Creación de mecanismos de innovación, os xa mencionados parques tecnolóxicos, parques ofimáticos e centros de innovación.
2. Axuste dos mecanismos educativos existentes, nos seus diferentes niveis, atendendo dunha maneira especial as novas titulacións e formación continua.

3. Fomento das iniciativas empresariais.

4. Establecemento dun sistema integrado de información.

O seu desenvolvemento terase que efectuar como unha acción globalizadora, evitando iniciativas parciais que puidesen, mesmo, supoñer un lastre na execución de tal política. A instrumentación da propia lei da ciencia e tecnoloxía orientarase nesta dirección. Ante unha política centralizada e filtrante de investigación, con grandes centros devoradores de recursos e escasamente flexibles, cómpre apostar pola creación dun sistema de unidades autónomas, conectadas coas capacidades básicas do país, ás cales se achegarán novas tecnoloxías. Estas unidades funcionarán en forma de rede, baixo unha adecuada coordinación, e con criterios de xestión. Ó mesmo tempo, será unha política de integración de tódolos axentes económicos, científicos e sociais.

Queremos unha Galicia na cal as tecnoloxías de carácter horizontal, é dicir, aquelas que inflúen no desenvolvemento dos diferentes sectores da actividade económica e industrial, estean presentes:

A microelectrónica e informática, coa súa repercusión nas técnicas de deseño, enxeñería e fabricación asistidos por ordenador, na automatización ou na robótica.

A autoelectrónica e a súa importancia nos sistemas avanzados de información.

As telecomunicacións e biotecnoloxías; a ciencia dos materiais; química fina; enerxía, etc.

E, sobre todo, as tecnoloxías avanzadas de xestión, para conseguilo capital humano necesario que coa adecuada preparación permita a execución material dos plans e a consolidación de Galicia como unha realidade do futuro. Ese futuro depende dunha maneira absoluta do nivel de preparación das nosas xentes. Aquí é onde o sistema educativo terá que xogar un papel esencial. As universidades terán que pensar non só en dedicar os seus esforzos ás dúas áreas que lle foron tradicionais: a docencia e a investigación; terán que se ocupar tamén da formación continuada e mesmo da promoción; a formación prolongarase desde o momento da graduación ata a xubilación ou o retiro. E esta é outra das cuestións claves da estratexia: a indisolubilidade entre a innovación e a formación.

Creado este clima, producirase presumiblemente na sociedade o necesario desenvolvemento, tanto nos sectores maduros da economía galega coma nos emerxentes; neles as iniciativas empresariais encontrarán oportunidades de selección, porque os empresarios mesmos son o factor concorrente, xunto

co científico e o político, para conseguí-los obxectivos que esta estratexia persegue, e que son os seguintes:

- Flexibilidade nas estruturas económicas, é dicir, adaptabilidade e medio cambiante.
- Competitividade baixo a consideración de calidade e diferenciación dos nosos produtos e servizos.
- Credibilidade e permanencia no tempo, fundamentando unha cultura, unha forma de facer superadora de obstáculos e dificultades.

A segunda parte das miñas palabras foi presentando unha ampla relación de traballos en marcha e de obxectivos, iniciados ou previstos, que non se poden acadar con actuacións independentes. Por iso estamos a traballar na confección do Plan económico e social de Galicia, que concibimos como un sistema de concrecións das actuacións investidoras e de promoción económica e social que, coa adecuada prioridade, elaborarán o modelo e a síntese a medio prazo.

O dito plan, que integrará nos seus contidos a nosa política económica, social e territorial, quere aproveitar as vantaxes diferenciais de Galicia, para poñer en marcha un proceso de reequilibrio territorial e de modernización sectorial. Trátase, así mesmo, dun esforzo para lograr unha maior autodisciplina presupostaria a medio prazo e unha mellor coordinación interadministrativa e sectorial.

A ese futuro que ambicionamos contribúe, igualmente, o Plan de reforma administrativa da Xunta de Galicia, en fase de desenvolvemento, e a regularización da función pública autonómica, mediante a previsible –e espero que inmediata– aprobación da Lei da función pública de Galicia, que permita contar cunha Administración pública profesionalizada e apoiada nas técnicas máis modernas de xestión, cunha especial atención do servizo ó cidadán.

Seguindo cos aspectos propiamente institucionais, quero deixar constancia aquí de que o meu Goberno logrou, por fin, poñer en marcha as institucións previstas no Estatuto de autonomía que estaban sen crear, como son o Valedor do Pobo e o Tribunal de Contas, contribuíndo con isto ó desenvolvemento estatutario da Comunidade Autónoma para avanzar na consecución do teito estatutario.

Os recursos dispoñibles

Ata este momento vinme referindo á nosa maneira de entender Galicia e o seu futuro e ás accións en marcha ou en proxecto para a súa consecución. Pero este enfoque estaría incompleto ou sería unha formulación máis voluntarista ca realizable se non o poñemos en conexión co financiamento da Comunidade

Autónoma. Se falar de financiamento sempre será un tema habitual en comparencias coma esta, agora éo dun xeito especial porque, a pesar de levar case dez anos de autogoberno, o financiamento aínda é unha cuestión pendente e, se mo permiten, atreveríame a afirmar que é a gran cuestión pendente na construción do Estado das autonomías.

Cuberta substancialmente a etapa en que o importante era dotar de contido os estatutos, agora queda abordar en profundidade o deseño dun novo marco financeiro que garanta a suficiencia para o cabal exercicio de acordo cos principios de autonomía e solidariedade.

Señoras e señores deputados, creo que se pode afirmar que o actual sistema de financiamento non atribúe a Galicia recursos suficientes para garantirlles ós galegos niveis axeitados de bens culturais, de servizos públicos básicos, de infraestruturas de todo tipo que dinamicen os seus sectores productivos, acordos todos eles cos habituais en calquera sociedade moderna que encara o século XXI.

A afirmación anterior non é froito de ningunha esaxeración partidista ou oportunista, é simplemente o resultado da análise do que foi ata agora a aplicación en Galicia do sistema de financiamento.

En efecto, a posta en marcha en xaneiro do 87 do mal chamado modelo definitivo de financiamento supuxo para Galicia continuar, na práctica, cos niveis de financiamento do período transitorio. Dito doutro xeito, Galicia consolidou durante os últimos cinco anos o modelo transitorio, xa que, fronte a outras comunidades que viron crece-lo seu financiamento considerablemente, a nosa acadou un diferencial a penas significativo.

Para que as súas señorías valoren adecuadamente o dito, desexo lembrar-lles que no período transitorio o financiamento baseado no chamado custo efectivo garantía os gastos de funcionamento dos servizos transferidos e o mantemento de «stock» de capital, todo isto nos mesmos niveis en que os viña prestando a Administración transferente.

Obviamente, e isto é o máis importante, nin no período transitorio nin na fase do período definitivo que agora conclúe, Galicia recibiu financiamento para a ampliación e a mellora dos servizos públicos, ou recibíuna en contías pouco significativas, de xeito que a súa posición relativa entre o conxunto das comunidades autónomas se deteriorou no quinquenio, precisamente cando todo parece indicar que se debería ter producido o contrario, porque, se algo garante o período definitivo fronte ó transitorio, é o xogo completo dos mecanismos de solidariedade previstos no sistema.

Esta crítica non estaría completa sen unha referencia ó FCI, único instrumento da solidariedade que funcionou durante todo o período con escasa capacidade redistributiva e mesmo, como é ben sabido, co que se chamaron comportamentos perversos, que o desnaturalizaban, ata que a principios do ano 90 se produciu a súa modificación.

A súa reforma resolveu o aspecto da solidariedade e puxo de manifesto as seguintes limitacións que o modelo escondía en canto ós recursos para investimento, aspecto que agrava notablemente as insuficiencias aludidas, e que, xunto con outras carencias conxénitas do modelo, dificultaron seriamente as decisións de investimento que os nosos sectores económicos demandaban.

Como acabamos de ver, se os mecanismos normais ou ordinarios de financiamento non achegaron recursos adecuados ás necesidades que se presentaban, tampouco houbo vontade por parte da Administración central de poñer en funcionamento aqueles que a Constitución e maila LOFCA prevén como excepcionais para corrixir palpables desequilibrios das dotacións dos servizos públicos básicos.

Estoume a referir –como sen dúbida xa advertiron as súas señorías– ás asignacións para a nivelación dos servizos, instrumento deseñado para afondar no principio de solidariedade persoal, garantindo nun curto espazo de tempo que tódolos españois puidesen gozar de similares niveis de prestación destes servizos, superando así as incorrectas decisións históricas en canto á súa dotación.

As insuficiencias a que nos referimos obrigan, necesariamente, polo tanto, a dúas decisións ben diferentes, pero intimamente relacionadas. Por unha parte, ante tal evidencia, non parecía correcto adoptar, como Goberno responsable da xestión dos intereses do noso pobo, unha actitude de certa resignación, senón que, pola contra, decidida pero responsablemente se optou por anticipar vía endebedamento o que en xusticia se lle debía.

Debo recoñecer neste momento que este enfoque foi xa utilizado por executivos anteriores que no 87, 88 e 89 adoptaron posicións ben decididas en materia de endebedamento. Por outra parte, faise, pois, máis evidente a necesidade dunha profunda reforma do sistema, xa que non pode se-la apelación ó crédito o mecanismo financeiro permanente que se vai utilizar dun xeito estable para afrontar as deficiencias estruturais da nosa economía.

A revisión que corresponde levar a adiante ó longo do presente ano do 91, para a súa entrada en vigor o próximo ano, ten que ser abordada con rigor, sobre todo pola Facenda central, de xeito que non se instrumentalicen as

variables distributivas e redistributivas do artigo 13 da LOFCA para dar cobertura a decisións previas adoptadas á marxe da racionalidade e transparencia que deben presidir estes procesos.

Non é este o momento para expoñer en detalle as bases sobre as que se ten que asenta-la reforma, pero parece conveniente adiantar algunhas claves que necesariamente deben estar presentes no proceso. Trátase, en primeiro lugar, de fixar uns criterios políticos sobre os que basea-las grandes decisións de revisión do sistema. Estes criterios non poderán afastarse dos que agora anunciamos:

A Administración central debe garantirlles a tódolos cidadáns –con independencia de cal sexa a súa renda ou residencia– a mesma dotación de bens públicos, tanto xerais coma rexionais.

A forma de atribuí-los recursos ás facendas autonómicas é unha cuestión básica que debe ser resolta despois de determina-la contía global do custo, de garantirlles a tódolos cidadáns un determinado nivel de dotación de servizos públicos, e, polo tanto, do custo en que incorre cada Comunidade, para lles ofrecer ese nivel ós seus cidadáns. Débese pasar paulatinamente do modelo centralizado, que preside hoxe as relacións financeiras entre as administracións, ó modelo descentralizado, baseado na corresponsabilidade.

Este paso débese facer coas suficientes garantías de que non se introducen novos desequilibrios no sistema e de que quedan correctamente establecidas as oportunas transferencias liberadoras.

Estes criterios básicos permiten, a un tempo, garanti-los principios de autonomía e suficiencia financeira dentro da escaseza xeral de recursos, solidariedade na súa dobre vertente e coordinación entre administracións.

Señor presidente, señorías, a ninguén se lle oculta que Galicia vai vivir momentos transcendentais nos próximos meses, que, sen dúbida, condicionarán o que podemos ser para os próximos cinco anos ou quizais máis.

O Goberno que presido, e eu mesmo, non escatimaremos esforzos para facer posible un modelo que, respectando a necesaria solidariedade, outorga recursos suficientes para tantas tarefas aínda pendentes, pero rexeitando de plano calquera instrumentalización inadecuada do proceso e revisión que se vai iniciar.

Para unha tarefa de tal envergadura, que excede, penso eu, meras consideracións partidistas por afectar a Galicia nos temas esenciais para o benestar do seu pobo, o Goberno solicita, e non dubida en obter, o decidido apoio de tódalas forzas políticas representadas nesta Cámara, así como o de tódolos sectores tanto económicos coma sociais e de tódalas demais institucións galegas.

E conclúo, señor presidente, señoras e señores deputados. Galicia e a súa autonomía encóntranse nunha hora de decisións. O Goberno que me honro en presidir, en cumprimento do compromiso que asumiu hai un ano ante o pobo galego, perante este Parlamento que lexitimamente o representa, pensa que as consideracións que someteu á consulta electoral do 89 seguen vixentes; que o realizado neste primeiro ano no seu desenvolvemento é basicamente satisfactorio, como o demostran os datos que me vou honrar en someterlles agora mesmo por escrito; e que os proxectos en marcha permitirán complementa-lo seu desenvolvemento ó longo da presente lexislatura, sentando as bases para novos avances nas posteriores.

Nestes momentos de crise mundial formulo a esperanza de que xuntos podamos facerlles fronte ós desafíos dos tempos, nos que Galicia, unha vez máis, sairá a adiante, desde o seu espírito tradicional de profundo realismo no material, de idealismo combinado con humor nas ilusións e de sentido de eternidade no fundamental.

Teño dito.

DEBATE DE POLÍTICA XERAL COA COMPARECENCIA DO EXCMO. SR. PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA PARA EXPOÑE-LO PROCESO EVOLUTIVO DA AUTONOMÍA, A ACTUAL SITUACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E A SÚA ARTICULACIÓN E DESENVOLVEMENTO FUTURO

10 de marzo de 1992

Señor presidente, señoras e señores deputados.

Comparezo no espírito dos artigos 15 e 17 do noso Estatuto, e do artigo 48 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, para informar a esta Cámara sobre o estado da nosa Autonomía.

Se é razoable e conveniente un debate desta natureza a estas alturas de cada ano, resulta particularmente oportuno no momento presente. Atopámonos na metade da duración normal desta lexislatura; o Goberno someteu xa á aprobación do Parlamento os tres primeiros presupostos dela; a xestión da Administración galega culminou unha serie de importantes transferencias e de acordos con Madrid, con Bruxelas, con outras autonomías e coa rexión norte de Portugal; rematouse con notables melloras a negociación da primeira fase do financiamento autonómico; e puxéronse en marcha importantes plans que afectan ás nosas infraestructuras básicas e, polo mesmo, ó desenvolvemento real de Galicia.

É obvio que afrontamos con actitude igualmente realista e esixente as fases aínda pendentes do financiamento autonómico, que por moitos motivos revisten innegable transcendencia para o futuro financeiro da Comunidade.

Por outra parte, a historia, no seu curso imparable, alterou elementos importantísimos do noso medio. Vivimos nun mundo cada vez máis interdependente; desde que este Goberno iniciou a súa andadura, unha nova orde internacional, unha unión europea máis estreita e un novo equilibrio político en España constitúen datos esenciais da conxuntura económico-social, da conciencia cultural e da realidade política. Trala derruba das fórmulas socialistas do Leste de Europa e da estrutura de poder militar que as apoiaba; despois da Guerra do Golfo, reflexo do afundimento da estrutura bipolar do poder mundial; tralos acordos de Maastricht e con isto a aproximación da unión política e monetaria de Europa, ó mesmo tempo que entra en vigor o seu Mercado Único; e logrado, en medio de notables alteracións do mapa político español, un pacto autonómico que realza o desenvolvemento do Estado das autonomía, á vez que lles pon fin ós nostálgicos intentos de revisa-los equilibrios xurídico-políticos básicos da nosa Constitución, atopámonos, sen dúbida, nun momento interesante para face-lo punto da nosa situación, o balance das realizacións do Goberno galego e a exposición dos proxectos en curso, para os próximos meses e ata o final da presente lexislatura.

Non vou facer nin un discurso triunfalista, aínda que non faltaran motivos de lexitima satisfacción para os nosos esforzos, nin tampouco deses que tanto agradan a algúns, de frustracións e lamentacións –por certo ben inútiles–. O realismo e o sentido común serán a nosa agulla de marear. Só estamos satisfeitos dunha cousa: da nosa oportunidade de servi-lo pobo galego nun momento significativo da súa historia, e desde o noso labor aquí, e en contacto con tódolos galegos do ancho mundo, de servir a unha máis perfecta e esperanzadora unión europea, e, nesta fin do segundo milenio da nosa era, a un mellor entendemento e solidariedade de toda a humanidade.

Antes de entrar en consideracións de carácter sectorial, permítanme algunhas previas de base xeral. Galicia, pola confianza que en nós tivo a ben deposita-lo corpo electoral, tivo, ó longo dos últimos anos, un Goberno estable, capaz de lles facer fronte ás súas responsabilidades; unha Administración seria, sen improvisacións e capaz de acomete-las reformas necesarias; unha política e unha xestión ordenada, que lles fixo fronte ós problemas básicos do momento e preparou plans importantes para o futuro; démoslle credibilidade e esperanza ó desexo da maioría de lograr, en orde e paz, unha Galicia mellor.

Un Goberno estable e capaz de tomar decisións, apoiado nunha maioría firme e coherente nesta Cámara, e que as eleccións municipais e provinciais confirmaron como cada vez máis representativa dos galegos; maioría baseada, ó principio, nunha coalición sólida e homoxénea e desde hai uns meses pertencente ó refundado Partido Popular de Galicia. Ese Goberno foi capaz de afrontar tódolos problemas dun momento de recesión mundial xeneralizada e de transición complexa en relación coa integración europea; de continua-lo desenvolvemento estatutario e de asumir novas competencias; de gobernar, en suma, sen eludir ningún tipo de responsabilidades.

Estableceuse unha Administración seria, que acometeu problemas importantes da súa propia organización e reforma, poñendo en marcha un espectacular proceso de consolidación e ordenación da función pública, de desconcentración e axilización dos servizos públicos, da comarcalización destes e da formación e promoción do persoal.

A coordinación a tódolos niveis foi unha constante, que se traduciu nunha indubidable mellora do servizo á sociedade.

Unha xestión económica eficaz e exemplar permitiu cumprir eficientemente dous presupostos, que houbo que aprobar en poucos meses e executar con tempo limitado; achega-los recursos precisos, chegando a duplicar practicamente o presuposto da nosa Autonomía; dotar de novos servizos e reforza-los investimentos en plans de importancia que logo se detallarán.

Galicia estivo gobernada e administrada. Dialogouse con todo o mundo e con tódolos sectores económicos, sociais e culturais, pero sen abdicar das nosas responsabilidades. Acometéronse os grandes problemas e preparáronse as solucións, co horizonte do ano 2000. Estivemos presentes en Bruxelas, en Madrid e nas comunidades autónomas irmás, e en tódolos lugares onde existen comunidades galegas no exterior. Galicia figura hoxe en tódolos mapas políticos e informativos do noso contorno, e non fixemos máis ca comezar. Queremos unha Galicia grande, esperanzada, motivada, sen complexos nin encollementos; e lograrémola, seguindo o que xa é un bo camiño, cheo de ilusión e de responsabilidade.

Desenvolvemento autonómico

Galicia está en plena consolidación e desenvolvemento da súa autonomía. Hoxe somos unha Comunidade con tódalas competencias básicas, mesmo en temas como a sanidade e a Policía, con importantes avances noutros terreos, ou xa logrados ou en transo de inmediato logro, como as cámaras agrarias e a formación ocupacional.

Pero tamén sobre isto desexo facer unhas consideracións de principio. Como dixo Einstein en memorable ocasión: o descubrimento da enerxía nuclear cambiouno todo, menos o noso xeito de pensar. Nós establecemos esa importantísima reforma que é o Estado das autonomías, pero ás veces seguimos pensando nos termos dos vellos conceptos dos estados centralizados do pasado. Os uns, pensando desde Madrid en fórmulas que reducirán as autonomías estatutarias a meras corporacións descentralizadas, suxeitas á tutela administrativa e económica; os outros, pensando en que as comunidades autónomas se converten agora en novos estados, por suposto tan centralistas coma os anteriores, e que tampouco acepten nin a comunidade nacional nin a integración europea.

Unha e outra desviación, máis frecuentes do que admite o sentido común, móvense fóra da realidade política e, por suposto, do ordenamento constitucional; e o que é peor, ignoran a complexidade inevitable da vida social e política.

A realidade é que a autonomía é outra cousa; é un sistema que busca non o illamento ou a confrontación senón fórmulas dunha perfecta unión, sen descoñecer-la identidade e os lexítimos intereses da cada Comunidade nin dificulta-la necesaria integración e cooperación de todos.

Hoxe vivimos nun ordenamento xurídico complexo, non monista, senón pluralista, que integra concellos, comarcas, provincias, comunidades autónomas, estados nacionais, unións continentais e o ordenamento universal das Nacións Unidas. Non hai sitio aquí para o victimismo nin para a confrontación sistemática; tampouco o hai para os resaibos centralistas, as desconfianzas, os obstruccionismos ou a duplicación de servizos.

O sistema autonómico, como todo sistema federalizante, débese basear en tres grandes principios: a autoidentificación, a lealdade e a cooperación. Autoidentificación, é dicir, aceptación da personalidade, continuidade cultural, autogoberno. Lealdade constitucional (a Bundestreue dos alemáns), pois non se trata de enredar, senón de traballar xuntos. Cooperación e responsabilidade, cada un no seu terreo e no seu ámbito de competencia.

A Constitución española de 1978, nos traballos da cal me honrei en participar, non lles deu solucións estáticas ós problemas dunha sociedade en transición, senón que deixou oportunamente abertos dous grandes procesos: o das autonomías rexionais (artigo 2 e título VIII) e o da integración europea (que, por certo, na miña opinión foi o suficientemente prevista nos artigos 13 e 93, e non require polo tanto cambios constitucionais para a ratificación dos acordos de Maastricht). Isto require un esforzo constante para lograr progresivamente un

novo equilibrio entre as tres instancias principais do poder: a Unión Europea, os estados nacionais e as comunidades autónomas. Penso que desde Galicia estamos contribuíndo seriamente a este proceso, con clara presenza en Bruxelas e Madrid e cunha rede crecente de relacións con outras comunidades rexionais, dentro e fóra de España. Quero destacar, a este respecto, a iniciación prometedora dos traballos da Comunidade de Galicia coa rexión norte de Portugal, así como as posicións adquiridas, por primeira vez, no Consello Consultivo das Rexións da Comisión Europea e nas principais organizacións especializadas destas rexións europeas.

Galicia, pola súa intervención eficaz nas negociacións sobre financiamento autonómico, no chamado «pacto autonómico», e co seu propio exemplo de crecemento e aproveitamento do teito autonómico, encóntrase agora nunha situación exemplar nestas cuestións, e perseverará neste camiño.

Neste sentido, unha vez máis, teño que destaca-la necesidade de reforma da Constitución en canto ó papel que o Senado debe representar como garante e impulsor do Estado das autonomías e da solidariedade entre as rexións e nacionalidades.

A consideración do Senado como primeira Cámara en todo o que se refire a temas que afectan directamente ás comunidades autónomas e a ampliación do número de senadores establecendo un equilibrio numérico entre aqueles que representan directamente as provincias e os que serían elixidos polas respectivas cámaras autonómicas introducen unha nova dinámica que permitiría que o proceso autonómico se consolide e avance, sen mengua da necesaria capacidade de toma de decisión que lle corresponde ó Goberno central naqueles temas que transcenden dos aspectos territoriais.

Quizais estas propostas tarden tempo en aceptarse e ser asumidas, pero é a nosa obriga deseña-lo futuro e avanzar na dirección que demandan os ventos da historia, co fin de conxuga-los lexítimos dereitos dos pobos coa realidade europea e coa realidade que é España. Neste sentido congratúlome e fago miñas unhas recentes palabras do señor. Arzallus:

«Estado e independencia forman xa parte da terminoloxía do pasado. Resistirse á desaparición das fronteiras internas, á moeda única ou a un futuro Exército europeo é loitar contra a historia».

Neste deseño de futuro teño de proclamar non só a miña satisfacción polo logro do pacto autonómico, como dicía antes, senón manifestar que a ampliación das competencias das comunidades autónomas do artigo 143, proceso que procurei apoiar en todo momento, debe ser seguida nun inmediato futuro

pola consideración de administracións únicas no territorio das comunidades do artigo 151, salvo aquelas materias que constitúen o núcleo da solidariedade e a definición do marco propio do Goberno central concretadas, a nivel periférico, substancialmente na Facenda, en canto recadadora dos grandes impostos e das cotizacións á Seguridade Social, sen prexuício da necesaria corresponsabilidade fiscal; o sistema básico de prestacións da Seguridade Social, en especial desemprego e pensións, ademais do ámbito xa consagrado no noso sistema constitucional da Administración de Xusticia, que lle corresponde ó poder xudicial, e a seguridade xeral.

As institucións galegas

O Goberno galego continuou a súa tarefa de afianzar, desenvolver e poñer en marcha as institucións básicas do noso Estatuto, dotándoas dos medios axeitados e facilitando a súa consolidación e eficaz funcionamento.

Non me toca a min referirme á actividade deste Parlamento, representación do pobo galego. Os feitos deben ser máis elocuentes; este Parlamento é dos que no ano 1991 volveu realizar máis horas de traballo parlamentario, o mesmo nas súas tarefas lexislativas que nas demais que prevé o artigo 10 do noso Estatuto. Traballos como o realizado pola Comisión especial sobre drogas poden sen dúbida poñerse como exemplo de bo servizo, cun informe ó nivel dos mellores de Europa.

A Xunta continuou o seu traballo de reforma e dotación de medios da Administración galega. Atrévome a afirmar que ningunha das demais autonomías acometeu e está realizando en tan escaso tempo un labor de tanto fondo e importancia. Superámo-la tentación –e comprendo que algúns correligionarios nolo reprochen– de aproveitarnos da situación, para empregar-nos nosos amigos e deixar que o problema seguise agravándose. Galicia vai ter en lugar da mera adición dos funcionarios transferidos e de diversos colectivos de designacións máis ou menos improvisadas –é a forma máis suave de describilo– un sistema serio de servidores da autonomía galega, pasadas as probas de suficiencia e sen prioridades para ninguén.

Paralelamente, foi establecida unha seriea desconcentración provincial que agora está a piques de se completar co Plan de comarcalización, xa ben estudado e testado en catro comarcas piloto, ás que pronto se lles engadirán oito máis, e que supón (á parte dun mero desenvolvemento, no seu espírito e na súa letra, do noso Estatuto) unha aplicación dos principios máis aceptados dunha verdadeira ordenación do territorio e a súa integración administrativa.

Se toda Europa, menos España, dispón dese nivel de coordinación e administración comarcal (condados, círculos, cantóns, «arrondissements», etc.), en ningún sitio é máis necesario ca na realidade da nosa terra, coas súas famosas (pero reais) 32.000 unidades de poboación. Tamén aquí sabemos que non faltarán os inconvenientes nin as incomprensións, pero sabemos que ó final Galicia e o noso pobo estarán mellor servidos.

En materia de xusticia, o Goberno galego apostou clara e decididamente pola plena colaboración co poder xudicial, tanto a nivel do Ministerio de Xusticia coma co Consello Superior do Poder Xudicial, encontrándose, entre outros temas, moi avanzadas as conversas para o asinamento dun convenio para a mellora das instalacións dos tribunais, nos próximos anos. Entre outras contribucións, a Xunta cedeu unha parcela de terreo nunha das mellores zonas da Coruña, estremeira co edificio dos novos xulgados, para a construción da nova Audiencia, permitindo así a plena ocupación do edificio actual para unha digna instalación do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia.

A institución do Valedor do Pobo, prevista no artigo 14 do noso Estatuto, en relación co artigo 54 da Constitución, demorada moitos anos na súa entrada en funcionamento, está agora, polo decidido esforzo desta Administración, en plena actividade.

A recente memoria formulada polo Valedor do Pobo é expresión da utilidade desta institución, que, unha vez nomeados os vicevaledores e dotados os cadros do persoal básico, entrará pronto en funcionamento normal coa entrega do novo edificio.

O Goberno galego, con total respecto a esta institución, quere expresa-lo seu total apoio ó Valedor do Pobo, ofrecéndolle toda a súa colaboración para o cumprimento da súa función.

Ó Consello de Contas, previsto no artigo 53, número 2, do noso Estatuto (en relación cos 136 e 153 da Constitución), regulado pola Lei de Galicia do 24 de xuño de 1985 (modificada o 26 de decembro de 1986), a presente Administración prestoulle o seu máximo apoio para lograr primeiro (e por fin) a súa constitución e despois para prestarlle os medios necesarios para o seu funcionamento.

A próxima inauguración da súa nova sede, deixando a provisional (pero perfectamente digna) situada no edificio da EGAP, constituirá a expresión do pleno funcionamento desta institución básica para garanti-lo correcto emprego dos fondos públicos, velando para que este emprego se axuste ó ordenamento xurídico e ó principio de racionalidade determinado por criterios de eficiencia e economía, como sinala o artigo 4 da súa lei constitutiva.

Policía Autónoma e Policías Locais

Os poucos meses transcorridos desde o inicio da actividade da unidade de Policía Nacional adscrita á Xunta de Galicia permitiron constata-la eficacia do acordo subscrito co Ministerio do Interior.

Aínda que neste período inicial concentraron a súa actuación nos aspectos básicos contemplados no dito acordo (vixilancia e protección de persoas, órganos, edificios, establecementos e dependencias da Comunidade Autónoma), prestou xa unha eficaz axuda e apoio á Consellería de Pesca, así como en materia de xogo, e pronto cooperarán nas accións precisas para loitar contra os que criminalmente pretenden incendiar-nos os montes.

Pouco a pouco vaise así consolidando como a nosa Policía autonómica, como unha unidade profesional ó servizo de Galicia.

Teño de destacar ante as súas señorías a moi recente aprobación da Lei de coordinación de policías locais, peza clave, unida á anterior, para conseguir unha mellora substancial na seguridade das nosas cidades e vilas.

Profesionalización e mellora da capacitación profesional dos axentes, regulamentación precisa para cubrir tódalas posibles actuacións e coordinación entre as policías locais son as pezas básicas desta lei, na que a Comisión de coordinación, onde teñen maioría os concellos de Galicia, desempeñará o papel fundamental.

A acción completarase coa que espero pronta aprobación da Lei de creación da Academia Galega de Seguridade, órgano ó que se lle confía a misión de formación e perfeccionamento das policías locais, Policía Autónoma e bombeiros.

O esforzo que está a facer este Goberno para mellora-la eficacia da súa Administración, tanto no que se refire á formación e perfeccionamento do seu persoal coma á informatización dos seus servizos, quere facelo igualmente para colaborar coas corporacións locais no mesmo proceso de mellora da Administración municipal.

Quero destacar aquí o programa de apoio que dentro do Fondo de Cooperación Local se prevé para a informatización dos concellos, tanto en asistencia técnica á implantación coma en adquisición de equipos para os concellos rurais.

Debo salientar igualmente o avance substancial que en canto a transparencia e equidade representou a nova regulación do Fondo de Cooperación Local.

O Decreto 17/1992, do 19 de xaneiro, recentemente publicado, fixa a distribución do seu importe, que ascende este ano na súa configuración básica a case 4.000 millóns de pesetas, mediante módulos totalmente obxectivos,

co cal se logrou un avance substancial sobre a situación anterior, tanto en transparencia e obxectividade coma en eficacia.

Por outra parte, tal como se prevé na Lei de presupostos, remitiráselle a esta Cámara o proxecto de lei que configure definitivamente este instrumento básico, despois destas experimentacións, para o reequilibrio territorial da nosa Comunidade. O novo fondo deberá estar necesariamente vinculado ás modernas técnicas de promoción do desenvolvemento local.

As dificultades da economía

É indubidable que vivimos uns momentos cheos de dificultades económicas e de tensións sociais. A maior potencia económica mundial, os Estados Unidos, a pesar do seu gran triunfo militar no Oriente Medio e da súa hexemonía diplomática, nun mundo que deixou de ser bipolar, encóntrase en serias dificultades, cun alto endebedamento e caída de produción e do consumo. Alemaña, a pesar da súa aversión histórica á inflación, está aceptando solucións heterodoxas, a pesar do risco que supoñen, forzada pola necesidade de reconstruí-la zona leste e de evitar conflitos sociais. A situación non é mellor no Reino Unido, en Francia ou en Suecia. Non nos abraíemos, pois, de que determinadas dificultades nos afecten a todos. Galicia e toda a cornixa cantábrica de España e en realidade todo o arco atlántico coñécenas tamén.

A resposta non pode se-la desesperanza, xa que as dificultades poden e deben ser superadas. A defensa lexítima dos nosos intereses e dereitos non se pode reducir tampouco á mera queixa ou á exposición de agravios comparativos e menos a resentimentos. Non serán as manifestacións, os berros, os cortes de estradas, as folgas políticas, as que veñan sacarnos do atranco.

A onda de incidentes das últimas semanas en toda España (algún dos cales, por certo, afectou á seguridade física do Parlamento irmán de Murcia) non dá a sensación dun nivel de desenvolvemento político senón máis ben, triste é dicilo, unha certa imaxe terceiromundista. O que temos que facer é enfrontarnos coa realidade, non intentar salva-lo que corresponde a outras etapas da vida económica e técnica e que hoxe está obsoleta, e facer plans para lograr outras fontes de traballo e de ingreso á altura dos tempos. Nin as minas esgotadas se recuperan, nin hoxe se requiren tantos petroleiros coma cando se pechou o canal de Suez, nin os consumidores van renunciar ás vantaxes do Mercado Único.

O Goberno de Galicia, que extremou as súas xestións para un mellor financiamento, que está loitando por un incremento dos incentivos rexionais e unha maior participación nos fondos estruturais comunitarios, que pronto van ser seis (un deles para pesca), que concertou coa Administración e coas empresas públicas correspondentes importantes plans de infraestrutura, ratifica a súa vontade de diálogo con tódolos axentes económicos e sociais e tamén a de non abdicar de ningunha das responsabilidades. Oirá a todos e tomará as decisións adecuadas, dentro dos límites da lei, das súas competencias e do programa electoral que lle deu a confianza do pobo galego.

Ese programa baséase nun modelo non só coñecido senón que dispón do aval da súa aceptación pola maioría dos países desenvolvidos. É o sistema da economía social de mercado; é dicir, dunha economía mixta na cal a iniciativa e o mercado asumen as responsabilidades principais na asignación dos recursos, pero as autoridades públicas preparan as infraestructuras, coordinan os plans indicativos macroeconómicos e garanten un mínimo de servizos sociais, á vez que promoven os sectores menos atendidos e a concertación social.

Iso si que o fixemos e o imos seguir facendo. Galicia dispón xa, tras unha detallada descrición dos problemas e das posibles solucións nos libros brancos do Partido Popular, dun plan económico-social, cos seus equilibrios económicos e as súas prioridades, e desenvolvida nunha serie de programas sectoriais, como estradas, solo industrial, electrificación, gasificación, vivenda, etc.; da mesma maneira que asumimos plans de choque, en temas como os incendios forestais ou a crise pesqueira, sempre que iso foi necesario. Iso é gobernar facéndolles fronte ós problemas, e non limitarse a dar voces ou expresar lamentos que só serven para crear falsas esperanzas e deixa-las cousas como están.

E cando xorden situacións límite, de marxinación social, creámo-la renda de integración social (RISGA) e as demais axudas extraordinarias que permiten paliar-las insuficiencias dos automatismos do mercado.

Virtudes tradicionais

Unha economía sa debe basearse no traballo, no aforro e na previsión. Nós imos fomentar esas virtudes tradicionais, hoxe necesitadas de recordatorio como todo o evidente. Dise que non hai traballo, pero cada vez son máis os postos ofrecidos que non encontran candidatos preparados ou simplemente dispostos a aceptalos, o que inevitablemente forza ó abandono de sectores productivos ou a que veñan clandestinamente emigrantes exteriores. Imos

continuar e intensifica-lo gran esforzo para mellora-la formación profesional e capacitación agraria, pero ninguén se debe enganar, todos podemos e debemos traballar máis e mellor.

Pronto Galicia vai completa-lo seu marco básico competencial coa inmediata transferencia da formación ocupacional do INEM.

Un país só pode saír a diante se sabe onde vai e pon os medios precisos e sobre todo a súa vontade, a súa intelixencia, para conseguilo.

A formación adecuada ás esixencias dunha sociedade complexa, tecnificada, constitúe un dos piares básicos do desenvolvemento. Estamos dispostos a ofrecerlles ás grandes empresas que se queiran instalar en Galicia e a tódolos nosos empresarios unha formación «á carta» axustada ás necesidades de cada empresa e que faga efectivo o principio de competitividade que debe presidi-la actuación nun mercado aberto e no que a preparación técnica e a iniciativa individual son as armas básicas.

Unha vez máis hai que recordar que as solucións ós problemas da época son moitas veces as raíces dos problemas do período seguinte. Necesario como era un bo sistema de seguridade económico-social, que se converteu nunha das pedras mestras da estabilidade social da Europa occidental, non é menos certo que esa mesma seguridade social produciu un certo influxo de desánimo ó esforzo e ó espírito de previsión persoal e familiar.

Isto foi amparado polo descoido total da institución familiar. Mentres se melloraban outros aspectos dos servizos sociais, en axudas familiares quedamos como o último país, repito, o último país da Europa comunitaria, por detrás de Irlanda e Portugal, con niveis inferiores á décima parte da media das axudas europeas. O resultado está á vista: todo se espera dos presupostos públicos, esquecendo que os demais piden o mesmo e convertendo a vida social en momentos de recesión, nunha serie de mobilizacións en cadea, que obviamente se neutralizan unhas a outras.

Temos que te-lo valor de atrevernos a unha actitude distinta, creando as condicións para unha sociedade con estímulo e motivación para o esforzo e a iniciativa. No caso contrario entraremos na espiral de tódalas decadencias e da disolución dunha sociedade incapaz de mante-la súa demografía, o seu ton vital e a súa iniciativa creadora.

Por iso os nosos plans de desenvolvemento económico-social concentran o investimento nos sectores de infraestrutura, de investigación e desenvolvemento, de formación profesional, de potenciación dos nosos recursos endóxenos e de industrias con futuro, renunciando a botar diñeiro nos pozos sen

fondo das empresas públicas ou dos sectores obsoletos. Por iso tampouco imos utilizar, fóra de casos excepcionais, as subvencións a fondo perdido, seón as axudas á compensación de puntos de interese nos créditos destinados a investimentos; deste xeito adiántase a decisión e o risco empresarial nunha verdadeira corresponsabilidade, pero certamente con apoio.

Calquera outro sistema nos parece ineficaz, inxusto e exposto a arbitrariedades e desigualdades. Todo isto sitúa tamén o sistema financeiro que actúa en Galicia ante as súas responsabilidades de participar no desenvolvemento dunha terra na que hoxe obteñen máis recursos dos que se reinvesten.

A vella estabilidade social que, con tódalas súas limitacións, se deduciu dun minifundio que facía moitos propietarios debe ser completada hoxe coa facilidade de crear empresas e participar nelas, pero esquecendo os tempos do patacón no calcetín e buscando para os fillos a única perspectiva compatible coa natureza das sociedades actuais, unha boa formación profesional e un marco empresarial autónomo, para o que hoxe se dan tantas oportunidades, e non só no terreo dos servicios.

Un futuro esperanzador

Vimos que a Comunidade Europea cruzou en Maastricht a soleira capital da súa historia. Fálase agora de políticas comúns, máis alá das políticas de mercado único. Fálase así mesmo da irreversibilidade dun proceso que culminará na moeda única. En fin, un fondo social de cohesión, un calendario para a unión monetaria, un marco de defensa pro-atlantista son fitos imprescindibles para entende-la sólida aposta dos doce para a Europa do ano 2000. Unha Europa anterior ás súas rexións e nacións que están nela, coexistindo nos seus diferentes graos de maduración e na súa enriquecedora variedade.

Entre esas rexións, Galicia afronta un futuro esperanzador, debendo ser á vez tradicional e moderna, rigorosa e vigorosa á hora de defende-las súas posturas de futuro. Entre esas posturas está, como prioridade, a aposta polo seu desenvolvemento socio-económico.

Nestes anos de Goberno a economía internacional e a nacional ingresaron na fase depresiva do ciclo económico. En 1991 produciuse a ruptura decrecente nas cifras de paro que viñan manténdose desde 1985. As nosas cifras de inflación, déficit exterior, infraestructuras, desemprego, están aínda afastadas das constantes vitais da economía comunitaria. Mentres tanto, dúas locomotoras, Alemaña, en plena dixestión unificadora, e Estados Unidos, case parada, aboan o pesimismo expresado por un recente informe do Fondo Monetario Internacional.

Por outra banda, as necesidades de converxencia en Maastricht impoñen novos condicionantes para as políticas económicas, central e autonómica. Nese ambiente é máis imprescindible ca nunca o rigor nas seleccións de gasto e, en suma, a elección dunha estratexia de desenvolvemento que responda ó cabal diagnóstico da situación estrutural e conxuntural da nosa economía.

É confortador comprobar que a nosa opción estratéxica, anunciada en 1990 e posta en práctica do 1991 ó 1992, foi a acertada. E vanme permitir, señorías, unha breve referencia a tan importante cuestión.

O modelo de desenvolvemento para Galicia asumido pola Xunta encádrase, como non podía ser doutro xeito, nos condicionantes constitucionais, estatutarios e nas experiencias europeas das rexións con problemas de desenvolvemento socio-económico.


A circunstancia de ser Galicia rexión de obxectivo número 1, e esperamos que ben pronto do obxectivo número 6 para a aplicación da política pesqueira, impón tamén condicionantes financeiros e de concepción en tal modelo. Doutra parte, os obxectivos de eficacia territorial e sectorial que se derivan da Acta única dos recentes acordos sobre a Unión Europea fan inevitable un deseño de desenvolvemento baseado na eficiencia e eficacia administrativa.

Polo tanto, a expresión «modelo de desenvolvemento para Galicia» non é moito máis pero tampouco moito menos ca un conxunto coherente e realista de medidas coordinadas sectorial, territorial e temporalmente para intentar desbloquear desde as administracións públicas e co concurso dos sectores socio-económicos os principais freos estruturais da nosa economía.


Segundo esta formulación, ás administracións públicas, debidamente coordinadas e dentro das súas competencias e restricións financeiras, concírnelle-lo principal papel de prestación de servizos públicos e creación de infraestruturas físicas, técnicas e humanas para o desenvolvemento. E á iniciativa privada confíase a resposta conducente á creación de empresas viables con capacidade de sosterse por si mesmas nun futuro tan dinámico como o que se aveciña.

Mais, non obstante, convén subliñar que o valor «eficiencia» deberá matizarse tendo en conta o distinto punto de partida do desenvolvemento rexional. De aí que tamén as administracións públicas en xeral deban ser belixerantes, en termos de equidade, para accelera-lo proceso de converxencia en que consiste á fin o proceso a medio prazo do noso desenvolvemento socio-económico.

No Plan económico-social, que resume tal estratexia e desenvolvemento, priorízanse as actuacións investidoras e infraestruturas de todo tipo –físicas,



O debate do estado da Comunidade Autónoma no ano 1992 reduciu de tres a dous días a súa duración.



técnicas, sociais– e prográmase unha nova forma de promoción económica baseada en actuacións horizontais –a través do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)– e en accións sectoriais a través das respectivas consellerías.

En suma, foméntase indirectamente a reactivación de tódolos sectores por medio dunha acción intensa en infraestruturas –plan de estradas, de polígonos industriais, de electrificación, vivenda, gasificación, etc.– e promóvese directa e indirectamente a creación de empresas viables a través do IGAPE e das actuacións sectoriais incentivadoras, en especial nos sectores máis impactados pola adhesión á Comunidade Europea, ata onde sexa compatible coa normativa e dentro dos condicionantes competenciais e financeiros correspondentes.

Por outra parte, a necesidade de cooperación, coordinación e participación xustifica a creación dun Consello Económico e Social. Na actualidade o seu proxecto de lei está xa ultimado.

Enténdese deste xeito que os inevitables axustes que impoñerá o Mercado Único serán menos custosos en termos sociais e económicos se se estimula un clima de participación e compromiso social.

Nese marco de referencia debe situarse a actual crise industrial ligada á empresa pública e ós sectores máis afectados pola adhesión á Comunidade Económica e ás nosas tendencias da economía internacional. Porque, aínda que é clara a necesidade dunha actuación vigorosa neste específico campo, non se pode perder de vista o horizonte de medio prazo no que só é posible resolver os problemas estruturais da nosa economía.

Neste horizonte, de cinco a dez anos, encádranse os concretos plans consecuencia do modelo de desenvolvemento asumido polo Goberno desta Xunta, algúns xa feitos públicos e outros en vías de concreción e que en parte son obxecto dunha breve descrición neste documento, sen prexuício de medidas a curto prazo xa adoptadas. Nos catro volumes que lles remitirán á fin deste discurso poden ver isto con toda clase de datos e proxectos complementarios.

A nosa concepción do desenvolvemento prioriza determinadas áreas de actuación sobre as cales se concentran en «efecto choque» a maior parte das medidas investidoras e de promoción. Convén salienta-las seguintes:

Mellora da mobilidade e accesibilidade para as empresas:

A mellora permanente da produtividade e competitividade das empresas galegas require o estímulo dun mercado rexional dinámico e o acceso fluído ós mercados nacionais e internacionais, tanto de mercadorías coma de servizos

e tecnoloxía. A dotación infraestructural en materia de transporte e comunicacións, aínda que non é por si mesma un factor xerador de desenvolvemento, é un instrumento previo fundamental para facilita-la mobilidade dos recursos empresariais –para a produtividade– e a accesibilidade ós mercados –para a competitividade–. En todo caso, permite a incorporación das rexións periféricas como Galicia ó proceso de desenvolvemento económico máis dinámico doutras rexións máis avanzadas. Nesta área prioritaria concéntrase un investimento de preto de 323.000 millóns de pesetas, resaltando o Plan de estradas do 1991 ó 2000, o Plan de portos do 1989 ó 1993, o Plan de telecomunicacións do 1991 ó 1994 e o Programa de transportes, entre outros.

Mellora do hábitat para producir e vivir:

Na actualidade, a calidade do hábitat é un factor estratéxico para o desenvolvemento baseado na actividade empresarial. A infraestrutura e os equipamentos urbanos deben ser considerados como parte do hábitat, á vez que a cultura, a formación e o lecer como elementos productivos. Non é posible admiti-lo desenvolvemento económico apoiado na deterioración do medio. Nesta área considéranse preto de 293.000 millóns de pesetas, incluíndo o Plan cuadrienal da vivenda 1991-93, Urbanismo 1991-94, Plan de solo empresarial 1991-96, Plan de saneamento das rías 1991-94, Plan de obras hidráulicas, residuos sólidos, infraestructuras básicas rurais, electrificación rural, turismo, etc.

Innovación, cambio tecnolóxico e desenvolvemento empresarial:

Considérase que o éxito dun novo modelo de desenvolvemento para Galicia, baseado na mellora da produtividade e competitividade, depende fundamentalmente da introducción e difusión das innovacións empresariais. Neste sentido, os esforzos públicos e privados deberían centrarse na racionalización e modernización tecnolóxica –en termos de produtos, procesos, organización e xestión– da estrutura productiva galega. Todo o cal implica un proceso paralelo de cambio da cultura empresarial, e en particular das relacións empresa-Administración en vigor.

Nesta área concéntranse preto de 180.500 millóns de pesetas, con variadas actuacións dirixidas á promoción do investimento productivo, tanto no IGAPE coma na acción sectorial, e as medidas convidas no Centro de Empresas e Innovación (BIC) establecido en Santiago.

Quero destaca-las accións para o relanzamento da comarca de Ferrol, para a que se deseñou un plan especial onde, fixando actuacións das diversas

administracións, se potenciará a oficina de promoción da comarca, fixándose xa incentivos superiores ós de calquera outra rexión obxectivo número 1, e terase dispoñible solo industrial fortemente subvencionado.

Máis recursos humanos

Supón facer realidade a idea da formación –superior, profesional e ocupacional– como investimento estratéxico para o desenvolvemento baseado na actividade empresarial e entendendo a calidade dos recursos humanos como variable clave do proceso de desenvolvemento rexional. Neste eido enténdese crucial o papel das nosas universidades como centros para a investigación básica e a formación superior.

Nesta área, sen conta-lo financiamento das tres universidades, inclúense preto de 15.000 millóns de pesetas no período medio de tres anos 1992-94.

O proceso de modernización de Galicia precisa de grandes investimentos e, en definitiva, da chegada de capital exterior. Cómpre darlle a volta á situación actual, inverte-la tendencia que nos deixaba estancados no illamento e conectar Galicia co exterior. 1992 será o noso primeiro ano de apertura ó mundo.

As xornadas empresariais que se desenvolveron na Casa de Galicia en Madrid, os días 25 e 26 de febreiro, con empresarios de tódolos sectores, agregados comerciais dos principais países e cos intermediarios de investimento; as reunións con empresarios xaponeses, os días 13 e 14 de febreiro en Santiago, e o próximo día 13 de marzo na Casa de Galicia en Madrid, e a que se celebrará en abril con empresarios de Estados Unidos constitúen mostras da expresión dunha política decidida da apertura de Galicia ó exterior.

O lema «Galicia: unha oportunidade para o investimento» sintetiza este espírito, esta nova imaxe de Galicia que rompe o seu illamento e que non lle ten medo a unha Europa competitiva. Como dicía un destacado home de finanzas: «Galicia é rendible».

A que espero próxima aprobación da Lei de creación do IGAPE permitirá contar con ese organismo que desempeñará un papel fundamental nesta función de conexión da Galicia no exterior, atraendo investimentos estranxeiros e abrindo novos mercados para os nosos produtos, ó mesmo tempo que se configurará como instrumento básico da promoción horizontal do sistema productivo galego. Para isto utilizaranse outros tres grandes grupos de programas: programa de servizos ás empresas, programa de formación especializada e programas financeiros, ós que xa desde agora chamamos a colaborar ó sistema financeiro galego, que non dubido de que saberá estar

á altura do momento implicándose, aínda máis se cabe, na tarefa común do desenvolvemento da nosa Comunidade.

A próxima inauguración do Parque Tecnolóxico de Galicia en Ourense, o Parque Tecnolóxico de Vigo, do que é titular a Zona Franca, e a política de parques empresariais e parques ofimáticos irán convertendo en realidade esta nova imaxe e asentando o novo modelo económico.

A iniciación das obras para a construción de 12 parques empresariais no 1991 e o obxectivo de 56 máis para iniciar neste 1992 enmárcanse dentro do plan global de creación nun cuatrienio de 96 parques empresariais en toda Galicia, ademais dos parques ofimáticos da Coruña e Vigo.

O sector terciario ten unha participación singular no noso futuro e el debe ser un dos eixes da nosa política económica.

O Xacobeo-93 vai converter Galicia en centro de atracción de millóns de persoas e vai constituír unha oportunidade inmillorable para lanza-lo noso sector turístico. O apóstolo Santiago e a peregrinación xacobeá constitúen un dos factores básicos da nosa configuración como pobo, pero o fenómeno xacobeo é tamén un fenómeno económico.

O que para España representou o turismo nos albores dos anos 60 pode representalo para Galicia nos 90. Turismo relixioso, cultural, turismo rural, de deportes náuticos, etc. En definitiva, turismo especializado e selectivo, non só o que tódolos países tratan de proporcionar senón ese que ten Galicia como factor natural.

Os esforzos que Galicia está a realizar para facer realidade unhas infraestructuras dignas e uns servizos idóneos para atender-los nosos visitantes e que poñeremos en pé baixo a nosa responsabilidade e coa cooperación coas demais administracións permitirannos sentar-las bases dun futuro máis permanente e para, pola vía do coñecemento, asentar Galicia como unha das áreas clave do futuro turístico de Europa.

Xa crecemos nun ano en que os demais decrecían e o éxito de Galicia en Fitur demostra que estamos no bo camiño.

Dentro da política económica do Goberno galego quixera referirme especialmente ó sector primario, columna dorsal do noso sistema económico.

A reestruturación e potenciación do sector lácteo coa constitución, se é o caso, dun grupo lácteo galego, como parte dun amplo programa de modernización e lanzamento da nosa agroindustria, a base física da concentración, a electrificación rural e a política de diversificación así como de potenciación de produtos galegos de calidade, especialmente do sector cárnico, viños e

produccións selectivas como augardente, mel, flores, etc., precisan doutras pancas para o desenvolvemento equilibrado do medio rural, dentro das que destacarémo-lo turismo rural e a artesanía, apoiadas nunha política ambiental de recuperación de espazos e de fomento da caza e da pesca.

O plan experimental de desenvolvemento do Courel, cun investimento de 1.000 millóns de pesetas, e os futuros plans da Veiga na comarca de Valdeorras e da Ribeira Sagrada e de Arzúa, así como o programa de rehabilitación de pazos, constitúen pezas básicas iniciais deste proxecto integral.

Un novo programa forestal completa o proceso de reestructuración do noso sector primario interior.

O Plan forestal de Galicia, xa rematado, cos subpláns de mellora xenética e produción de planta forestal que permita a realización efectiva do proceso de repoboación constitúen os plans básicos de desenvolvemento deste sector, cun claro futuro e cunha enorme capacidade potencial para atraer-los excedentes do sector primario, en canto ós procesos de industrialización especialmente no sector de mobles e transformados en xeral da madeira.

As cifras aquí tamén comezan a ser significativas. Fronte a unha repoboación total media de 10.000 hectáreas durante 1988 e 1989 pasouse en 1990 a 16.000 ha e en 1991 a 29.500 ha, o que supón un incremento do 195 % con respecto á media 1988/89. As previsións para 1992 fíxanse en 30.500 ha, o que supón continua-lo enorme esforzo de 1991. A combinación da diminución da superficie queimada co incremento de repoboación demostra a nosa capacidade de inverte-la tendencia e de rompe-lo círculo infernal de desertización á que iamos abocados nos últimos anos.

Quixera determe no sector pesqueiro, un dos piares básicos da nosa economía. No que se refire á pesca, ó marisqueo e á acuicultura, é necesario dicir que por fin un Goberno decidiu abordar con valentía o que os expertos veñen recomendando desde hai máis de trinta anos.

A política pesqueira da Xunta, encamiñada en primeiro lugar a enche-lo baleiro lexislativo existente, artículase sobre cinco grandes prioridades: a imprescindible recuperación dos recursos, preocupación máxima deste Goberno; a non menos urxente modernización da flota; a profesionalización e competitividade do marisqueo; a seguridade no mar; e a formación e capacitación profesional dos traballadores do mar.

As conversacións xa iniciadas co Goberno central permiten pensar nun futuro máis esperanzador. Podemos e debemos lograr entrámbalas administracións o adecuado consenso que lle garanta á nosa flota un futuro estable, con

caladoiros suficientes, sen mingua da nosa preocupación básica de protección e recuperación dos recursos.

Cumprir e facer cumprir-la legalidade, ordena-lo sector pesqueiro e o de marisqueo, a potenciación das industrias de transformación, os paros temporais como medida urxente de recuperación de recursos, a diferenciación dos nosos produtos como produtos galegos de calidade e tantas outras medidas que as súas señorías atoparán detalladas na documentación que se lles distribuíu, permítenme dicir que nunca se fixo tanto neste sector en tan pouco tempo e que quizais no sector pesqueiro é onde se fixo máis evidente que unha política seria, clara e decidida é posible.

O mesmo empeño e a mesma enerxía estámolos poñendo na defensa dos intereses pesqueiros de Galicia ante a CEE, e estamos seguros de que lograremos nas conversacións co MAPA que este asuma os nosos lexitimos intereses.

Como última medida dirixida á renovación da flota de pesca e cabotaxe financiaranse as novas construcións e a innovación tecnolóxica nos estaleiros e a adaptación profesional ás novas tecnoloxías.

Isto contribuirá –está contribuíndo xa– a crear unha importante ocupación indirecta nos sectores metalúrxicos e de bens de equipamento, especialmente no contorno da ría de Vigo.

Galicia avanza

Aínda que dous anos son un período curto para que poidamos avalia-los efectos da nova dinámica que Galicia está experimentando, xa comezamos a ve-los primeiros resultados da política de infraestructuras, concibida como a primeira punta de lanza para lle rompe-los freos ó desenvolvemento económico.

Fronte ós agoireiros, fronte ós que parece que lles doe que Galicia avance, xa comezan a marca-la súa lei os números. O investimento en estradas autonómicas en 1991 supera o de 1988 nun 96 % e o de 1989 nun 30 %. O previsto para 1992 supera o de 1988 nun 176 % e o de 1989 nun 83 %. O investimento directo da Comunidade Autónoma en telefonía rural para 1992 supera o de 1989 nun 582 %.

A posta en marcha do Plan de telecomunicacións rurais, anunciado hai un ano perante esta mesma Cámara, é así un feito, co investimento de máis de 2.200 millóns de pesetas en 1991, cifra que se multiplicará case por catro durante 1992. Ademais, en breves datas será ampliado o actual acordo coa compañía Telefónica para a cobertura da poboación que non estaba incluída no dito acordo mediante a instalación de radiotelefonos, chegando así ó 100 % da cobertura.

Entre 1992 e 1993 completaremos-la rede Trunking de telefonía móbil, que permitirá contar con este servizo para protección civil, pesca, sanidade, agricultura, etc.

En 1992 poñeranse en funcionamento as redes de voz e datos a través dun convenio coa compañía Telefónica, o que permitirá á Xunta dispoñer dunha rede de uso propio en moi favorables condicións económicas e con substanciais melloras sobre a situación actual, en beneficio do público galego en xeral.

A electrificación rural que se vai realizar en 1992 supera a de 1989 nun 897 %.

O Goberno central cumpre escrupulosamente os compromisos asinados con Galicia. Boa proba disto é a reunión celebrada o día 7 de febreiro pola Comisión de enlace para a construción das autovías do noroeste (Benavente-A Coruña) e Rías Baixas (Benavente-Vigo) con máis de 600 quilómetros e un investimento próximo ós 300.000 millóns de pesetas, e no que se reafirma o compromiso do Goberno central da súa realización durante os anos 1993 e 1995, estando nestes momentos en información pública os tramos Benavente-Villafranca (autovía do noroeste) e Benavente-Requejo (autovía Rías Baixas), publicados no BOE os concursos para redactalos procesos de trazado e construción dos tramos de autovía de A-9 a Nadela e do Porriño a Ourense, respectivamente, e en estudo de trazado Villafranca-Lugo e Requejo-Villavieja, así como en inmediata información pública Villavieja-Ourense.

En definitiva, os 600 quilómetros de autovía que comunicarán Galicia coa Meseta están en marcha e en 1995 Galicia romperá definitivamente o seu illamento.

O mesmo podemos dicir do gas natural. O día 21 do pasado mes de febreiro a Xunta de Galicia asinou co Ministerio de Industria o «Protocolo de colaboración para o desenvolvemento do gas natural en Galicia», que foi seguido o 4 de marzo co asinamento con Enagas do acordo en virtude do cal esta empresa «llevará a cabo a distribución industrial e xestionará a concesión administrativa da Administración central do Estado para a creación da infraestrutura gasística de Galicia aprobada polo Goberno, que consiste nunha terminal de regasificación que se situará en Ferrol e unha rede básica de transporte cun eixe principal desde Tui ata o límite co Principado de Asturias e con ramais ás sete principais cidades galegas».

Neste acordo afírmase expresamente que «a Xunta de Galicia e Enagas realizarán os seus maiores esforzos para conseguir que a Comunidade Autónoma dispoña de gas natural dentro do ano 1995».

Con isto lograremos integrarnos na futura rede gasista europea, contribuíndo cunha instalación de regasificación a esta, facéndoa así menos vulnerable. Por

outra parte, diversificarémo-lo noso consumo de enerxía primaria coa implantación dunha enerxía limpa, de calidade e económica.

Ocupámonos seriamente da defensa do medio, o que equivale, como en tódalas partes, pero aínda máis na nosa terra, a salva-lo ser de Galicia. «A nosa terriña meiga» ardía, pura e simplemente, polos catro costados; os residuos sólidos e os fluxos líquidos e gasosos contaminaban as nosas rías e a nosa atmosfera de modo inaceptable; faltaban medidas serias de defensa fronte ás catástrofes e para a adecuada protección civil.

Isto cambiou xa e o pobo galego sabe que existe credibilidade na afirmación de que cambiará de todo. Este Goberno dixo que, coa axuda de Deus e do pobo, dominaría os incendios forestais e fíxoo.

Algún membro desta Cámara, con graves responsabilidades na situación anterior, tachounos de demagóxicos e irresponsables. Pois ben, o ano 1990, cunha seca e unhas temperaturas aínda peores cás do ano 1989, reduciuse a superficie arborada destruída a unha cuarta parte; o ano 1991, cunha climatoloxía certamente menos mala, pero recollendo os froitos dos esforzos realizados e dunha moral recuperada, nos traballadores e no conxunto da sociedade, reduciuse á sétima parte do ano anterior; é dicir, case á trixésima parte do ano 1989.

Da rexión peor de España en incendios pasamos a se-la menos mala, e iso é así e chega. Agora estamos empregados a fondo na repoboación e nun Plan forestal de altura, que xa conta cunha importante axuda europea, dentro do programa RECITE, que valora a fondo unha importante riqueza recuperada e unha paisaxe salvada da incuria duns, da malicia doutros e do fracaso dunha Administración incapaz.

O Plan de residuos sólidos, aprobado tecnicamente pola Xunta, despois de amplas investigacións e consultas, de acordo cos últimos desenvolvementos europeos, será pronto unha realidade operativa, co que conseguiremos evita-la degradación do medio físico minimizando o impacto ambiental producido polos residuos e a súa eliminación a través dunha acción efectiva, seria, con economía de recursos e coas máximas garantías.

No referente ós residuos industriais, hai que dicir que as industrias radicadas en Galicia xeran unha importante cantidade destes residuos, dos que case 70.000 toneladas presentan unhas características que os fan potencialmente prexudiciais, sendo necesario o seu tratamento e control, polo que a Xunta de Galicia puxo en marcha o proxecto de construción dunha instalación de tratamento físico-químico dos ditos residuos, así como dun depósito

de seguridade que recibirá os residuos procedentes das industrias da Comunidade e da propia instalación de tratamento que estará situado no concello de Somozas.

Nesta acción de protección do medio debo referirme á protección e limpeza das nosas rías, respecto das cales están en marcha investimentos por máis de 5.000 millóns de pesetas. Pontevedra, Marín, a ría do Burgo, Vigo, A Coruña, Ferrol, Ares, Pontedeume e Betanzos están a ser recuperadas nas súas augas nunha política seria e eficaz de protección ambiental.

En materia de protección civil déronse pasos moi importantes e, sobre todo, deixouse claro que a lei se vai cumprir, como o revela a actuación no caso de ELNOSA.

Defensa da lingua

Galicia ten que responder non só dunha acertada política rexional e dunha eficaz administración dos seus recursos, senón dunha cultura e dunha lingua que lle son propias. Por suposto que non existen culturas cerradas sobre si mesmas nin linguas alleas ós parentescos e contactos normais con outras do mesmo tronco facilitadas pola historia en común. A nosa cultura e a nosa lingua pertencen á familia ilustre do tronco latino ou románico e, dentro del, á excepcional categoría do mundo iberoamericano. España e Portugal e os países da súa estirpe, estendidos por Europa, África, América, Asia e Oceanía, integran unha das máis importantes constelacións culturais e lingüísticas, cunha gloriosa historia que inclúe «O Quixote» e «Os Lusíadas», «Tirant lo Blac» e «Martín Fierro», os cancioneros galaico-portugueses e a obra bilingüe de Cunqueiro e Cela, como tamén o foi a do marqués de Santillana, a de Gil Vicente e de Camoens, a de Rosalía de Castro e a de Pondal.

Sei que esta formulación realista non agradará a algúns, que non miran a evolución pasada, nin a realidade do presente, nin as posibilidades do porvir. O noso Goberno cre no futuro do galego, «fillo do latín, irmán do castelán e pai do portugués» como dixera Castelao; cre na súa convivencia pacífica e na súa colaboración fecunda co castelán e co portugués; defende a súa normalización e expansión pola vía da educación, o uso administrativo e xudicial e a súa potenciación na radio e na televisión, levándoo a tódolos sitios en que, de feito, se fala ou suscita interese; fomenta-la edición –xa superámo-los 500 títulos anuais– e a distribución en amplas tiradas das nosas obras literarias; establecer mínimos nos medios de comunicación social que concede; organizar e patrocinar congresos e grandes certames como «Galicia no tempo»,

que sobrepasou as fronteiras non só da Comunidade galega, senón tamén do Estado, sendo visitada por preto de medio millón de persoas; desenvolver programas que leven o seu uso a tódolos campos da vida social, así como resalta-los valores básicos do noso pobo e dos seus homes insignes.

O ano de Álvaro Cunqueiro serviu para que a palabra que nos legou chegase e se oíse en tódolos recunchos da nosa terra; exposicións, estudos, monografías, publicacións, congresos e a posta en escena de «O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca» constitúen a expresión dun único obxectivo: busca-lo reencontro e unha aproximación dos galegos a un dos seus fillos máis ilustres.

De cara á Galicia exterior, o noso obxectivo vai ser sempre o mesmo: fortalecer unha galeguidade nunca esquecida identificadora dun vínculo e dunha orixe.

Galicia é unha comunidade con características ben definidas, non só pola súa xeografía, a súa etnografía ou o seu folclore, como tamén e especialmente pola súa lingua e pola súa historia.

Galicia como comunidade estendida por todo o mundo foi e continuará a ser unha das nosas preocupacións esenciais. Alí onde haxa un galego que precise atención e apoio, alí estarei eu e o Goberno galego.

Estou disposto a reforza-los apoios do Goberno ás nosas comunidades do exterior, ampliando e mellorando as liñas actuais. Cómpre que os lazos espirituais se reforcen, que a solidariedade se faga máis activa, pero tamén que se establezan novos vínculos económicos que integren os galegos de dentro ou de fóra.

O Congreso mundial de empresarios galegos do exterior reuniu, en Río de Xaneiro, moitos galegos que teñen algo que dicir no mundo económico e sentou as bases para novos encontros que apoién esa apertura que Galicia precisa

As políticas sociais

Un pobo san, culto e ben formado intelectualmente, e solidario cos seus semellantes, é o obxectivo que todo Goberno debe perseguir.

O primeiro ano de transferencia do INSALUD á nosa Comunidade Autónoma serviu para que o meu Goberno asumise con firmeza e sen vacilación o reto de regulariza-la caótica situación financeira de sanidade, e neste obxectivo queremos seguir progresando conscientes de que iso obrigará a unha esixente xestión da sanidade pública que faga compatibles os recursos, sempre escasos, coa mellora das prestacións.

O suplemento de crédito aprobado por esta Cámara, lonxe de se-la consecuencia dunha mala transferencia, como superficial e intencionadamente foi cualificada por diferentes grupos políticos, supuxo un intento serio de dota-lo SERGAS dun presuposto realista que fixese posible a regularización á que me acabo de referir, ó tempo que serviu para reducir substancialmente a débeda cos provedores dos centros sanitarios, herdada da Administración anterior.

As recentes conversacións dos conselleiros de Sanidade e Economía cos representantes sanitarios e económicos do Goberno central viñéronnos da-la razón.

As formulacións para o financiamento futuro do sistema nacional de saúde aséntanse sobre a base da equidade na distribución do gasto e dunha presupostación correcta e unha xestión eficiente dentro dese marco. Por outra banda, a recuperación dos fondos adicionais anticipados, que é xa practicamente segura, e as débedas de exercicios anteriores, que, xunto con desviacións de gasto incontroladas, eran verdadeiros cancro do sistema, poderán ser saneadas no marco do novo acordo que esperamos pechar.

Todo isto non nos fai esquecer que os «gaps» que o financiamento da nosa sanidade padece deberán estar necesariamente presentes para a súa corrección no máis breve prazo. Ningún acordo será posible sen que este extremo quede ben resolto.

Galicia asumiu xa e con plenitude as súas propias responsabilidades para poder así aplica-la súa propia política sanitaria, que irá dirixida ós seguintes obxectivos, dentro dos equilibrios financeiros ós que me referín:

Iniciar un conxunto de programas de saúde que afronten os problemas máis serios que padece a Comunidade.

Expandir e racionaliza-la estrutura asistencial.

Ofrecer novos e mellores servizos ós cidadáns e facilita-lo acceso rápido ós xa existentes.

Mellora-la capacidade docente e de investigación dos nosos hospitais con obxecto de facelos máis atractivos para profesionais en formación.

Existen problemas de saúde evidentes que deben ser atendidos sen espera. Está xa en execución un programa para mellora-la calidade de vida do paciente con asma bronquial.

En prazo de semanas estarán en execución programas para a vacinación contra a hepatite B, e para a prevención do cancro feminino e para o control daqueles factores de risco (hipertensión, consumo de tabaco) comúns a varias enfermidades da transcendencia das cardiovasculares ou o cancro de pulmón.

Estes mesmos días propoñémonos iniciar unha forte campaña para promover-la hemodoación, e aproveito para lles pedir a todos a súa altruísta colaboración.

A lacra da drogodependencia constitúe unha das miñas preocupacións esenciais. Durante 1992 ampliaranse os recursos asistenciais, intensificaranse as campañas para informar, orientar e cambiar actitudes da poboación, aumentaranse os centros de día, pisos de reinserción, inicio efectivo do plan de intervención en prisión, etc. Este conxunto de accións ten que ser correspondido cun rearme moral da sociedade galega.

Só a través da integración familiar, da solidariedade e da xenerosidade poderemos ir erradicando esta praga que acaba cos nosos fillos e que destrúe as familias alí onde se introduce.

A atención primaria está a recibir, pola nosa parte, a atención que merece. Propoñémonos, para o efecto, completar en dous anos a dotación física da nosa rede de centros de saúde e consultorios. Pero, sobre todo, avanzamos no modelo organizativo. Estou en condicións de afirmar que no prazo de semanas imos ofrecer un proxecto de organización, consensuado con tódolos axentes afectados e que sintetiza o mellor do modelo tradicional do exercicio da medicina (retribución capitativa, libre elección, proximidade médico-paciente) e dos modernos modelos de traballo en equipo. Consideramos prioritario que a poboación teña acceso, neste nivel, a profesionais con coñecementos sólidos e permanentemente actualizados, así como ós procedementos diagnósticos e terapéuticos que permitan reducir ó mínimo a afluencia ós hospitais.

A expansión e racionalización da rede asistencial verase completada coa utilización dos hospitais das deputacións –tódolos cales están xa ocupados a niveis nunca coñecidos– e do Concello de Vigo, mantendo coas súas corporacións titulares relación para a súa transferencia á Xunta ou para a súa utilización baixo calquera outra fórmula convida. Avanzamos, tamén, nun plan de promoción e estabilización dos hospitais comarcais aqueixados de carencias de especialistas e equipamento que estamos a resolver.

O remate das obras do novo hospital de Verín, o inicio da construción, este mesmo ano, dun novo hospital en Santiago, a realización de importantes investimentos no Xeral-Cíes e no Meixoeiro de Vigo, e a posta en funcionamento dun novo centro rexional de hemoterapia en Santiago serán as realizacións máis importantes neste sector. Novas iniciativas como estas iranse desenvolvendo nos vindeiros anos ata alcanzar na nosa terra niveis similares ós medios de España.

Propoñémonos igualmente ofrecerlles novos e mellores servicios sanitarios ós cidadáns, e facilita-lo acceso rápido ós xa existentes. Algunhas comarcas xa dispoñen, desde hai unhas semanas, de novos servicios de urxencias, que inclúen a presenza física permanente de médicos nos centros de saúde fóra da xeira laboral e durante as fins de semana.

No prazo de tres meses poderemos ofrecer unha organización estable que garanta a atención de urxencias no medio rural. Traballamos, así mesmo, nun plan de emerxencias para toda Galicia. Estableceremos un único centro de operacións atendido por profesionais sanitarios, onde se dispoña de información permanentemente actualizada de dispoñibilidades hospitalarias e con acceso directo a tódalas alternativas de transporte urxente.

En novembro de 1991 chegouse ó compromiso de reduci-lo total da lista de espera nun 40 %, para fin de maio de 1992, actuando sobre 16 patoloxías. Hoxe podo dicir que no primeiro mes de execución do programa se incrementou a actividade cirúrxica normal dos hospitais e interviñéronse, ademais, 1.757 pacientes dos que figuraban naquela lista de espera (1.269 en hospitais do Servicio Galego de Saúde e 488 en hospitais concertados). Isto supón unha actividade cirúrxica nunca coñecida e unha experiencia que está sendo seguida con atención no resto de España. Supón tamén o traballo e a dedicación exemplar de miles de profesionais sanitarios, ós que eu expreso a miña gratitude en nome dos pacientes atendidos e de Galicia enteira. Gracias a todos eles imos cumprir co obxectivo que marcáramos.

A nosa preocupación polos servicios hospitalarios vaise traducir tamén na creación de unidades para hospitalización de pacientes crónicos e na integración da hospitalización psiquiátrica de agudos en hospitais xerais na Coruña e Ourense.

Por último, pero non menos importante, e sen facer nin moito menos unha enumeración completa dos nosos proxectos, propoñémonos mellora-la capacidade docente e de investigación dos nosos hospitais. Imos crear un centro de documentación biomédica de Galicia, que permita mellora-la calidade da actividade médica da Comunidade nos aspectos asistenciais.

A eliminación da marxinación social e a atención ós máis débiles constitúen non só imperativos en por si senón que tamén constitúen os instrumentos básicos da integración social.

Como dicía ó comezo da miña intervención, o fomento do espírito de iniciativa, o libre mercado, a competitividade teñen que complementarse coa defensa dos débiles, dos marxinados, coa protección dos vellos, coa defensa da

igualdade de oportunidades da muller e, en definitiva, co espírito e a práctica efectiva da solidariedade pola que estamos claramente traballando.

Para os galegos máis desprotexidos estamos traballando no perfeccionamento e posta ó día dos seguintes instrumentos:

- Axudas individuais, dirixidas ós máis débiles e máis necesitados (RISGA, pensións non contributivas, FAS, LISMI, emerxencia social, etc.), constitúen expresións deste tipo de instrumentos de protección.
- Programas para os menores que permitan o seu tratamento desinstitutionalizado e que lles proporcionen outra familia, cando isto sexa posible, garantindo, en todo caso, o seu acceso a unha conducta normalizada, mediante a súa escolarización e formación.
- Programas para minusválidos, dirixidos a facer posible a súa integración social e, cando sexa factible, a inserción laboral.
- Programas dirixidos ós vellos, que lles proporcionen os apoios necesarios que permitan unha vida en condicións dignas. Neste sentido, este Goberno fará máis en tres anos ca calquera dos seus antecesoros. A finais deste ano teremos incrementado nun 60 % o número de prazas públicas en residencias de anciáns; en idéntica porcentaxe o número de centros sociais e aínda en maior medida os servizos complementarios. Igualmente creouse un programa de acollemento familiar que cremos que pode evita-los internamentos.

Duplicámo-las consignacións presupostarias do plan concertado dirixido fundamentalmente á creación e consolidación dos servizos sociais municipais.

Finalmente, enviámoslle a esta Cámara un proxecto de lei de servizos sociais, axustado á realidade galega e en liña coa mellor normativa comparada.

Na área da muller, desenvolveuse a Lei do 14 de xaneiro de 1991, pola que se creou o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, se configuraron os seus órganos e comezou a súa andaina. Temos confianza en que a súa actuación permita a superación das dificultades que en moitos ámbitos tiveron as mulleres da nosa terra.

Pero a solidariedade non só debe limitarse a Galicia senón que, polo menos simbolicamente, Galicia debe estar presente no mundo, seguindo o exemplo doutras comunidades autónomas.

Neste sentido iniciaremos este ano un programa de axuda ó terceiro mundo cunha consignación modesta pero que implique a nosa participación efectiva nos programas auspiciados pola Asemblea de Rexións de Europa e noutras accións directas de axuda.

O ensino e a demografía

O novo modelo educativo debería constituír unha oportunidade para estender e profunda-la formación dos nosos mozos.

O noso profesorado estamos seguros de que saberá afrontar con éxito o proceso de actualización que implican as novas metodoloxías. O Goberno reforzará as accións de perfeccionamento do profesorado e neste sentido poñeranse en marcha novos centros con esta finalidade.

Pero somos conscientes de que non se poderá conseguir un profesorado disposto a ofrece-lo esforzo que estas novas metodoloxías lle esixen se previamente non acadou o status socio-económico que lle corresponde. Por esta razón o Goberno que presido realizou un esforzo presupostario sen precedentes que sitúa o noso profesorado de niveis non universitarios como o mellor remunerado de España, tal vez coa soa excepción de Canarias.

A educación está en plena transformación. A crise demográfica, por unha parte, e a modificación e extensión dos ciclos educativos básicos van esixir unha profunda readaptación, que afrontaremos con firmeza, contando tamén cos recursos que a nivel nacional se arbitren para a implantación da LOXSE.

A ninguén se lle agacha que en Galicia se necesita un esforzo especial, xa que temos que sumar ó dito anteriormente a nosa dispersión da poboación e a evolución demográfica. Todo iso esixirá, entre outras cousas, unha gran capacidade de organización para evitar agravios comparativos, dentro da mellor administración dos recursos e sen que iso supoña mingua da calidade de ensino.

Non quixera remata-las miñas palabras sobre o ensino sen facer unha referencia a dous niveis que nos preocupan moi especialmente. Por unha parte, a formación profesional, tan necesitada de recursos e de acreditación social. Cada vez máis ratificámonos en que foi moi acertada a creación dunha Dirección Xeral específica, que empeza a da-los seus froitos, tanto na mellora da calidade nos centros educativos coma na colaboración das empresas, sen a cal é imposible pensar nunha constante posta ó día.

Por outra banda, a Universidade. Entendemos que estamos a supera-las lóxicas dificultades da posta en marcha de dúas universidades novas xurdidas da histórica Universidade de Santiago. Superouse, non sen dificultades, o deseño do mapa de titulacións e centros ata o ano 1992 e temos grandes esperanzas en que, unha vez rematado o estudio, xa empezado, do mapa correspondente ó cuatrienio 1992-96, o noso sistema educativo poida cumpri-las previsións da LOSUGA. Temos, así mesmo, grandes esperanzas no labor que está a desenvolve-la Comisión de seguimento do Plan

de financiamento para evitar que volvan xurdir controversias na interpretación dalgún dos seus puntos.

Farei unha mínima reflexión sobre a situación actual da evolución da nosa demografía.

O avellentamento demográfico da poboación galega é máis elevado ca no conxunto da CEE, dado que entre nós a poboación maior de 65 anos supera o 14 % e a taxa comunitaria é do 13 %. Este feito acentúase máis ó examinar por separado as áreas rurais, as máis extensas de Galicia, onde o índice respectivo supón máis do 16 %; é dicir, que na maior parte do territorio a renovación xeracional está nun momento crítico.

Cambiar esta tendencia é un obxectivo preferente, pero de difícil consecución, porque os seus obxectivos se acadan necesariamente a longo prazo, pero se non se actúa a tempo, e agora o estamos, nun futuro próximo a situación será irreversible, tendo en conta que nos últimos cinco anos a nosa poboación empezou a descender en números absolutos.

Non nos podemos permitir unha Galicia avellentada, porque isto constitúe o principal obstáculo para a renovación dos nosos recursos humanos e unha seria ameaza para o noso futuro.

A discriminación da poboación potencialmente activa e o incremento de proporción de persoas de máis de 65 anos constitúen un dos principais factores de esganamento para o noso sistema económico. Para evitar que esta tendencia siga a súa traxectoria acelerada, que xa hoxe se observa, hai que lograr unha composición demográfica equilibrada e, así mesmo, arbitralos plans de desenvolvemento territorial que permitan unha mellor distribución desa poboación no territorio.

Para iso –é máis fácil falar que facer cousas, desde logo– hai que concienziala poboación e articular un conxunto de medidas que fagan atractivo para as familias ter máis fillos.

O gran obxectivo é incrementalo número de matrimonios con tres ou máis fillos –hai quen non sabe nin pode, desde logo–. Se ben os estímulos fiscais lle corresponden ó Goberno central e non son competencia do Goberno de Galicia, si podemos, debemos e imos facer unha política cos nosos medios: prioridade na adquisición de vivendas públicas para as familias que teñan tres ou máis fillos.

En xeral, e sempre que non o impidan a normativa estatal básica ou principios de equidade, fixar como criterio prioritario para o aproveitamento de bens e servizos da Comunidade que afecten ás familias a pertenza a unha unidade familiar con tres ou máis fillos.

Consideracións finais

E remato, señor presidente, señoras e señores deputados.

Tentei presentar ante esta Cámara non só unha dación de contas da xestión da nosa Administración e unha exposición dos nosos proxectos máis inmediatos, senón un recordatorio dos grandes problemas que nos ocupan.

Na metade do camiño da presente lexislatura, ás portas do 93 europeo e do 2000 histórico, quero lembrar cara a que Galicia queremos ir. Inútil é tentar concibi-la nosa terra dentro de liñas utópicas e sen facer ben as contas, temos que nos mover dentro do marco español, da Unión Europea e da nova orde internacional, que vai substituíndo o que nos deixara a Segunda Guerra Mundial.

Creo sinceramente que, nestes momentos, hai que facer retorna-lo discurso político e o proceso administrativo ó campo que lles é propio: o do ben común e tamén o do sentido común. A mala hora do fundamentalismo, que se ceba en países doutro nivel histórico, está superada entre as nacións do noso contorno; pasou o tempo das revolucións, e chegou o do traballo serio, a colaboración e a integración.

O discurso socializante en tódalas súas variantes é abandonado en toda Europa, agora escoitámo-lo recoñecemento das virtudes do mercado, da iniciativa e do sector privado. Tamén parece que a dramática experiencia de Europa oriental non aboa o antollo das improvisacións nacionalistas e dos odios tribais. Imponse a reflexión, os plans serios, o abandono do absoluto, a implantación do viable.

Sentámo-las bases dunha mellora substancial das nosas infraestruturas, que se completarán nos vindeiros dous anos, deixando o cuadrenio subseguinte para o desenvolvemento básico dos tres sectores económico-sociais de Galicia. O ano 93, último na lexislatura, e ano xacobeo por excelencia, marcará, sen dúbida, con claridade o noso despegue irreversible e tamén o cumprimento da tarefa dunha xeración –á que me honro en pertencer– dedicada longo tempo a consolidar posibilidades, a abrir portas e ventás á nosa sociedade, a romper illamentos, a motivar ilusións.

Un segundo ano podo confirma-lo meu informe e compromiso do anterior: Galicia segue a adiante, a pesar das dificultades, e sabe cara a onde vai. Coa confianza do noso gran pobo e seguindo a estrela xacobeá, chegaremos a porto.

DEBATE DE POLÍTICA XERAL COA COMPARECENCIA DO EXCMO. SR. PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA PARA EXPOÑE-LO PROCESO EVOLUTIVO DA AUTONOMÍA, A ACTUAL SITUACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E A SÚA ARTICULACIÓN E DESENVOLVEMENTO FUTURO

24 de febreiro de 1993

Señor presidente, señorías, teño a honra de comparecer perante as súas señorías por terceira vez nesta lexislatura para dar conta do estado da Autonomía coma expresión da reflexión política desta Cámara, en canto ós aspectos substanciais e estratéxicos que se desprenden da actuación do Goberno de Galicia e cara a onde pretendemos encamiña-lo no noso futuro.

Creo que esta terceira comparecencia é unha ocasión oportuna para facer balance da lexislatura, xa que será a última vez, que durante ela, poida formularse un debate desta natureza.

Por iso considereí conveniente estrutura-la información que se presenta perante as súas señorías –que recibirán despois cos anexos correspondentes a través dos respectivos grupos parlamentarios–, de forma que inclúa non só o relativo á actuación do Goberno xa efectuada durante os anos 1990, 1991 e 1992 senón tamén, e para efectos metodolóxicos, que inclúa a información de 1993 tomando como dato as previsións parlamentarias.

Isto permitiranos unha visión panorámica e global sobre a actuación do Goberno que me honro en presidir, e a través do noso debate permitiralles igualmente ós habitantes da nosa terra te-la información suficiente para avalia-la xestión global do Goberno e do Partido Popular, que recibiu do pobo galego a súa confianza a través da maioría absoluta, e ó que debemos igualmente render contas dentro do proceso constitucional e estatutario que se concreta na próxima renovación desta Cámara.

Antes de entrar no tema concreto que constituía o obxecto central deste debate, permitiranme as súas señorías que faga unhas breves reflexións sobre os acontecementos que se producen fóra do noso ámbito e que, evidentemente, nos condicionan e inflúen.

En primeiro lugar debo destaca-los acordos de Maastrich e o cume de Edimburgo como expresión dun proceso difícil pero firme e constante cara á unidade de Europa. Esta unidade é un feito irreversible e todo o noso esforzo deberá ir dirixido non só á defensa dos intereses estratéxicos de Galicia, na medida en que poidamos presenta-los nosos problemas e necesidades perante as instancias comunitarias, senón tamén á defensa dos principios básicos que poidan permitir no futuro a adecuada e necesaria participación das rexións, tanto na formación da vontade dos estados nos temas que afecten directamente os seus intereses estratéxicos, coma en todo o relativo ó proceso negociador coa CEE, integrándose para estes efectos os representantes das rexións na representación nacional correspondente.

Sobre este tema incidirei na última parte da miña intervención, pero quero apuntalo desde agora en canto a que a integración europea debe de ser sentida polos galegos como un proceso non só irreversible, senón tamén benéfico para o noso futuro, como garantía de competitividade e expresión da solidariedade de Europa coas rexións máis desfavorecidas, que aspiran lexitimamente e co seu esforzo e sacrificio a incorporarse ó conxunto das máis dinámicas e prósperas. Europa é o noso futuro e constitúe á vez o noso desafío.

Todos sabemos como se fixo a integración europea, sen ter en conta a defensa dos nosos intereses estratéxicos. Hoxe tócanos a todos o labor difícil, pero irrenunciable, de ir corrixindo os factores negativos que trouxo consigo a integración e de iles substituíndo por factores de integración, de cohesión e de competitividade.

O escenario mundial móvese con extraordinaria rapidez, e ás veces sentimos unha sensación de vertixe, pero por riba dos acontecementos inmediatos vaise consolidando unha liña permanente e firme: o avance imparable da democracia e o derrubamento dos totalitarismos, especialmente no leste.

O afundimento do comunismo foi, non obstante, acompañado polo rexurdir dos nacionalismos exarcerbados. A destrución de Iugoslavia, as loitas internas e a presión brutal sobre o pobo bosnio recórdano-los peores momentos de épocas pasadas e expresan como a intolerancia e a falta de diálogo e de xenerosidade poden destruí-los pobos e enfronta-los irmáns.

Europa nunca se constituirá sobre etnias diferenciadas loitando entre si, senón polo contrario, a través da integración dos pobos e das culturas e a través da solidariedade da xusticia.

As recentes eleccións americanas viñéronnos recordar que os pobos apostan polo futuro, por moitos sacrificios que esixa, e que só cunha actitude dinámica, aberta e asumindo riscos se pode facer fronte ós grandes retos mundiais.

E desde Galicia, ¿cal é a nosa función e onde nos debemos situar? Nesta análise debemos partir, coma sempre, da realidade de Galicia como unha das 171 rexións europeas, periférica con respecto ós grandes eixes económicos e de riqueza, con importantes déficits infraestructurais, cunha economía que estaba sustentada especialmente sobre o sector público, cun sector agrario concorrente coas rexións centrais europeas cunha menor competitividade nun marco de excedentes de produción, cunha política comunitaria restrictiva e cun sector pesqueiro que debe afronta-la súa reestructuración e a protección dos recursos como eixe da política comunitaria.

¿Como afrontar este retos? En primeiro lugar, afirmando a nosa propia identidade. Galicia constitúe a nosa razón de ser e o noso orgullo, o orgullo de ser galegos, e a nosa capacidade de afronta-los grandes retos que condicionan o noso futuro depende sobre todo da nosa vontade, de noso traballo, e do noso esforzo, do noso sacrificio.

Só prosperan os pobos que cren en si mesmos e que son capaces de asumir-los sacrificios que sexan precisos para constituír un futuro para si mesmos e para os seus fillos.

A nosa tenacidade, espírito de traballo e sobriedade deben ser complementadas pola capacidade de innovación, pola innovación das nosas estruturas e pola valentía de asumir un futuro cambiante e esixente.

Este futuro só se poderá afrontar se nós o enraizamos nas nosas orixes e na historia, e a partir de aí, podemos ser capaces de mirar con valentía o futuro e os riscos que debemos afrontar.

Pero non debemos esquecer que somos ó tempo galegos e españois, que España non só é unha cantidade política na que estamos abranguidos, senón que a nación española constitúe a patria común e indivisible de todos. Galicia

e España son os nosos referentes e a nosa razón de ser. A nación española e a nosa nacionalidade son inseparables e só poderemos falar de futuro sentíndonos á vez orgullosamente galegos, españois e tamén europeos e universais.

Cando en febreiro de 1990 tiven a honrra de asumir a dirección do Goberno de Galicia tiña presente claramente dúas cousas: unha, ou que Galicia asumía xa o camiño do progreso, ou que quedaría atrasada para sempre. E dúas, que só se podería falar de futuro se eramos capaces de romper as barreiras físicas e tecnolóxicas que estrangulaban o noso desenvolvemento.

O proceso de integración de España na CEE, que se consagra xuridicamente en 1986, enfrontábanos cunha nova realidade que vai modificar profundamente tódolos nosos equilibrios económicos e que nos esixe, sobre todo –agora xa en vigor o mercado único– a adaptación das nosas estruturas productivas a un mercado aberto e profundamente competitivo.

O dilema só ten dúas solucións: a adaptación a este novo escenario e a reestructuración do noso sistema productivo ou a desaparición como ente económico propio e a condena ó subdesenvolvemento. Este reto vénnos imposto. Quizais non era o mellor momento, pero a realidade está aí e debemos afrontala.

Cara á modernidade

¿Como facer fronte a este desafío? Existía unha única posibilidade para comezar: a ruptura do noso illamento. Se non conectabamos Galicia co exterior e non achegabamos enerxía barata e suficiente sería unha va ilusión calquera iniciativa que conducise a Galicia cara á modernidade.

Toda a lexislatura estivo marcada por este esforzo: autovías, gas natural, electrificación rural, plan de estradas, solo industrial e residencial, rede de telecomunicacións e de telefonía rural concretan as bases desa política e expresan e cuantifican o maior esforzo que fixo nunca unha comunidade autónoma para o reducido marco dunha lexislatura: resituarse, abandonando o malo do pasado e mirando claramente cara ó futuro.

Con toda xusticia debo dicir que este esforzo foi solidario. Debo proclama-la leal colaboración do Goberno central, que asumiu con valentía a conversión en realidade do acordo asinado por min co ministro Sáenz de Cosculluela o 28 de novembro de 1990. Esta data é o inicio dunha nova andaina para Galicia que, a partir deste momento adquire xa importancia en si mesma.

No verán dese mesmo ano conseguiremos rachar outro dos círculos infernais que nos atenazaban: os incendios forestais. Cun enorme esforzo e cunha

nova organización, sen escatimar medios materiais, puidemos demotrar que Galicia tiña capacidade e enerxía para sobrevivir e que ninguén podería detela.

Mencionei este fitos porque constituíron o principio dun camiño, o inicio dunha andaina que proseguimos durante estes tres anos e que continuaremos ata o fin da lexislatura e máis adiante, se o pobo galego nos outorga de novo a súa confianza.

Nos documentos anexos que se lles distribuirán ás súas señorías figuran, con todo detalle, todas e cada unha das accións realizadas e en curso de execución pola Xunta de Galicia, e como dato de referencia a comparación de acción en promedio co realizado en 1989 para poder apreciar, se é o caso, a distinta intensidade da súa execución.

Este balance da lexislatura constitúe unha rendición de contas ó que estamos obrigados e ó que me referirei a seguir, glosando os aspectos máis significativos das distintas áreas nas que estruturámo-la actividade do Goberno de Galicia.

Nunha análise sectorial e estratéxica das infraestruturas necesarias para o desenvolvemento debe colocarse en primeiro lugar a mellora da rede viaria.

De nada servirían os acordos xa mencionados co Goberno central se non se articularsen e engastasen na rede troncal os eixes autonómicos que articulan e que canalizan o tráfico.

En 1991 o Consello da Xunta aprobou un plan de estradas para o período 1991-2000 cun investimento total de 273.000 millóns de pesetas, o que representaba sobre 1989 un incremento medio en todo o período do 95 %, case o 100 %.

Hoxe estamos vendo a realidade deste plan e en calquera punto da nosa xeografía pode verse o gran esforzo que estamos facendo para vertebrar Galicia. Os grandes eixes da Coruña-Cee, Cee-Ribeira, Lugo-Costa interior, Ribadavia-Cea, norte-sur, A Gudiña-A Rúa; e as vías de alta capacidade: a autoestrada A Coruña-Laracha, o corredor central Lalín-Monforte, a vía rápida do Salnés, Ferrol-San Sadurniño, acceso ó Barbanza, vía rápida do Val Miñor, Bande-Cangas, o programa transfronterizo con Portugal, a Mariña luguesa, A Fonsagrada, Deza e a restauración do Camiño de Santiago, todos eles en obras, constitúen a expresión dunha realidade gozosa e a mellor garantía do noso futuro.

Rían, rían, xa se rirá o pobo galego de vostedes.

O obxectivo da infraestrutura portuaria é claro: favorece-lo desenvolvemento económico e a calidade de vida na costa galega.

Diques de abrigo, peiraos, lonxas e outros edificios para facilita-la comercialización, obras complementarias e portos deportivos, constitúen a expresión dunha política clara co obxectivo de mellora-la seguridade da flota pesqueira e a súa produtividade e favorece-lo desenvolvemento do turismo náutico.

A Guarda, Palmeira, Sada, Celeiro, Burela, Laxe, Miño e Camelle viron incrementados os seus portos de abrigo.

A Pobra do Caramiñal, Cedeira, Burela, Laxe, Fisterra, O Grove, Portosín, Ribadeo, Portomouro, Ribeira e Cabo de Cruz viron incrementados os seus peiraos ou explanadas.

Malpica, Camelle, Porto do Son, O Xestal, Baoina, Espasante, Cesantes, Arcade, Foz, Cariño, Aguiño, Bueu, Portosín, Canido, Cangas, Ribeira e Palmeira viron melloradas as naves para as redes, explanadas, naves de departamentos para mariñeiros, instalacións de frío, etcétera.

Ribadeo, Camariñas, Baiona, Barizo, Palmeira, Ribeira, Bueu, Pontecesures, Tragobe, Sada, Arou, Meira e Celeiro, viron como se construían pantaláns, camiños de acceso a ramplas, ou se realizaban dragados para mellor servizo ó marisqueo e ós cultivos mariños.

Este esforzo supón o mantemento do volume de investimento do período anterior –tomando como referencia o ano 1990– en diques de abrigo e lonxas, e un encremento do 279 % en materia de fondeadoiros, ramplas, dragados, etc., cun investimento total na lexislatura de 12.260 millóns de pesetas.

Nas infraestructuras enerxéticas, a electrificación rural e o gas natural constitúen o presuposto de calquera proxecto serio de industrialización. A transformación do noso agro é imposible se non dispón de enerxía suficiente e o gas natural pode facer competitivas en Galicia actividades industriais que sen esta fonte de enerxía non o serían.

O investimento de 37.000 millóns de pesetas no programa MEGA de electrificación nesta lexislatura expresa a realidade dunha política e a expresión dun tremendo esforzo que supón no cuatrienio un incremento medio de 468 %, case o 500 %, sobre o investido en 1989. Os 8.400 millóns que se investirán na infraestrutura de regasificación, transporte e distribución de gas natural expresan unha nova vía que emprende Galicia de cara ó seu futuro.

As infraestructuras de telecomunicacións son fundamentais tanto para o desenvolvemento económico coma para a integración social, singularmente neste último caso, as que aseguran a cobertura de radio e televisión galegas, como instrumentos básicos da expansión do noso idioma e da nosa cultura.

Neste aspecto o esforzo foi especialmente importante nesta lexislatura, pasando de 16 reemisores da Radio Galega a 25 e de 56 reemisores da Televisión Galega a 99, ó que se une a instalación de 300 reemisores rurais que se instalarán neste ano, conseguindo unha cobertura practicamente total do noso país, cun investimento de 1.022 millóns de pesetas.

Como acción nova destacaríase a Rede Trunking, rede de radio-telefonía móbil da Xunta de Galicia, que entrará en funcionamento con carácter inmediato nas provincias da Coruña e Pontevedra, e en instalación nas provincias de Lugo e Ourense, cunha cobertura ó final do período de preto de 85 % do territorio da nosa Comunidade.

Esta rede permite integrar tódolos servizos móbiles da Administración nunha única rede, podendo conectarse coa rede telefónica. O investimento ascende a 493 millóns de pesetas.

Hai que engadi-lo servizo RDS de transmisión de datos de radio, a través da Radio Galega, para recepción e sintonía da Radio Galega na Comunidade, envío de mensaxes de tráfico e avisos de protección civil; a posta en pé dun servizo de radio-busca; a mellora das infraestruturas de TCG-Radio en Vigo, na Coruña e o novo edificio de servizos múltiples en San Marcos.

Este conxunto de accións supoñen unha posta ó día das infraestruturas dos nosos medios de comunicación.

Novas infraestruturas

Quixera determe na colaboración absolutamente fructífera e con pactos globais da Comunidade Autónoma coa Compañía Telefónica Nacional de España. Telefonía rural, rede de voz e datos, telecomunicacións nos parques empresariais, RDSI, Camiño de Santiago, etcétera, constitúen os puntos nos que se concreta esta colaboración que sitúa a Galicia na cabeza das comunidades autónomas nun sector tan estratéxico como é o das telecomunicacións.

Na telefonía rural o avance é espectacular. No convenio fíxase a obriga da CTNE de instalar 107.000 novas liñas telefónicas entre 1992 e 1994, cun investimento global de 44.669 millóns de pesetas, dos que a Xunta de Galicia achega 10.000 millóns. En virtude dese convenio, calquera galego pode acceder ó servizo telefónico con iguais custos e prezos ca unha grande cidade, e significa a fin do illamento no que vivían moitos dos nosos paisanos, sobre todo os situados nas zonas máis desfavorecidas.

Este plan xa está en plena execución. O investimento efectivo ata fin de ano é de 5.121 millóns a cargo da Xunta de Galicia, cunha media anual na

lexislatura de 1.280 millóns, o que supón un incremento sobre o investimento de 1989 de 1.185 %.

Xa acabou o entroido, señores. A dinamización económica de Galicia só é posible se conseguimos, ademais de elimina-las barreiras infraestruturais e dispoñer da enerxía barata suficiente, contar con espazos para a colocación de industrias e dotalas dos servizos correspondentes a un prezo competitivo.

Ó remate da presente lexislatura, o Instituto Galego da Vivenda e do Solo terá adquirido máis de oito millóns de metros cadrados de solo empresarial terciario, cun investimento de máis de 13.300 millóns de pesetas. Teño que subliñar perante desta Cámara que esta acción se iniciou no ano 1990 sen que nos anos anteriores se investise unha soa peseta nin se adquirise un só metro cuadrado de solo empresarial ou terciario.

Como acción singular destacaría o Parque Empresarial de Galicia en Ourense, que ten que se converter no motor de desenvolvemento industrial da provincia, e os parques ofimáticos da Coruña e de Vigo, de especial importancia para o sector terciario.

Dentro das infraestruturas físicas ten unha especial importancia a concentración parcelaria para o noso sector primario. Esta acción véñse realizando desde o principio da Autonomía, xa que tódolos gobernos son conscientes de que só se pode racionaliza-lo noso campo rompendo o minifundismo.

O que pode destacar como singular acción do noso Goberno é a maior intensidade e a prioridade de que se lle deu á consecución deste obxectivo, tanto no que se refire á finalización da concentración nas zonas en que o proceso se leva lentamente ou estaba atrancado, coma na declaración de novas zonas.

Nesta lexislatura concentráranse máis de 120.000 hectáreas, unha media anual de 30.000, o que supón un incremento do 955 % con respecto ó ano 1989, en que se concentraron 3.158 hectáreas.

O obxectivo do noso Goberno é continuar a este ritmo, intensificando aínda máis a acción co fin de logra-la concentración de 35.000 a 40.000 hectáreas anuais, ata chegar ó obxectivo de acadar 600.000 hectáreas concentradas no ano 2.000.

As accións directas ou as infraestruturas físicas deben ir acompañadas dun proceso paralelo de formación e capacitación agraria do noso potencial humano.

Construíranse dúas novas escolas de capacitación agraria e lográrase a asistencia de máis de 10.000 agricultores por ano ós diversos cursos organizados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, cun incremento medio de investimento na lexislatura do 286 % sobre o ano 1989.

Tamén a sensibilidade e o grao de avance dunha sociedade mídense pola súa preocupación polo medio ambiente. Dentro das accións realizadas na lexislatura, no aspecto concreto das infraestructuras e actuacións directas sobre o medio podemos destaca-las seguintes:

Lei de pesca fluvial, normativa básica para unha boa xestión do patrimonio piscícola; Plan de recuperación dos ríos troiteros, que actuará principalmente sobre as doce concas fluviais máis interesantes desde o punto de vista da súa vocación troitera; Plan de recuperación do salmón atlántico; proxecto ACNAT para a conservación do oso pardo; declaración de parques naturais protexidos de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán, así como a inclusión do mesmo nas zonas húmidas do convenio internacional RAMSAR; Plan de ordenación de recursos naturais de Ancares, Baixa Limia, serras de Queixa, Invernadoiro, rías de Ortigueira e Ladrado, complexo húmido do Grove-A Lanzada-Punta Carreirón, fraga do Eume, encoro de Cecebre e ampliación do parque natural das illas Cíes e Ons.

En caza, a ampliación das granxas cinexéticas de Dobro, Cotorredondo e O Veral; a construción xa iniciada dunha nova en Castro de Rei e o Plan da reintroducción da caza maior que está en plena realización (cervos, rebezos, muflóns e tamén cabra montesa).

Na potenciación da educación ambiental, hai que destaca-la marcha do Centro de Interpretación Mariño-Litoral de Corrubedo, o Centro de Interpretación Fluvial de Chelo (A Coruña), o Centro do Parque Natural das Illas Cíes, o Centro de Interpretación da Natureza en Siradellas (Pontevedra), Aula da Natureza dos Ancares e a Aula da Natureza de San Mamede (Ourense).

Modernizar un país

E todo iso, Señorías, significa modernizar un país. Por iso é preciso seguir traballando neste tipo de actuacións.

Unha segunda área de actuacións do meu Goberno é a da solidariedade provincial e a vertebración global. Significa que nós queremos elimina-las discriminacións existentes en Galicia, para que non haxa desigualdades. Cómpre para iso impulsa-la creación e a construción de infraestructuras, a fin de acadar ese equilibrio territorial que tantos debates suscitou nesta Cámara no pasado e a tantos debates nos levou ás súas Señorías e a min mesmo. Temos que achegarnos a un crecemento harmónico e equilibrado, favorecendo o territorio rural e agrario.

Os logros acadados polo meu Goberno no eido da solidariedade provincial e da vertebración global refírense non só a unha actuación que vén marcada

polos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma, dándolles máis incremento porcentual ás actuacións nas provincias de Lugo e de Ourense ca ás da Coruña e de Pontevedra, senón tamén o artellamento dun sistema interno que estableza auténticas comunicacións entre tódolos concellos que forman parte de Galicia, para que ningún deles se sinta nin privilexiado nin discriminado, senón que todos poidan formar parte dun conxunto que antes denominabamos de conexión.

Hai maior investimento en estradas e está demostrado non só polos quilómetros construídos, que son moitos máis na actualidade ca no período 86-87, senón tamén polos quilómetros que están en reposición, aqueles que son de mantemento da propia actuación do Goberno.

Pero se iso fose xa abondo para dicir que imos con máis prisa do que os alacrás podían pensar, tamén é certo que hai que actuar en camiños rurais, e en camiños rurais para todo o mundo agrícola con maiores investimentos, ademais, en portos pesqueiros como Sada, Malpica, Rianxo, Celeiro, Ribadeo, Burela, Muros, Laxe, etcétera, construíndo tamén estacións de autobuses como as do Carballiño, Monforte, Ourense, Vigo e Ferrol, ou formulando o saneamento integral das rías, aspiración de todos que hai que levar a cabo.

Unha terceira área de actuación do meu Goberno vai encamiñada á xeración dun espazo social con benestar. Consiste este obxectivo en acadalo maior nivel de vida e de igualdade de oportunidades.

Hai que desfacer a idea das desigualdades, das discriminacións e das inxusticias. Este espazo social con benestar, así definido, abrangería actividades tan importantes como a educación, como a sanidade, como a vivenda, como o deporte, como a cultura, como os centros da terceira idade, como os centros de seguridade e hixiene no traballo, como o fomento do cooperativismo, como o apoio ós colectivos de mulleres e tamén de xoves.

En Educación creo que está fóra de toda dúbida o gran investimento do meu Goberno, non só no que se refire a ensinanza medias e EXB, onde temos datos de abondo para poder afirmar que nestes dous eidos o número de postos escolares que se poñerán en vigor vai ascender a 42.000 e que atinxe en total 92 centros de medias e de EXB, cousa importante para o país.

Cando se demanda cultura, cando se busca unha calidade de vida superior, o importante é ter centros de cultura, e darlle educación a un pobo é o xeito de que haxa polo menos a posibilidade de paliar as inxusticias e as discriminacións. E para iso, para paliarlas, moito mellor foi o que decidimos nós: que as taxas do COU sexan gratuítas. Galicia foi a primeira Comunidade Autónoma

en España que impuxo a gratuidade nas taxas de COU. E para facelo moito mellor está o Plan Xeral de Investigación Científica e Técnica, con fortes incrementos na formación do profesorado. E para que se faga moito mellor, aí está a resolución definitiva do transporte escolar gratuíto nas escolas.

Así se fai unha política educativa que elimine as desigualdades ou que, polo menos, as palíe para que haxa igualdade de oportunidades para todos os rapaces.

Pero non só centrámola na nosa atención na preescolar, nas medias, na EXB, senón que –e coido que esta cuestión está a piques de ser debatida neste Parlamento– o Goberno Galego adoptou tamén unha das decisións máis importantes que pode adoptar un goberno en materia educativa: refírome ó proxecto de Lei de Universidades.

A creación, a posible creación –debaterémolo en plenos posteriores– de dúas novas universidades, a do norte e a do sur de Galicia, supón un avance dos máis transcendentais que o noso país ten formulado. Porque un país funciona –diciámolo ó comenzo– aproveitando o potencial dos seus recursos endóxenos e aproveitando o seu capital humano.

Nós estamos investindo en capital humano, nos rapaces máis novos, pero tamén nas persoas maiores, que son as que teñen que estar capacitadas para dirixir todo ese gran proxecto estratéxico que é o país.

Esas dúas universidades novas, que se adscribirán ós núcleos centrais de Vigo e A Coruña, dotarán o País Galego dunha nova perspectiva de futuro. Dotarano de medios tan importantes que poden servir á nosa formación, ó noso estudo e, sobre todo, á aplicación de toda a investigación que alí se desenvolva.

A formación do profesorado e a creación desas dúas novas universidades supoñen, sen dúbida, unha decisión valente do meu Goberno, valente e decisiva para o país.

Loita contra o lume

Na protección do medio ambiente merece mención á parte a protección e loita contra os incendios forestais. Esta foi a primeira grande actuación abordada polo Goberno galego nos meses inmediatos á toma de posesión.

O esforzo foi intenso e sen acougo, pero os resultados pagaron a pena. De 205.392 hectáreas queimadas no ano 1989, das que 93.116 foron superficie arborizada, pasouse en 1992 a 12.326 hectáreas, das que só 2.768 foron superficie arborizada. En termos porcentuais, en 1992 reducíronse as hectáreas totais queimadas sobre 1989 nun 1.566 %.

Estes resultados foron froito da conxunción de varios factores: creación dunha organización operativa; incremento da dotación de defensa contra o lume; crecente resposta solidaria da sociedade galega diante do problema dos incendios forestais; maior coordinación no esforzo conxunto de tódolos organismos implicados na loita contra o lume en Galicia.

Gracias ó éxito da loita contra os incendios hoxe pode pensarse nunha política forestal que se está a converter nunha realidade cunha cuádruple dirección: establecemento nun novo modelo de monte; incremento da produción forestal; capitalización do monte; e mellora dos servizos de xestión e protección do monte.

Estre as accións destacan a produción de planta de boa calidade e a mellora xenética; reforestación de zonas rasas e queimadas; a creación de infraestruturas; a defensa contra as pragas e a extensión e divulgación forestal.

Non se pode falar de medio ambiente industrial se non se afronta con seriedade a eliminación de residuos xerados polo tecido industrial galego.

O Centro de Tratamento de Residuos Industriais de Galicia, xa adxudicado e de construción inmediata no Concello de Somozas, constitúe a acción responsable que o Goberno de Galicia acomete para resolver este problema. O centro, cun investimento de 2.300 millóns de pesetas, dos que 500 están presupostados neste ano, ten as máximas garantías, que se concretan na declaración favorable ó impacto ambiental, aprobada pola Comisión Galega de Medio Ambiente e recentemente publicada no DOG.

Este centro ten por obxectivo tratar e elimina-lo 85 % dos residuos xerados polas industrias de Galicia, o restante 15 % trátase de acordo co marco previsto no Plan de residuos tóxicos e perigosos do MOPU.

Citarei tamén, pola súa transcendencia, a eliminación controlada de aceites usados. En 1992 conseguimos eliminar 9.200 toneladas que antes eran vertidas ó chan, ás rías, ó mar ou queimadas incontroladamente.

O 16 de xaneiro do ano 1992 o Consello da Xunta aprobou o Proxecto de xestión de residuos sólidos urbanos. Para a posta en marcha deste consello creouse en abril do mesmo ano a Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA), a cal, logo da realización xa efectuada dun concurso de solucións tecnolóxicas, baixo a supervisión dun comité científico e técnico, que co apoio da COTOP está constituído por catedráticos especialistas da Universidade de Santiago, procederá con carácter inmediato á licitación pública das instalacións do Proxecto de xestión de residuos sólidos urbanos; é dicir, das plantas de tratamento e reciclado e máis da planta de eliminación

de residuos e de produción da enerxía eléctrica. As bases do prego serán obxecto de dictame especial pola Comisión Galega do Medio Ambiente, así como a solución tecnolóxica concreta que se seleccione no concurso público que se espera que poida ser adxudicado antes do verán.

En canto ó medio ambiente mariño, podemos citar igualmente como accións infraestruturais o Proxecto de recuperación de Cabo Silleiro, cofinanciado polo programa NORSPA da CEE.

As infraestruturas hidráulicas concretadas no abastecemento de auga ás poboacións, saneamento e tratamento de augas residuais, mellora de presas para o abastecemento, saneamento das vías, canalización e defensa de enchentas, tiveron tamén un impulso especialmente importante nesta lexislatura.

Abonde con destacar que, fronte ós 9.261 millóns de pesetas que se gastaron en obras hidráulicas no bienio 1988-89, o investimento no cuatrienio 1990-93 é de 36.000 millóns de pesetas, cun incremento medio anual de 94 % sobre 1989.

Dentro deste capítulo destacaría a acción de saneamento das rías, nas que se investiron 1.100 millóns de pesetas no bienio 1988-89 fronte ós 8.875 que se investirán con cuatrienio 1990-93. Malia o enorme esforzo realizado, queda moito por facer certamente, en especial a posta en pé dun plan de saneamento para toda Galicia, e maila integración do Plan de Galicia-costa no Plan Hidrolóxico nacional, co obxectivo prioritario de conseguilo aproveitamento integral dos recursos na súa respectiva conca.

Na infraestrutura en transportes o proceso investidor centrouse no remate das estacións de autobuses de Ponteareas, Vilalba e Viveiro, e no inicio das de Lalín e Noia, xunto ás accións de menor importancia cuantitativa, como a aplicación de marquesiñas cun investimento de 1.137 millóns de pesetas, ou a supresión de pasos a nivel, por importe de 695 millóns de pesetas.

Tamén debo destacar que nesta área o investimento medio nesta lexislatura é de 785 millóns de pesetas, e que supoñen unha diminución por unha vez do 11 %, feito que é obrigado mencionar.

A asunción de competencias sobre a sanidade permitiunos planificar as infraestruturas de acordo coas nosas prioridades, dentro dun marco financeiro rigoroso, pero co obxectivo de corrixir os déficits que nos revelan os indicadores sanitarios, co fin de equilibra-la asistencia sanitaria en tódalas áreas demográficas da nosa Comunidade.

As obras xa iniciadas no hospital comarcal de Verín, e o inmediato comezo do novo hospital clínico de Santiago, dos hospitais do Barbanza e do Salnés, e

o término do proxecto do hospital da Costa da Morte, constitúen a expresión dunha vontade decidida de corrixi-los déficits das instalacións sanitarias.

Debo destaca-lo hospital clínico de Santiago, cun investimento superior ós 10.000 millóns de pesetas, dotado con 793 camas, 20 quirófanos, 25 salas de diagnóstico por imaxe, 3 salas de parto, 29 locais de atención de urxencias, etcétera.

En obras de reforma, reparación e dotación de maquinaria e material para hospitais construídos investiranse 9.000 millóns de pesetas nesta lexislatura.

Cómpreme destacar igualmente o remate e posta en funcionamento do Centro de Especialidades do Ventorrillo (A Coruña), e mais da do Arquitecto Marcide (Ferrol), do Instituto Galego de Oftalmoloxía e do Centro de Hemo-doiación en Santiago.

En atención primaria construíronse 161 novos centros de saúde, que cos 23 que se terminarán neste ano, completarán un total de 184 nesta lexislatura.

Por último, debo sinala-la ampliación e mellora do equipamento informático, tanto nos servizos centrais coma nos hospitais da rede sanitaria.

O investimento total en infraestrutura sanitaria desde o primeiro de xaneiro do ano 1991 ata fin deste ano ascende a 16.793 millóns de pesetas, o que dá unha idea do enorme esforzo que estamos a realizar.

A implantación da LOXSE implica a necesidade de que a creación de centros educativos que permitan combina-la ampliación do ensino obrigatorio ata os 16 anos, coa potenciación da Formación Profesional e a súa adaptación ás necesidades do mercado de traballo.

Este fenómeno contraponse, por outra parte, coa diminución –preocupante baixo outros aspectos– da poboación escolar na EXB, que descende en case 50.000 rapaces durante a presente lexislatura, o que deu lugar a unha nova concepción de centros cunha menor masificación e con talleres, laboratorios, espazos educativos precisos para o desenvolvemento integral do individuo.

Isto implicou a diminución do ritmo das construcións escolares en EXB, compensado por un fortísimo incremento en ensino medio e Formación Profesional.

No ensino universitario, os investimentos na lexislatura dentro do plan de financiamento das universidades galegas ascenden a 7.796 millóns de pesetas. Debo citar igualmente o centro de supercomputación, de inmediata posta en funcionamento, resultado dun convenio co Consello Superior de Investigacións Científicas, que lles permitirá ás universidades galegas contar cun ordenador vectorial de inapreciable valor para a investigación científica.

Como apoio á xestión, foi posto en funcionamento o SESGA (Servicio de Apoio ó Sistema Universitario de Galicia) para a xestión académica das tres universidades e para a prescrición e selección de alumnos baixo o principio de distrito único.

Economía e industria

A reconversión do sector naval e as consecuencias que produciu no sector industrial de Galicia, fixeron patente a todos a debilidade do noso sistema industrial. A incorporación de España ó Mercado Común e as restricións que supuxo para o desenvolvemento económico do sector agroindustrial, fixéronnos ve-la necesidade dun cambio de estratexia, e a esixencia dunha nova política económica que tiña que ter por eixes necesariamente: a competitividade, a integración do noso sistema económico no exterior e o aproveitamento das nosas vantaxes diferenciais.

Fronte á tentación do victimismo e de laio ou o reproche ós demais, pretendendo atricherarse mirando cara a atrás, a política económica do noso Goberno foi moi clara.

En primeiro lugar, xa falei da ruptura de dotación da enerxía a precios competitivos.

Inmediatamente despois e non antes –xa que isto sería ilusorio– houbo que iniciar-lo camiño de conexión co exterior na dobre vía de atención de investimentos cara a Galicia e de exportación de produtos galegos.

Isto esixe tamén a elección dun determinado modelo de desenvolvemento. Galicia aposta pola pequena e mediana empresa, con series reducidas e produtos diferenciados por calidade e marca, pero coa dimensión suficiente para chegar a determinados segmentos dos mercados europeos internacionais.

Diferenciación, calidade e competitividade, aproveitando o noso potencial endógeno, deben, pois, constituír-los eixes do noso desenvolvemento.

De aí o Plan de solo industrial, con máis de 90 parques empresariais; o Plan de desenvolvemento comarcal, para detecta-las iniciativas viables de desenvolvemento local e a creación dun ente específico, o IGAPE, que terá como misión substancial:

Promover, fomentar e potenciar aquelas actividades económicas que favorezan o desenvolvemento equilibrado e integrado da Comunidade Autónoma.

Promove-la creación de empresas, especialmente pequenas e medianas, naqueles sectores da actividade económica que teñan maior impacto e vantaxes comparativas para o desenvolvemento da economía galega.

Favorece-la modernización e innovación tecnolóxica e organizativa das empresas e, en particular, das pequenas e medianas.

Fomenta-lo desenvolvemento da relación científica e tecnolóxica entre os centros universitarios, técnicos de iniciación e as empresas.

E por último, promover actividades creadoras de emprego que utilicen máis racionalmente os recursos propios de Galicia.

A actuación do IGAPE, creado en xullo do 1992, e que iniciou as súas actividades en xaneiro deste ano, desenvólvese a través dos seguintes programas: financeiro, de acción exterior, de competitividade e de formación.

Na súa primeira actuación, o IGAPE flexibilizou a aplicación do programa de apoio financeiro ás PEMES e redefiníronse os seus obxectivos e mecanismos de actuación, de acordo coa filosofía que inspira a creación deste ente, vital para o desenvolvemento de Galicia e que ten unha dotación inicial de 6.650 millóns de pesetas.

Outra liña de acción vai dirixida a diminuí-los desequilibrios intraterritoriais en infraestruturas básicas de carácter local e a facilitarlles ós pequenos municipios a utilización dos créditos do FEDER, que esixen cofinanciamento das corporacións locais, que non sempre son capaces.

Concrétase no Fondo de Cooperación Local, que sufriu unha profunda reestructuración en 1991 e que acentuou o seu carácter redistribuídor en favor das provincias do interior, con mecanismos obxectivos de asignación de recursos e unha grande flexibilidade e axilidade na súa execución.

A dotación do Fondo mantívose uniforme en toda a lexislatura con 3200 millóns de pesetas anuais.

Cómpre mencionar igualmente o Fondo de Compensación Interterritorial, que, como consecuencia das negociacións levadas a cabo pola Consellería de Economía, viu elevado o seu importe en 1993 en 5.000 millóns de pesetas con respecto á dotación de 1992, e os programas operativos FEDER, que contribuíron ó financiamento de accións infraestruturais a cargo das distintas consellerías.

A estratexia de industrialización de Galicia responde ós parámetros que sinala anteriormente ó referir a política económica.

Somos conscientes de que a renovación do tecido industrial debe facerse de forma paulatina, polo que os esforzos se canalizaron tanto ó mantemento dos sectores tradicionais de actividade, en tanto isto sexa posible, como á xeración do novo tecido industrial que responda ós retos do futuro.

Partindo das infraestruturas, tanto enerxéticas coma de comunicación, da posta en pé de forma progresiva dos parques empresarias, e de forma singular

do Parque Empresarial de Galicia xa comentado, e mais dos grandes parques ofimáticos da Coruña e Lugo, debo dicir que os esforzos se canalizaron cara ó fomento da investigación e da Formación Profesional, así como de cara á dinamización da área de Ferrol a través dun plan especial.

Debe destacarse igualmente o apoio ó sector naval a través do programa dirixido a subvencionar-la construción e reparación de todo tipo de buques construídos en estaleiros galegos, ou o convenio con PYMAR na mesma dirección.

O fomento da artesanía foi unha liña de acción singular que se apoiou especialmente na Lei 1/1992, de artesanía de Galicia, e no conxunto de accións que se desenvolverán con carácter inmediato para converter-la artesanía galega nunha peza importante do desenvolvemento económico.

A transferencia da formación ocupacional do INEM a Galicia, producida con efectos do 1 de xaneiro de 1993, vén situar en mans do Goberno de Galicia un instrumento fundamental para o noso desenvolvemento.

A competitividade das empresas e o incremento da produtividade dependen, en gran medida, dunha forza laboral eficiente e ben formada.

O crédito global previsto para accións de formación –7.700 millóns–, comparado cos fondos destinados en 1989 a esta finalidade –200 millóns– expresa a nova capacidade da Comunidade Autónoma para, a través deste programa, contribuír decisivamente ó desenvolvemento económico de Galicia.

O labor inmediato que realizar é a integración da formación regrada e da formación ocupacional nun sistema harmónico que atenda as novas necesidades que demandan as empresas e que combine a formación tecnolóxica e a flexibilidade –levan meses traballando nesto as consellerías de Educación e de Traballo–.

Iguamente han de considerarse as axudas á creación de postos de traballo, como medida específica de fomento de emprego, que seguiu a liña de anos anteriores, pero cun incremento moi importante na súa contía que ascende en 1993 a 1028 millóns de pesetas.

A estabilidade social constitúe un dos elementos básicos para garantir asemade a estabilidade das propias empresas e, en definitiva, a súa supervivencia. Cómpre destacar, respecto disto, á parte da constante política de concertación con resultados positivos, o acordo logrado no marco do Consello Galego de Relacións Laborais sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo, que debe ser completado con outro de igual natureza, para solucionar-los conflitos individuais.

Producción agroalimentaria e gandeira

Todos somos conscientes de que o futuro do sector primario en Galicia pasa por un sector lácteo moderno cunha estrutura empresarial e capaz de competir en rendemento, precio e calidade coas explotacións francesas, alemanas ou holandesas. Isto esixe unha profunda transformación das nosas explotacións, utilizando ó máximo os instrumentos comunitarios.

En función desta política, incrementáronse eses volumes cuantitativos de axuda para a modernización integral de explotacións e púxose unha énfase especial na utilización de medios en común en catro liñas de acción: uso en común de factores de produción; axudas de contratación de técnicos para a xestión de explotacións; subvencións á adquisición de material xenético seleccionado; e mellora da calidade do leite (testaxes, control da maquinaria de muxidura, capacitación de persoal, etc.)

Así mesmo, desde 1990 desenvolveuse un programa para que as explotacións leiteiras galegas reciasen as súas propias xovencas coas vantaxes conseguintes.

No sector da industrialización o obxectivo é claro: unhas industrias lácteas modernas e competitivas que transformen todo o leite producido en Galicia e que teñan unha presenza importante nos mercados nacionais.

Nesta liña, as subvencións a proxectos de creación, modernización e reestructuración de industrias lácteas ascendería a 5.217 millóns de pesetas, cun incremento medio anual sobre 1989 do 300 %.

Queda por cerra-la formación dun grupo lácteo galego que agrupe especialmente o sector cooperativo, ó que a Xunta de Galicia lle está prestando o máximo interese. Declaro de novo a vontade do meu Goberno de apoiar, con toda enerxía, a súa constitución, sempre que o sector sexa consciente de que o seu futuro pasa pola integración seria e responsable pola posta en común dos esforzos e iniciativas e de que as pequenas unidades non poderán resisti-la competencia dos grandes grupos nacionais e multinacionais.

Teño que facer unha mención especial á campaña de saneamento gandeiro, presuposto dunha política leiteira. Foi este un obxectivo claro de tódolos gobernos de Galicia. Nesta lexislatura deuse o último impulso que permitiu pasar do 83,3 % de explotacións saneadas en 1989 a case o 95 %, superándose os obxectivos marcados entre o MAPA e a Comunidade Autónoma. O investimento neste programa foi de 10.322 millóns na lexislatura.

Pode dicirse que hoxe Galicia presenta inmejorables condicións no aspecto sanitario, estando conseguida a erradicación da peste porcina clásica e mais

da africana; a ausencia de febre aftosa e a non aparición de ningún animal positivo á perineumonía e a práctica erradicación da brucelose.

Debo destacar igualmente, na liña da mellora da calidade, o Plan integral de mellora xenética e o control individual do rendemento leiteiro que afectará inicialmente a 50.000 vacas, sendo a súa extensión un obxectivo estratéxico claro para a transformación do sector vacún.

No sector agroindustrial (excluído o sector lácteo) subvencionáronse proxectos de creación, modernización e ampliación de industrias agrarias por 6.105 millóns de pesetas, especialmente na área de industrias cárnicas e vinícolas.

Esta acción contéplase como apoio á comercialización cun investimento no cuadrienio de 1.032 millóns de pesetas, o que supuxo un incremento anual medio sobre 1989 de case o 100 %.

Esta comercialización debe repousar sobre unha calidade recoñecida e estable.

As accións estratéxicas concretáronse en:

Protección da calidade a través dos consellos reguladores. Funcionan nestes momentos consellos reguladores de denominación de orixe para tres produtos; un órgano rector de produto galego de calidade (5 produtos) e un consello regulador de denominacións específicas (1 produto). Están en proceso de posta en funcionamento para cinco novos produtos os correspondentes consellos reguladores.

Promoción da calidade a través da existencia a feiras nacionais e internacionais, campañas específicas, semanas e quincenas provinciais en grandes superficies, campañas publicitarias baseándose na imaxe de personaxes famosos promocionando os nosos produtos, etc.

Control e mellora da calidade apoiando os consellos reguladores a través de programas de investigación, estudos sectoriais, de mercado, etc.

Pesca, marisqueo e acuicultura

Quizais é neste sector onde mellor se pode aprecia-lo labor dunha lexislatura. Os grandes obxectivos foron:

Incrementa-la produtividade pesqueira promovendo o progreso técnico, o desenvolvemento racional da poboación pesqueira e a optimización dos factores de produción.

Asegurar un nivel de vida adecuado ás comunidades pesqueiras.

Estabiliza-los mercados, asegura-la subministración de materias primas e asegura-los precios razoables ó consumidor.

Pero as principais accións que se puxeron en marcha para acadar estes obxectivos foron:

- Enche-lo baleiro lexislativo.
- A recuperación e preservación dos recursos e a renovación e modernización da flota e mais das industrias de transformación.
- A profesionalización do marisqueo e a súa evolución ó semicultivo, a erradicación do furtivismo e o control de calidade das augas.
- A posta ó día dos centros de formación e investigación e a creación dos novos centros.

Quixera determe, con breves pinceladas, en cada un destes aspectos.

O labor lexislativo foi profundo e esixente. A Lei de pesca de Galicia, en tramitación parlamentaria neste momento, constitúe o cumio dunha serie de disposicións legais plenamente vixentes e efectivamente aplicadas: Decreto regulador da actividade pesqueira das artes e aparellos permitidos; decretos de comercialización de produtos pesqueiros; Decreto polo que se establece un novo sistema de explotación marisqueira; Decreto de renovación de estruturas pesqueiras; de creación do rexistro de buques; de creación do rexistro de empresas halioalimentarias; de produto galego de calidade en pesca, marisqueo e acuicultura; Lei de infraccións en materia de protección de recursos marítimo-pesqueiros e a Lei reguladora de confrarías de pescadores, esta última en trámite parlamentario.

O apoio á renovación e modernización da flota e á creación, modernización, ampliación e innovación tecnolóxica das industrias de transformación dos produtos da pesca e acuicultura supuxo subvencións por importe de 6.280 millóns de pesetas no último trienio, que supuxeron investimentos superiores ós 24.000 millóns de pesetas.

Prestóuselle un apoio especial á promoción dos produtos da pesca, marisqueo e acuicultura. Púxose en marcha un programa integral de información e informatización das lonxas e iniciouse un programa para o deseño de buques prototipo para a flota galega con 18 modelos.

A conversión do marisqueo nunha actividade económica baixo o principio de explotación racional dos recursos naturais foi un labor atrevome a dicir titánico e tenaz.

A regulación en detalle do carné de mariscador e o establecemento do primeiro censo de mariscadores elabórase xa en 1990. O proceso concluirá neste ano co permiso de explotación e a determinación do número de mariscadores admisible en cada zona, o que permitirá falar xa do marisqueo como unha auténtica actividade profesional.

Quixera mencionar outras actuacións, como a regulación da extracción do percebe; a reordenación dos viveiros flotantes; os programas de acondicionamento de bancos marisqueiros; as sementeiros; o cultivo experimental de pectínidos; a limpeza e aproveitamento dos lodos procedentes das bateas ou o programa de prospección, análise e cartografado de macroalgas e ourizos.

Na recuperación e xeración de recursos cómpre mencionar especialmente os «paros biolóxicos» comezados en 1990, primeira experiencia en España dunha acción decidida nesta liña, e a rexeneración de bancos marisqueiros da ría do Burgo, lombos do Ulla, saco de Fefiñáns, esteiro de Vilanova, vao do Grove, praia de Tragove, enseada de San Simón, A Brenza, esteiro do río Anllóns, O Testal e río Abelleira.

Na mesma liña puxéronse tódolos esforzos na potenciación do Servicio de Inspección e Vixilancia Pesqueira, que viu multiplicados os seus medios, o que se traduciu nunha inspección, por primeira vez, seria, rigorosa e eficiente que mereceu o eloxio expreso da CEE.

O control da calidade do medio mariño foi especialmente reforzado nesta lexislatura con tres redes de control: detección e seguimento do fitoplancto tóxico; calidade das augas e control de biotoxinas en moluscos.

Esta acción diríxese a través do Centro de Control da Calidade do Medio Mariño de Vilaxoán, coa colaboración dos departamentos de Microbioloxía e Patoloxía das universidades galegas.

Por último, debo referirme á formación pesqueira e investigación. Teño que destaca-la remodelación do Instituto Marítimo-Pesqueiro do Atlántico, da Escola Náutico-Pesqueira de Ferrol e a creación de novos centros como a Escola Náutico-Pesqueira de Ribeira; o Instituto de Formación de Acuicultura da Illa de Arousa; a Aula de Seguridade e Supervivencia de Ferrol; o Centro de Investigación Marítima de Corón (reestructuración); o Centro de Cultivos Mariños de Ribadeo (reestructuración); o Centro de Experimentación e Acuicultura de Couso (reestructuración); o Centro de Calidade do Medio Mariño de Vilaxoán e o Centro de Interpretación do Ecosistema de Galicia de Corrubedo.

Certamente, queda moito por facer e estanse a dar xa os pasos nesa dirección: Plan de ordenación dos recursos pesqueiros e marisqueiros de Galicia; Plan de viabilidade da flota conxeladora e proposta de renovación da flota do Gran Sol, onde a Consellería lle ofrece a súa cooperación ó Goberno central para lograr facer posible a consolidación e mellora da nosa flota, ás que se suman o Plan de formación pesqueira e o Plan integral de salvamento e loita

contra a contaminación, de especial actualidade nestes momentos e que se atopan en período de elaboración.

Comercio, Turismo e Xacobeo 93

As cámaras de comercio, como corporacións de dereito público, desempeñan un papel estratéxico na promoción exterior dos nosos produtos. A Xunta de Galicia continuou a liña de apoio a estas institucións, en canto á dotación de infraestruturas e iniciou desde 1991 unha nova liña, a través de convenios, para apoiar-lo sector explotador.

O reto máis importante que debe afrontar-lo sector industrial galego é a súa apertura ó mercado exterior e, se ben os resultados son aínda absolutamente modestos, as cámaras demostraron a súa utilidade, conseguíndose artellar visións concretas. Chile, Alemaña, Rusia, México, foron protagonistas de misións comerciais galegas organizadas polas cámaras.

Outra acción singular no campo comercial foi o apoio a mercados minoristas e zonas peonís como instrumentos para a organización e potenciación do pequeno comercio.

As accións máis destacadas e ás que se dirixiron substancialmente os recursos económicos foron os recintos feirais e maila promoción comarcal. O recinto feiral de Cotogrande, en Vigo; o consorcio pro-feiras e exposicións cidade de Ferrol; as fundacións feirais de Silleda, Lugo, Ourense e A Estrada constitúen a concreción dun esforzo que supón un investimento pola Xunta de 3.488 millóns na lexislatura, cun incremento anual sobre 1989 do 3.459 %.

A promoción comarcal realizada directamente pola Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia merece igualmente ser destacada: a campaña «Galicia-Calidade», as sectoriais de xoiería, pedras ornamentais, téxtil-moda, produtos conserveiros e acuicultura, viños con denominación de orixe e pel fina, constitúen exemplos dunha acción na que se invisten 2.158 millóns, cun incremento medio anual sobre 1989 de 1.766 %.

As liñas da política turística que desde o principio da lexislatura se fixou o Goberno de Galicia céntrase nun só termo: turismo de calidade.

A evolución do sector vai claramente nesta liña. Así, nos tres últimos anos, pasouse dunha distribución ó 50 % entre os grupos de hoteis, hostais, pensións e casas de hóspedes, a outra na que os hoteis creceron un 34 %, mentres que o segundo diminuíu nun 0,53 %, destacando tamén as obras de modernización nos establecementos máis prestixiosos.

A diversificación de ofertas é outro dos eixes básicos. Turismo verde, turismo rural, congresos e convencións, turismo náutico e balnearios constitúen liñas que se están a potenciar por teren un clara proxección de futuro.

Algunhas liñas destas mencionadas son de especial complexidade pola necesidade de crear mentalidade empresarial e unha cultura específica na oferta, singularmente no turismo rural. Hoxe xa se pode falar dunha base seria: 16 proxectos en pazos, 65 casas de aldea e 8 casas de labranza constitúen o inicio dun sector claramente de futuro. A orde do 26 de febreiro de 1992, que regula esta modalidade de aloxamento, constitúe o instrumento básico que permitirá garanti-la calidade da oferta, acción á que debe engadirse a imaxe corporativa recentemente deseñada.

Con cargo ó programa FEDER, de recuperación cultural, subvencionouse non só a restauración do patrimonio en rutas de interese turístico-cultural, senón tamén o sector de balnearios. As accións concretas en Baños de Brea (Vila de Cruces), Lugo, Baños de Molgas, Caldelas de Tui e Mondariz permiten dispoñer dunha base sólida sobre o que é fundamenta-la expansión do sector.

O turismo de golf constitúe unha das liñas de máis futuro. Sen embargo, a acción empresarial vese enfrontada ás veces a rexeitamentos absolutamente incomprensibles que poden facer periga-la súa consolidación, case sempre politizados. Fronte a Cataluña, onde os campos de golf se reciben como unha expresión dunha actividade económica claramente dinamizadora, algúns queren resucitar aquela fatídica campaña contra a autoestrada que tanto dano lle fixo a Galicia, utilizando agora os campos de golf como pretexto. (Si, ben se sabe quen foi).

Dedicóuselle unha atención especial ó turismo náutico, apoiando os clubs para equipamento náutico así como a dotación de instalacións flotantes de amarre.

O investimento da potenciación do sector turístico foi de 7304 millóns de pesetas na lexislatura, cunha media de incremento anual sobre 1989 do 137 %, o que permitiu, entre outras moitas accións, a axuda á creación de 38 hoteis entre 1990 e 1992, e o apoio á reforma doutros 85, a creación de 17 campings e a reforma de 9.

Unha atención especial dedicóuselle ó Camiño de Santiago. O parador de Portomarín como acción propia –mentres se suprimía o que había polo Goberno socialista en Madrid en anos pasados– e o apoio dos novos hoteis en Sarria ou a hospedería do mosteiro de Samos, Sobrado e Oseira son algunhas das accións realizadas.

A promoción turística constituíu o eixe fundamental da actuación en materia de turismo.

Novos folletos, os vídeos de Galicia: «Ven e volverás», que obtivo o primeiro premio na bolsa de Turismo de Lisboa; o novo vídeo presentado en Fitur 93, «Galicia, o máis natural», publicacións, contactos con medios, xornalistas e escritores estranxeiros, etc., o noticiario turístico, o teléfono turístico, os novos guías de turismo recentemente acreditados, son outras tantas accións, ás que hai que engadi-la participación nas feiras de turismo máis importantes de Europa, visitas a Galicia de «tour operadores» e axentes de viaxe estranxeiros, o congreso de axencias de viaxe de España, a convención Multicolor-Iberia, «workshops» e «showcares» no estranxeiro e, sobre todo, a recente creación da Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia (Tour-Galicia), que asumirá a partir de agora o liderato da promoción turística e na que está representado o sector privado, todo isto implica un conxunto de accións que pouco a pouco comezan a da-los seus froitos –fomos tres anos seguidos primeiro premio do pavillón autonómico– e que deben converter en poucos anos o turismo nun dos sectores estratéxicos unido a outros, para o noso desenvolvemento.

Como xa saben as súas señorías, o Plan Xacobeo 93, aprobado por esta Cámara, constitúe a expresión dun conxunto de accións que, baseándose na relevancia histórica e cultural do Camiño de Santiago e na celebración, despois de once anos, dun novo Ano santo no 1993, se dirixen tanto á recuperación física do Camiño e á atención ós peregrinos, como á atención á poboación local da área do Camiño e, en definitiva, á promoción deste Camiño como instrumento da promoción económica, social e turística de Galicia.

Consello Xacobeo, Real Padroado da Cidade de Santiago e, a nivel autonómico, a Xunta de Galicia, especialmente a través da Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno, promoven, estimulan ou protagonizan as distintas accións.

Como accións concretas nesta lexislatura realizadas pola Xunta de Galicia destacan:

- A rehabilitación do Camiño francés nas provincias de Lugo e A Coruña; a rede de albergues no Cebreiro, Hospital da Condesa, Cavor, Barbadelo, Ventas de Narón, Ligonde, Mato-Casasnovas, Melide, Santa Irene, Palas de Rei, Arzúa-Ribadiso, O Pino, Portomarín e Gonzar, no Camiño francés; Mondoñedo no Camiño do Norte, e Tui, Pontevedra, Padrón e Ruta de Francos no Camiño portugués.

- A ordenación do Monte do Gozo, concibido coma unha gran área de acollida, cunha superficie global de 600.000 metros cadrados, unha capacidade total de aloxamento de 5.000 persoas e un auditorio de 30.000 localidades.
- A subvención ós mosteiros de Samos, Sarria, Sobrado e Oseira para habilitación de habitacións para albergue; os convenios co Arcebispo de Santiago e mais coa Universidade e en colaboración co Concello e a Administración central a través do Consorcio da Cidade de Santiago, e a construción do Pazo de Congresos de Galicia e do pavillón multiusos do Sar.

Cómpre destacar igualmente que o programa de dinamización socioeconómica do Camiño, cos plans de animación e sensibilización da poboación; o Plan de artesanía; a rehabilitación de vivendas para turismo rural; a creación de elementos e produtos turísticos; os centros de animación e desenvolvemento e o programa de dinamización cultural e acontecementos deportivos, expresan e sintetizan un conxunto de actividades que permitirán situar Santiago ou Galicia no centro de actuación nacional e internacional durante 1993.

O obxectivo que se persegue é claro: a articulación de plans de desenvolvemento de ámbito comarcal que integran a acción das administracións públicas que teñan competencias na área de que se trate, para logra-lo desenvolvemento económico e a ordenación do territorio e do medio ambiente.

Por acordo do Consello da Xunta do 9/1/91 iníciáanse os traballos nas comarcas de Ordes, Terra Cha, Valdeorras e Deza, ampliadas por acordo do 16/6/1992 a oito novas comarcas: Bergantiños, Ortegal, A Fonsagrada, Terra de Lemos, O Carballiño, Celanova, Pasadante e Tabeirós-Terra de Montes.

No próximo mes serán aprobados polo Consello da Xunta os plans definitivos daquelas catro primeiras comarcas e antes de fin deste ano rematarase a redacción das oito restantes, iniciándose igualmente en 1993 o estudo destas oito novas comarcas.

O plan prevese cunha duración de catro anos con revisión anual, e a medida que a experiencia adquirida permita acelera-los traballos, intensificarase o ritmo de actuacións con vistas a remata-la totalidade dos plans comarcais en 1996-1997.

A experiencia de Galicia está sendo seguida con atención en Europa a través da Comisión Permanente dos Poderes Locais e Rexionais do Consello de Europa, asumindo a nosa Comunidade, baixo os auspicios do Consello, a

realización dunha enquisa a nivel europeo sobre experiencias similares, co fin de fixar unha estratexia de desenvolvemento local que teña aplicación xeral.

Quero proclama-la firme vontade da Xunta de Galicia de levar a adiante o Plan de desenvolvemento comarcal coma vía idónea do desenvolvemento de Galicia, sobre unha base territorial, e baixo os principios de coordinación, diálogo e consenso.

O recoñecemento do feito diferencial do idioma galego foi plasmado no acordo coa Administración central que foi ratificado en xuño do 1992. Este acordo permitiralle a Galicia contar cun financiamento de case 10.000 millóns de pesetas no primeiro trienio, para normaliza-lo uso do galego e cunha anualidade consolidada a partir de 1995 de 2.000 millóns de pesetas.

A política de normalización lingüística coas liñas básicas que parten da lei aprobada en 1983 e que segue na súa esencia, contido e filosofía plenamente vixente, pero aplicándose poderá, a partir de agora, desenvolverse plenamente sen as limitacións que implicaba a restricción de recursos financeiros.

As liñas básicas de actuación xa estaban marcadas e en desenvolvemento. Procede agora, gracias ós medios conseguidos por este Goberno, a súa intensificación.

O programa Edal; a atención ós nosos emigrantes; a creación de lectorados xa feita en Oxford, Birmingham, Nova York; as cátedras de galego na Universidade da Habana ou en Deusto; o Centro de Estudos de Lingua e Literatura Galega de Oxford, etc., etc., son iniciativas xa desenvolvidas e que se potenciarán a partir de agora, ás que se debe engadi-la posibilidade de estudar galego como unha materia máis nos centros docentes españois no estranxeiro e os acordos a punto de concluír para incluí-lo galego na oferta educativa nas universidades de Buenos Aires, de Belgrado, de París e de San Petersburgo.

A acción interior foi intensa: potenciación dos equipos de centros educativos; apoio á Real Academia Galega; posta en marcha do Centro de Investigacións Lingüísticas de Galicia; utilización de medios informáticos para facilita-lo uso e a aprendizaxe da lingua galega e singularmente as campañas de normalización lingüística na Administración autonómica, a Administración local e a Administración de Xusticia.

Cara á sociedade civil a acción dirixiuse a potencia-lo uso do galego no campo da hostelería, o consumo, os transportes e os medios de comunicación. Este é un campo no que os recursos adicionais que proporcionou o convenio coa Administración central, xa mencionado, permitirán realizar unha acción moito máis intensa.

A recente creación do Instituto Ramón Piñeiro, como centro de investigación da lingua e a literatura galegas, permitirá afondar na defensa e enriquecemento do noso idioma.

Desenvolvemento da LOXSE

O desenvolvemento da LOXSE constituíu o eixe de traballo desenvolvido pola Consellería de Educación, en canto ós niveis non universitarios.

Baseándose nos traballos realizados polo Gabinete para o estudo da reforma educativa, regulouse o curriculum de educación infantil; os deseños curriculares base de educación primaria e infantil e as exemplificacións didácticas destas ensinanzas e de educación secundaria.

Implantouse o primeiro ciclo de educación primaria, a implantación gradual do segundo ciclo de educación infantil e anticipouse a educación secundaria obrigatoria en 41 centros da Comunidade Autónoma. Isto permitiu adiantarse en dous anos ó calendario previsto para a implantación da LOXSE.

Como accións singulares máis destacadas merecen citarse, en educación infantil, a creación de 62 unidades dedicadas especialmente á atención de nenos de 3 anos e a utilización, co mesmo fin, de 147 unidades existentes anteriormente. No curso 1992-1993 puxéronse en funcionamento 100 novas unidades de educación infantil.

Dedicouse unha atención especial á integración de alumnos minusválidos. 94 centros de EXB e 9 centros de ensino medio foron dotados de medios para facilita-la efectiva integración educativa destes alumnos nos centros ordinarios máis próximos ós seus domicilios.

Establecéronse liñas de colaboración coa Confederación Galega de Minusválidos (Programa Delfos) e coa ONCE para a atención dos deficientes visuais.

Como programas especiais débense citar: o de educación para o consumo, posto en marcha no curso 1991-1992 en colaboración coa Consellería de Industria e Comercio, e o de Educación para a Saúde (Programa de saúde bucodental e de coñecemento para a prevención da Sida) existentes anteriormente, pero xeneralizados a partir do curso 1992-1993. Débese citar igualmente a atención prestada á educación ambiental, con respecto á cal se formaron 500 profesores, enviouse material didáctico ós centros e desenvolveuse o proxecto de deseño curricular base da disciplina de Ciencias medioambientais e da saúde, que se imparte como optativa en 3º e 4º curso da educación secundaria obrigatoria.

En educación de adultos hai que cita-la Lei 9/1992, do 24 de xullo, o desenvolvemento da cal será impulsado polo Consello Galego de Educación e Promoción de Adultos.

En canto ó persoal docente hai que citar especialmente o acordo logrado en 1992 sobre novas retribucións, que permitirá unha mellora, ó peche do proceso no 1995, de máis de 15.000 millóns de pesetas. A isto débese engadi-la elevación dos complementos específicos para os órganos unipersoais de goberno postos de traballo docentes singulares.

A complexidade do sistema universitario de Galicia –3 universidades e 7 campus– require un consenso especial para evita-la disgregación e a duplicación de esforzos e para lograr, con pleno respecto á autonomía universitaria, un auténtico sistema no que se encaixen as novas titulacións e a creación de novas facultades, e no que a Universidade poida cumprir-lo seu labor fundamental de docencia e de fomento da investigación.

As características básicas do noso sistema universitario son: distrito único, totalidade de oferta de estudos, complementariedade dos distintos campus e corrección de desequilibrios de partida para garantir un nivel de calidade razoable.

Os obxectivos básicos de actuación concrétnanse en: coordina-lo sistema respectando a autonomía das universidades nos termos que establece a lei, e coordina-los recursos de investigación de Galicia deseñando un sistema de fomento do I+D, que sexa o motor do desenvolvemento productivo de Galicia.

Este Goberno tivo a honra e o compromiso de poñer en marcha o Plan de financiamento do sistema universitario de Galicia, aprobado na lexislatura anterior, que, á parte dos problemas de interpretación que analizará a Comisión parlamentaria de seguimento do plan, supuxo un incremento substancial dos créditos presupostarios destinados ó financiamento do sistema universitario, que ascenderon –excluída a construción de novos centros– a 53.122 millóns de pesetas, o que representa un incremento medio anual sobre 1989 do 86 %.

Correspóndelle agora ó Consello Universitario de Galicia a proposta do novo mapa de titulacións, que se deberá axustar ás necesidades de Galicia e que precisa das súas universidades como instrumentos estratéxicos fundamentais para o seu desenvolvemento tanto económico coma cultural.

Téñome que referir á necesidade de potencia-la I+D. Estamos traballando nesta liña e esperámo-la pronta aprobación por esta Cámara da Lei de investigación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia, que constituirá o elemento fundamental para o seu impulso.

Sanidade e Servicios Sociais

A transferencia do Insalud marca o inicio dunha nova etapa na sanidade galega. O gasto sanitario en Galicia, inferior á media nacional –un 20% menos en 1990–, foi incrementado no primeiro ano de xestión pola Xunta de Galicia, reducíndose o diferencial ó 9,36%, gracias ó maior incremento do SERGAS (18,94%) con respecto á media estatal do 9,22%.

O esforzo inicial mantívose nos anos seguintes, pasando os presupostos do SERGAS de 144.955 millóns en 1991 a 186.337 millóns en 1993, cun incremento neste período do 28,5%.

O proceso iniciado coas transferencias foi continuado coa integración na rede sanitaria de Galicia dos hospitais das deputacións provinciais: convenio coa Deputación de Lugo para a utilización do Hospital Provincial San Xosé, en 1992, e transferencia, en xaneiro de 1993, dos hospitais dependentes das deputacións provinciais da Coruña e Ourense. Isto permitiu a integración na rede do SERGAS de 1.100 novas camas. Pero débese engadir que non é soamente as que estaban, é que, neste momento, hospitais como o provincial da Coruña, que estaba a un nivel de ocupación dun 25%, está xa case a un 75%.

O obxectivo para 1993 é o traspaso do Hospital Municipal de Vigo e a adscrición funcional ó SERGAS dos hospitais dependentes da Deputación Provincial de Pontevedra, que, como digo, van por bo camiño.

Na estratexia de mellora do nivel de saúde da nosa poboación, elaboráronse, co horizonte 1993-1997, as «Bases para a elaboración do Plan de saúde de Galicia», do que se derivou o Plan de Saúde para Galicia, pendente da aprobación definitiva, do que se dará conta oportunamente ante esta Cámara e que identifica 17 problemas de saúde galega con atención prioritaria.

Como accións inmediatas acometidas, hai que destaca-la redución de listas de espera en máis de 8.000 pacientes e a intensificación deste esforzo en 1993 co obxectivo de reduci-las listas de espera cirúrxicas nun 40%, de que o 70% dos pacientes que entren na lista de espera sexan intervidos antes de 3 meses e de que, en ningún caso, ninguén tarde máis de 6 meses en ser operado.

Hai que destacar igualmente a creación das novas áreas de saúde en Valdeorras e no Salnés, a extensión da asistencia sanitaria ás comunidades galegas en Buenos Aires e Montevideo, a implantación da tarxeta sanitaria, que se iniciou no 1992 e das que se emitirán 100.000 en 1993 e a reorganización e potenciación da inspección sanitaria.

A potenciación do programa de loita contra as drogodependencias foi un obxectivo claro que encontra a súa tradución en que o tanto por cento do

incremento medio presupuestario na lexislatura sobre 1989 é do 79,2 %. A acción reforzase coa creación da Oficina do Comisionado, recentemente creada do Plan galego de drogodependencias, de conformidade co dictame da comisión non permanente desa Cámara.

Dedicamos unha atención especial á promoción da saúde, que podemos concretar nalgúns datos: «screening» de enfermidades metabólicas feito a un 97 % dos recién nados; 78.323 recoñecementos escolares no curso 1991-1992; as campañas de vacinación antigripal, o programa de detección precoz do cancro de mama, a realización de 92 programas de saúde ambiental e de saúde alimentaria, etc.

Tamén hai que menciona-la Oficina de Coordinación de Transplantes, que permitiu incrementa-los transplantes renais nun 82 % sobre 1989, a iniciación do programa de transplantes cardíacos (15 en 1991 e 21 en 1992) e a iniciación en 1993 dos transplantes de médula ósea.

A acción administrativa complementouse coa creación dos consellos asesores técnicos e o Plan galego de emerxencias médicas, que supuxo un incremento en 1993 do 1.737 % sobre o ano 1990 dos créditos para este servizo.

Os servizos sociais constitúen a auténtica expresión da solidariedade da sociedade cos máis desfavorecidos.

En canto ás accións realizadas na lexislatura, debo indica-las seguintes:

Ademais da función xa tradicional de xestiona-las pensións establecidas nas leis estatais, hai que cita-la Lei galega 9/1991, de medidas básicas para a inserción social, pola que se estableceu en Galicia o chamado salario social ou RISGA.

O nivel de solidariedade incrementouse fortemente nesta lexislatura. Así, os beneficiarios de pensións estatais pasaron de 32.143 en 1989 a 66.800 en 1992, cun incremento do 100 %, e as pensións pagadas de 9.322 millóns de pesetas a 23.823.

No primeiro ano de implantación, as pensións da RISGA foron 1.328, por 213 millóns de pesetas, calculándose en 1993 o número de beneficiarios en 3.058 cun gasto de 1.010 millóns.

Unha segunda liña de atención constitúea o convenio coa totalidade dos concellos de Galicia para a instalación de oficinas de orientación, información, axuda a domicilio, etc.

En 77 centros de servizos sociais realizáronse investimentos, cun gasto total de 5.403 millóns de pesetas, mantendo o mesmo nivel ca en anos anteriores e cun maior esforzo en gastos de mantemento que se elevaron nun 52 %, como media na lexislatura sobre o gasto de 1989.

A atención á terceira idade, concretada en prazas en centros residenciais, chegará en 1993 a 2.275 prazas, cun gasto en mantemento de 2.504 millóns, mentres que en 1989 só se chegaba a 1.226 prazas cun gasto de 1.171 millóns.

Os programas de atención de menores víronse igualmente incrementados, atendéndose en 1992 a 10.895, cunha previsión para 1993 de 11.950 nenos e cun gasto de 1.851 millóns de pesetas, o que supón un incremento sobre 1989 do 78 e 59 % respectivamente.

Redactouse e entrou en vigor o Plan integral de protección de menores con vixencia 1993-1996 e cun investimento global previsto de 11.243 millóns de pesetas.

Teño que mencionar igualmente as axudas a centros de iniciativa social e outras accións que supuxeron en 1992 un gasto de 2.617 millóns de pesetas cun incremento sobre 1989 do 93 %.

O Instituto para a Promoción da Igualdade do Home e da Muller, creado pola Lei 3/1991, realizou en 1992 unha importante acción cun presuposto de 126 millóns, que pasou en 1993 a 326 millóns de pesetas, o que implica xa unha capacidade plena de acción no cumprimento dos seus obxectivos.

Por último debo destaca-la Lei de servicios sociais, aprobada moi recentemente por esta Cámara, que vai representar unha profunda reestructuración e potenciación dos servicios sociais, cunha forte redistribución de competencias a prol das corporacións locais, de acordo cos principios da Administración única, a potenciación do voluntariado social e, en definitiva, a ordenación racional e a coordinación de todo o sistema de prestación de servicios sociais na nosa Comunidade.

O Plan cuadrienal de vivenda e solo 1990-1993 supuxo un impulso fundamental desta política. O investimento na lexislatura ascenderá a 35.485 millóns de pesetas, cun investimento medio de 8.971 millóns, que supoñen un incremento sobre 1989 do 119 %.

En vivendas de protección oficial continuouse o esforzo de anos anteriores, cun incremento do 18,78 % sobre 1989, debendo destacarse o esforzo realizado en rehabilitación de vivendas no medio rural, con 29.766 proxectos subvencionados, o que supón un 84,5 % de incremento medio sobre 1989.

A acción para o futuro incardínase no Plan de solo residencial, pensado especialmente para as sete grandes cidades de Galicia e que debe permitirla iniciación, no quadrienio 1994-1997, de 45.000 novas vivendas en Galicia.

A acción básica que debe fundamentar calquera estratexia de protección concrétese na realización do inventario do noso patrimonio histórico. Por esa razón, incrementáronse considerablemente os créditos para esta acción, pasando de 61,5 millóns de pesetas no 1989 a 209 no 1993. Os obxectivos inmediatos son a presentación perante esta Cámara do Proxecto de lei de patrimonio histórico galego e a creación dunha base de datos do patrimonio á que poida acceder calquera interesado.

A intervención no patrimonio histórico en obras de conservación, restauración e rehabilitación, intensificouse singularmente en 1993, pasando de 907 millóns en 1989 a 1.500 en 1993, sen conta-los fondos adicionais do 1 % cultural.

Na promoción e difusión do patrimonio histórico, que anteriormente tiña un carácter testemuñal, hai que cita-la exposición «Galicia no tempo», que supuxo un esforzo financeiro importante (500 millóns de pesetas), pero que se viu absolutamente compensado ó permitir coñecer unha pequena parte do rico patrimonio cultural que se conserva, e que será seguida neste ano con dúas grandes mostras: «Santiago en América» e «Os camiños de Santiago», con motivo do Xacobeo 93.

Na área de promoción cultural e artes plásticas hai que destaca-lo apoio en equipamentos e infraestrutura a diversos concellos de Galicia, o que se permitiu construír máis de 30 casas da cultura.

A posta en marcha do Centro Galego de Artes da Imaxe, o Congreso internacional da cultura galega sobre Álvaro Cunqueiro, as Xornadas Santiago-camiños de Europa, o Encontro de dous mundos, as semanas de Galicia, etc, son outras tantas mostras da acción de promoción, difusión e animación cultural.

En teatro, música e danza hai que destaca-la posta en marcha do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais, que integra o Centro Dramático Galego, a Xove Orquestra de Galicia e o Ballet Galego Rei de Viana.

Na área de bibliotecas conseguiu-se que tódolos núcleos superiores a 2.000 habitantes, agás seis localizados na Coruña e Pontevedra, dispoñan de biblioteca pública, potenciándose o sistema de bibliotecas móbiles e outras accións como o Catálogo de fondos bibliográficos dos séculos XVII e XIX ou a campaña de promoción da lectura, que experimentou un incremento medio na lexislatura sobre 1989 do 157 %.

As liñas básicas de acción dirixidas a reforza-los lazos cos nosos emigrantes, tanto no plano cultural coma no de integración e de solidariedade, pasaron por unha profunda reestructuración administrativa baseada na desconcentración e na participación activa das nosas comunidades no exterior na xestión dos

diversos programas que, á súa vez, se racionalizaron e adaptaron ás necesidades que hoxe en día presentan os nosos emigrantes.

Os grandes programas nos que se estruturou a acción da Xunta de Galicia, foron os de: Acción asistencial e social, acción formativa, acción cultural, acción xuvenil e asistencia estrutural, funcional e equipamento de centros.

Entre as accións significativas, debo destaca-las 8.650 axudas concedidas a anciáns e discapacitados en casos de recoñecida necesidade (en 1989 concedéronse 15 axudas), o apoio ós centros asistenciais prestados polas comunidades galegas ós seus asociados e os programas de estadias en Galicia para reencontros familiares con 3.000 participantes na lexislatura, pasando de 107 en 1989 a unha media no cuadrienio de 755.

Hai que destaca-los programas de axudas para estudos universitarios en Galicia, cursos de formación profesional e ocupacional ou os cursos de lingua, literatura, historia ou cultura galegas, nos que participaron 3.759 alumnos, ou os de campamentos e cursos de animación xuvenil, que beneficiaron a 3.700 mozos –repito– fillos de galegos no exterior.

Xuventude e deporte

A política de mocidade centrouse nun esforzo, desde a perspectiva interna, de coordinación, a través da creación da Comisión Interdepartamental para a Xuventude, e, desde unha perspectiva externa, dirixida a incrementa-la participación dos mozos e a prestación de servizos..

Prestouse unha atención especial á mellora e reparación das instalacións, cun incremento medio na lexislatura sobre 1989 do 478 %. Tamén en construcións xuvenís, cun incremento do 265 %, en axudas a concellos para actividades xuvenís e en xeral cun maior esforzo en tódolas liñas de actuación sobre os valores anteriores.

A creación de cinco oficinas TIVE, o «carné xove», a residencia xuvenil de San Lázaro, a punto de ser inaugurada, os campamentos de Sarria, Palas de Rei e Melide e a ampliación do Eixo Garay en Lugo e do Altamar en Vigo, son algunhas das accións realizadas, así como a mellora das condicións de habitabilidade de albergues, residencias e bases de acampada e todo o conxunto de actividades dirixidas a fomenta-las campañas de verán, de xuventude ou de turismo de mozos.

O Plan de infraestruturas deportivas foi o eixe de actuación da Xunta de Galicia, xa que hai que partir de que non se pode falar seriamente da práctica do deporte se non hai instalacións adecuadas para iso.

Os grandes obxectivos en materia de infraestrutura deportiva foron os seguintes:

- Que tódolos concellos que contén con máis de 5.000 habitantes dispoñan dun polideportivo cuberto. Ó final da lexislatura estará conseguido este obxectivo.
- Que tódolos municipios de máis de 20.000 habitantes contén cunha piscina cuberta. Conseguido, agás cun concello.
- Que tódolos concellos de máis de 25.000 habitantes contén cunha pista de atletismo. Conseguido, agás cun concello.
- Ampliación de instalacións deportivas nas sete cidades máis importantes de Galicia.

Ademais, téñense que citar obras singulares de especial importancia: pazo dos deportes de Lugo, ampliación do INEF de Galicia; velódromo do Porriño e o centro de tecnificación deportiva Monterrei.

Como obras en construción: o estadio multiusos de Santiago de Compostela, o complexo deportivo de Ferrol e o parque deportivo de Acea de Ama.

Cómpre subliñar, igualmente, a concesión de 443 subvencións a concellos para obras deportivas elementais.

O esforzo financeiro foi notable. En infraestruturas deportivas propias o incremento medio anual sobre o 1989 foi do 117 % e en subvencións para instalacións deportivas, o incremento é do 128 %.

O fomento da actividade deportiva tivo un especial impulso, tanto o dirixido ás federacións coma o dirixido ós máis de 4.000 clubs federados de Galicia. En termos financeiros, o incremento medio anual foi do 77 % para federacións deportivas e do 420 % para clubs.

Hai que mencionar tamén as axudas a clubs de alto nivel, a dirixida a centros docentes para fomento da actividade deportiva en idade escolar (incremento do 176 %), as axudas a concellos para campañas de promoción, torneos etc.

O deporte de alto nivel e o ensino deportivo encadráronse tanto na Escola Galega do Deporte e no Centro de Tecnificación Deportiva de Pontevedra, coma no INEF de Galicia, do que saíu en 1992 a primeira promoción de licenciados.

O investimento realizado de 18.593 millóns de pesetas foi sobre bases obxetivas, e incluíu as achegas das catro deputacións galegas, en virtude dun convenio asinado en 1992 e non con técnicas dixitais como outros prefiren.

Protección civil e salvamento marítimo

A situación de partida ó comezo da lexislatura era realmente penosa. Dúas persoas constituían tódolos efectivos, e os medios físicos non eran senón dous pequenos despachos.

Nun esforzo constante e tenaz púxose en pé unha organización básica de protección civil que, aínda que insuficiente, permite unha mínima resposta ante unha situación de emerxencia.

Na súa máis pura concepción técnica, a protección civil é un servizo público especificamente concibido para a protección física das persoas e bens, en situación de risco colectivo ou calamidade, na que a vida das persoas pode perigar ou sucumbir masivamente.

Hoxe en día cubríronse as fases de previsión coa análise e estudo de riscos sector por sector, a de prevención coa adopción de medidas para evitar ou diminuí-las situacións de risco e as de planificación. Cubríronse igualmente as de intervención e as de coordinación, todas elas nos seus aspectos básicos, e cun cumprimento do 100 na área de planificación.

Ten que destacarse o servizo SOS Galicia, que mereceu a estima e o respecto da gran maioría da poboación de Galicia e que contribuíu a salvar moitas vidas humanas. Os recursos investidos na lexislatura ascenden a 1.723 millóns de pesetas.

Se o labor desenvolvido polos helicópteros do SOS en Santiago de Compostela e Monforte se ten que considerar como exemplar, aínda máis cabería dicir dos helicópteros e do remolcador dotados especificamente pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, para o salvamento marítimo. Este servizo non só está integrado dentro do SOS Galicia como unidade específica, senón que tamén se coordina perfectamente cos medios da Mariña Mercante Española dentro do Plan nacional de salvamento. Igualmente, dentro do ámbito da Consellería de Pesca, coordinanse, así mesmo, cos medios do Servizo de Inspección Pesqueira. Existe así unha rede integrada que garante a posta en común de tódolos medios e a súa flexibilidade para acceder alí onde unha emerxencia o demande.

Teñen que citarse, ademais, en materia de seguridade marítima, outros convenios coa Administración central para situar un remolcador de altura na zona do dispositivo de separación do tráfico marítimo de Fisterra; a promulgación da normativa sobre seguridade a bordo de embarcacións de pequeno porte e a habilitación do Servizo de Inspección Pesqueira para realizar inspeccións en materia de seguridade a bordo, así como o convenio de colaboración coa Cruz Vermella.

As campañas de mentalización reveláronse como un instrumento moi útil para concienciar-nos os nosos traballadores do mar, especialmente a campaña denominada «Rumbo á seguridade» acompañada con subvencións para a adquisición de medios de seguridade nas embarcacións.

Hai que citar especialmente, ante a realidade da perda de vidas humanas, o seguro de accidentes contratado pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, que ten como beneficiarios a tódolos mariñeiros galegos que faen en calquera zona do mundo e baixo calquera pavillón, ós mariscadores, ós traballadores de bateas ou ós membros da Cruz Vermella que se accidenten en labores de salvamento marítimo. Hoxe está fixada a indemnización en tres millóns de pesetas, con dereito de recibir unha bolsa anual de 200.000 pesetas os fillos de ata 22 anos. Todo isto fíxose por primeira vez na nosa Comunidade.

Teño que citar, por último, os esforzos realizados en formación de seguridade, que abranguen desde o seu carácter de disciplina independente e obrigatoria, ata a celebración e cursos de todo tipo na aula de seguridade e supervivencia de Ferrol.

O investimento total en materia de seguridade marítima, durante a lexislatura, ascende a 2.612 millóns de pesetas.

O accidente do petroleiro «Mar Exeo» puxo de manifesto a necesidade de reforzar os mecanismos de seguridade marítima, especialmente no acceso ós grandes portos.

Se ben a colaboración ente tódalas administracións e a busca dunha solución negociada permitiu facer fronte con rapidez e firmeza ás importantes e graves consecuencias que este accidente produciu nos sectores da pesca, marisqueo e acuicultura, Galicia non pode aceptar que sectores vitais da súa economía non gocen aínda da protección necesaria xa que non está garantido que accidentes da mesma natureza non se poidan repetir.

Sen dúbida, a comisión de investigación aprobada recentemente por esta Cámara contribuirá a esclarecer as causas que produciron o accidente e permitirá propoñer aquelas medidas que sexan precisas para a súa incorporación ó Plan de seguridade marítima, que está elaborando o MOPT, e que debe restaurar a confianza na seguridade dos nosos portos.

O Decreto 394/1990 e a súa orde de desenvolvemento do 13 de agosto de 1990, supuxeron un importante reforzamento das medidas dirixidas a evitar accidentes de traballo.

De acordo con estas normas, desenvóléronse plans operativos de traballo para comproba-lo cumprimento da normativa en materia de seguridade e



Fraga defendeu as numerosas accións do Plan Xacobeo 93 que impulsou o conselleiro Vázquez Portomeñe durante todo o ano e situaron a Santiago de Compostela no mapa internacional.

hixiene no traballo nos sectores de alto risco (construcción, pesca, lousas e canteiras, construcción naval, etc.), así como nas actividades que puidesen xerar contaminación industrial.

Conseguiuse para-la curva do crecemento de accidentes laborais, acadándose en 1992 un descenso do 6 % sobre o ano anterior.

Desenvolvemento institucional

Na presente lexislatura conseguíuse un obxectivo fundamental para a consolidación da autonomía: a constitución do Consello de Contas e do Valedor do Pobo. Ambas institucións funcionan xa con plena normalidade, exercen con plenitude a misión que lles asigna o Estatuto de autonomía e as súas leis constitutivas e xa están moi decentemente instaladas.

Nos anexos que están á disposición das súas señorías –estaran a finais desta intervención miña–, teñen unha ampla referencia sobre os múltiples contactos e encontros que mantiven durante esta lexislatura co obxecto de reforza-los lazos coa Galicia exterior (Arxentina, Uruguai, Brasil, República Dominicana, Porto Rico, Panamá, Cuba, en América –dos cales varios xefes de estado viñeron ou están a punto de vir–; Suíza, Francia, Bélxica e Alemaña, en Europa) ou cos galegos que viven noutras comunidades autónomas, para promociona-la economía de Galicia (Brasil, México, Berlín, París, Bélxica, Lisboa ou a propia Casa de Galicia en Madrid), a celebración de encontros de carácter cultural e educativo (cátedra de Lingua galega en Oxford ou os actos en honor de Valle Inclán na galería Mall de Londres), os convenios de colaboración con outras comunidades autónomas ou con outras rexións europeas (Asturias, Castela-A Mancha, Pays de la Loire, Piamonte, Bretaña, Essex ou a Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal) e a participación de Galicia nos organismos internacionais (viaxes a Munich, Rochefort, Rennes, Bruxelas, Burdeos, etc).

Todo iso permitiu unha presenza crecente de Galicia no mundo e o estreitamento de lazos, non só cos países hispanoamericanos, senón tamén coas principais rexións europeas, e sobre todo cos galegos alí residentes que especialmente o agradecen.

As liñas específicas de actuación foron as tradicionais, se ben cunha maior intensidade, singularmente no que se refire á normalización lingüística e ás subvencións para casas consistoriais.

Como acción nova deben sinalarse as subvencións xa mencionadas nas comarcas piloto para a posta en marcha do novo sistema de contabilidade,

que comprende a realización do inventario e un apoio xenérico ás catro deputacións para a informatización de tódolos municipios de Galicia.

Ademais das liñas xa iniciadas na lexislatura anterior, de informatización de órganos xudiciais e de subvencións para pequenas infraestruturas, cómpre destacar as novas liñas de colaboración coa Administración de xusticia: subvencións a institucións xurídico-administrativas, normalización lingüística, apoio á creación e funcionamento do Instituto de Medicina Legal e apoio á recopilación e publicación da xurisprudencia do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia.

Con estas accións conseguíuse a case total informatización dos órganos xudiciais e avanzouse espectacularmente na normalización lingüística, avance que se consolidará neste último ano ó se incrementaren substancialmente os créditos a través de convenios coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, con cargo ás súas novas posibilidades.

Hai que destacar igualmente a acción en materia penitenciaria. Seguen pendentes infraestruturas de gran importancia para Galicia como a adecuación do Tribunal Superior de Xustiza e a nova Audiencia Provincial da Coruña, entre outras, que lle corresponde realizar ó Ministerio de Xusticia; pero a falta de investimento neste terreo en Galicia dificulta a reclamación de transferencias, sendo xa achegados por nós terreos para a realización dalgunha destas obras.

O convenio co Ministerio do Interior, polo que se lle adscribe a Galicia unha unidade de Policía Nacional, permitiu unha política de seguridade propia da Comunidade Autónoma.

Se ben os efectivos iniciais son moi reducidos, a próxima incorporación de novos axentes permitirá abranguer as áreas estratéxicas que lle interesan especialmente a Galicia, ademais das básicas de protección da sede das institucións autonómicas e da protección de autoridades. Xa outras comunidades como Valencia seguiron o modelo galego.

Durante 1993 ampliáranse e reforzáranse os seguintes dispositivos policiais: Equipos operativos de intervención policial en apoio do Servizo de Inspección e Vixilancia Pesqueira; grupos operativos de investigación e intervención policial contra incendios forestais; equipos operativos de investigación e resposta policial do medio ambiente e policía de xogo.

Así mesmo, prestaráselles apoio a outras accións: transporte policial de emerxencia prioritaria (apoio a traslado de órganos humanos entre hospitais) e a protección de menores.

En materia de seguridade, teñen que citarse igualmente as leis 3/1992 e a 4/1992, de coordinación das policía locais e de creación da Academia Galega

de Seguridade, respectivamente, que van permitir, na súa posta en marcha, unha mellor cualificación profesional e unha maior eficacia no servizo que prestan as policía locais de Galicia, bombeiros e voluntarios de protección civil.

Os dous grandes obxectivos nesta área están constituídos pola racionalización e simplificación de procedementos administrativos e a súa informatización integral e pola regularización da función pública autonómica.

O primeiro aspecto está xa na fase de implantación efectiva en tódalas dependencias administrativas do novo sistema de xestión, e implicou a instalación de 45 ordenadores departamentais, 97 redes locais cun total de 790 ordenadores persoais e 400 impresoras; o desenvolvemento de 1.300 programas informáticos; a impartición de cursos a máis de 1.200 persoas e a posta en pé dunha rede de datos que cubra tódalas dependencias da Xunta de Galicia.

En canto á regulación da función pública, celebráronse oposicións a tódolos corpos xerais, con 3.092 prazas convocadas e 3.084 aprobadas: Os novos funcionarios xa tomaron posesión, así como os trasladados como consecuencia do primeiro concurso xeral que celebrou a Comunidade Autónoma, no que obtiveron novo destino máis de 2.000 funcionarios.

Cerráronse así os aspectos básicos da regularización da función pública; queda unicamente a celebración de oposicións a corpos especiais, xa convocada, que quedará ultimada antes da fin da lexislatura.

A Escola Galega de Administración Pública merece unha atención especial xa que se converteu, en pouco tempo, nun instrumento imprescindible e eficaz para o perfeccionamento do persoal ó servizo a Comunidade Autónoma e da Administración local.

Desde a súa creación, asistiron ás 344 actividades organizadas 17.880 funcionarios, impartíronse 11.290 horas lectivas e colaboraron coa EGAP 998 profesores.

Estableceu convenios cos centros de formación máis prestixiosos nacionais e estranxeiros, é membro da rede europea de centros de formación e foille asignada a celebración do IV Seminario Internacional dos centros de formación local e rexional de toda Europa.

O labor lexislativo realizado nesta lexislatura foi especialmente intenso.

A Lei 4/1991, de reforma da Función Pública que posibilitou a celebración do concurso xeral e a celebración das primeiras oposicións da Xunta de Galicia, complementada pola Lei de escalas e a Lei 8/1982 de obrigatoriedade de coñecemento do galego. En materia económica e financeira, as leis de presupostos e a Lei de réxime financeiro e presupostario de Galicia; as leis de

modificación das normas que regulaban o Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais e as fundacións de interese galego; a Lei de igualdade do home e da muller; a Lei de medidas básicas para a reinserción social; a Lei de educación e promoción de adultos; as leis de infraccións en materia de pesca e de disciplina turística; a lei de pesca fluvial; as leis de tributación sobre o xogo, e a de taxas, precios e exaccións; a Lei de coordinación de policía locais e a de creación da Academia Galega de Seguridade; a Lei de reorganización do SERGAS e a Lei de creación da área do Salnés; as leis de artesanía de Galicia, a de creación do IGAPE e a Lei de modificación da Lei electoral galega, todas elas constitúen a expresión do labor dunha lexislatura.

O futuro inmediato

Despois desta revisión ó labor dunha lexislatura, é imprescindible que reflexionemos sobre cales van se-las liñas de futuro, logo da análise sobre a situación actual.

¿Onde estamos e que fixemos?

Hoxe España está sumida nunha grave crise económica, cun paro crecente, e, sobre todo, está desorientada.

O fracaso dunha política económica baseada nunha concepción puramente monetarista e na especulación e o negocio fácil é hoxe evidente para todos.

A falta de ideas, de liderado e de credibilidade que caracterizan hoxe a política económica nacional, terá que ser emendada, e estou seguro de que o pobo español saberá toma-la decisión máis conveniente.

A crise xeral repercutiu necesariamente en Galicia nun momento delicado, xa que aínda non se desenvolveron as potencialidades resultado das accións que emprendemos, e os sectores tradicionais revélanse cada vez máis débiles.

Quédannos aínda dous anos duros, difíciles, ata o final de 1995, nos que teremos que esforzarnos, e eses esforzos terán que dividirse entre apontoa-lo pasado e facer emerxer firmemente o futuro. A pesar de todo, seguimos sendo profundamente optimistas.

Témo-lo rumbo claro e unha man seria e firme no temón. Sabemos a onde queremos ir e puxemos en pé as accións necesarias para acada-los obxectivos, sen falsas ilusións, sen demagogia e si con ideas claras, mirando cara a adiante e sobre todo con confianza no noso pobo, na súa capacidade de iniciativa e de innovación, na súa sobriedade e firmeza.

Se a primeira lexislatura se caracterizou por centra-los esforzos na ruptura do illamento e pola dotación xeral de infraestruturas, sen esquecer todas e

cada unha das áreas de xestión, como demostrei polo miúdo, a próxima lexislatura, se o pobo quere, será, necesariamente, a do desenvolvemento económico de Galicia, queiran ou non os que non teñen alternativa. É evidente que un Goberno central, sensible ós nosos formulamentos, faranos máis fácil e rápido o proceso de transformación, pero, en todo caso, Galicia, con máis ou menos esforzos, saberá conquista-lo seu futuro.

A innovación tecnolóxica, a apertura ó exterior, a diversificación, a calidade, e a competitividade dos nosos produtos depende de nós e da nosa responsabilidade.

Cremos no futuro de Galicia e avanzaremos firmemente cara a el. Nese futuro terá que encaixarse necesariamente a consolidación do Estado das autonomías.

A proposta de Administración única que tiveron o honor de presentar perante esta Cámara en anteriores debates e que foi deseñada en tódolos seus perfís nun pleno especial está calando na sociedade española, que a ve na súa auténtica dimensión: unha proposta para racionaliza-lo funcionamento das administracións públicas, eliminando as duplicidades administrativas e facendo máis eficaz o conxunto delas.

A proposta de Administración única á que lle hai que engadi-las relativas, que xa irán vindo por aquí, á necesaria reforma do Senado para convertelo nunha auténtica cámara territorial, a conferencia do presidente do Goberno cos presidentes das comunidades autónomas, o Consello Económico e Social verdadeiro, tal como o deseñou a Constitución e a articulación da participación das rexións na Comunidade Europea, constitúen xa as achegas que desde Galicia se fan para lograr un Estado das autonomías máis eficaz, máis forte e que responda mellor ás necesidades e aspiracións de tódolos españois. E diso seguiremonos ocupando.

Moitas grazas, señor presidente.

Moitas grazas, señorías.

Títulos da colección
**DISCURSOS
PARLAMENTARIOS**

Xerardo Fernández Albor

Primeira e segunda lexislatura
(1982-1987)

Fernando González Laxe

Segunda lexislatura
(1987-1989)

Manuel Fraga Iribarne

Terceira lexislatura
(1990-1993)

Manuel Fraga Iribarne

Cuarta lexislatura
(1993-1997)

Manuel Fraga Iribarne

Quinta lexislatura
(1997-2001)

Manuel Fraga Iribarne

Sexta lexislatura
(2001-2005)

Emilio Pérez Touriño

Sétima lexislatura
(2005-2009)

Alberto Núñez Feijóo

Oitava lexislatura
(2009-2012)

En preparación

Alberto Núñez Feijóo

Novena lexislatura
(2012-2016)



PARLAMENTO
DE GALICIA

